



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 74

V lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 29 de setembro de 1999

Presidencia do Excmo. Sr. D. José María García Leira

ORDE DO DÍA

Punto único.- Debate de política xeral: informe do Sr. presidente da Xunta de Galicia para expoñe-la situación política da Comunidade Autónoma de Galicia, debate e propostas de resolución (doc. núm. 10.598).

SUMARIO

Reiníciase a sesión ás catro e trinta e cinco minutos da tarde.

Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Xunta para expoñer-la situación política da Comunidade Autónoma de Galicia, debate e propostas de resolución. (Punto único da orde do día.) (Continuación.)

O señor presidente explica o procedemento para o desenvolvemento deste debate. (Páx. 5.614)

O señor secretario (Pedrosa Vicente) dá conta das propostas de resolución presentadas polos GG.PP. Mixto, dos Socialistas de Galicia, do Bloque Nacionalista Galego e Popular de Galicia e das admitidas pola Mesa. (Páx. 5.614)

Defensa das propostas de resolución: Sr. Pazos Varela (Mx.) (Páx. 5.614) e Sr. Méndez Romeu (S). (Páx. 5.621)

O señor presidente da Xunta intervéñ para rectificacións. (Páx. 5.623)

Defensa das propostas de resolución (continuación): Sra. Villarino Santiago (S). (Páx. 5.623)

A señora conselleira de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude intervéñ para aclaracións. (Páx. 5.626)

Defensa das propostas de resolución (continuación): Sr. Rego González (S). (Páx. 5.627)

O señor conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo intervéñ para aclaracións ó señor Rego González. (Páx. 5.630) Observacións do señor Rego González (S) en relación co tema. (Páx. 5.630)

Defensa das propostas de resolución (continuación): Sr. Suárez Canal (BNG) (Páx. 5.630). Sr. Casares González (P). (Páx. 5.635)

Suspéndese a sesión ás seis e cincuenta e cinco minutos da tarde e reiníciase ás oito e catorce minutos.

Rolda de grupos para fixar posicións respecto das propostas de resolución dos demais: Sr. Pazos Varela (Mx.) (Páx. 5.642), Sr. Rego González (S) (Páx. 5.644), Sr. Suárez Canal (BNG) (Páx. 5.647) e Sr. Casares González (P). (Páx. 5.649)

O señor presidente intervéñ en relación co taboleiro das votacións. (Páx. 5.651)

Votación das propostas de resolución núms. 1, 2 e 3 do G.P. Mixto: rexeitadas por 30 votos a favor, 40 en contra e 1 abstención. (Páx. 5.652)

O señor Pazos Varela (Mx.) le o texto definitivo transaccionado da proposta de resolución núm. 4 do G.P. Mixto. (Páx. 5.652)

Votación do texto definitivo transaccionado da proposta núm. 4 do G.P. Mixto: aprobado por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 5.652)

Votación das propostas de resolución núms. 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20,

21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28, 29, 30, 31, 32, 33, 34, 35, 36, 37, 38 e 39 do G.P. Mixto: *rexeitadas por 31 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención. (Páx. 5.653)*

Votación das propostas de resolución núms. 40, 45 e 46 do G.P. Mixto: *rexeitadas por 13 votos a favor, 40 en contra e 18 abstencións. (Páx. 5.653)*

Votación da proposta de resolución núm. 41 do G.P. Mixto: *rexeitada por 30 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención. (Páx. 5.653)*

O señor Pazos Varela (Mx.) le o texto definitivo transaccionado da proposta de resolución núm. 42 do G.P. Mixto. (Páx. 5.653)

Votación do texto definitivo transaccionado da proposta de resolución núm. 42 do G.P. Mixto: *rexeitado por 20 votos a favor, 40 en contra e 11 abstencións. (Páx. 5.653)*

O señor Pazos Varela le o texto definitivo transaccionado da proposta de resolución núm. 43 do G.P. Mixto. (Páx. 5.653)

Votación do texto definitivo transaccionado da proposta de resolución núm. 43 do G.P. Mixto: *aprobado por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 5.654)*

Votación da proposta de resolución núm. 44 do G.P. Mixto: *rexeitada por 31 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 5.654)*

Votación das propostas de resolución núms. 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20 e 21 do G.P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 31 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención. (Páx. 5.654)*

Votación da proposta de resolución núm. 22 do G.P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 13 votos a favor, 40 en contra e 18 abstencións. (Páx. 5.654)*

Votación das propostas de resolución núms. 23, 24, 25, 26, 27, 28, 29, 30 e 31 do G.P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 31 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención. (Páx. 5.654)*

O señor Castro García (P) le o texto definitivo transaccionado da proposta de resolución número 32 do G.P. dos Socialistas de Galicia. (Páx. 5.654)

Votación do texto definitivo transaccionado da proposta de resolución núm. 32 do G.P. dos Socialistas de Galicia: *aprobado por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 5.655)*

Votación das propostas de resolución núms. 33, 34, 35, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 42, 43 e 44 do G.P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 31 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención. (Páx. 5.655)*

Votación do punto 1 da proposta de resolución núm. 45 do G.P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitado por 31 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención. (Páx. 5.655)*

Votación do punto 2 da proposta de resolución núm. 45 do G.P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitado por 13 votos a favor, 40 en contra e 18 abstencións. (Páx. 5.655)*

Votación das propostas de resolución núms. 46, 47, 48, 49, 50 e 51 do G.P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 31 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención. (Páx. 5.655)*

O señor Casares González (P) le o texto definitivo transaccionado da proposta de resolución núm. 52 do G.P. dos Socialistas de Galicia. (Páx. 5.655)

Votación do texto definitivo transaccionado da proposta de resolución núm. 52 do G.P. dos Socialistas de Galicia: *aprobado por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 5.655)*

Votación das propostas de resolución núms. 53, 54, 55 e 56 do G.P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 31 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención. (Páx. 5.656)*

O señor Casares González (P) dá conta da transacción á que se chegou na emenda núm. 57 do G.P. dos Socialistas de Galicia en relación coa emenda núm. 22 do G.P. Popular de Galicia. (Páx. 5.656) O señor Trigo Durán (BNG) solicita algunhas aclaracións sobre esta transacción. (Páx. 5.656) O señor Casares González (P) respóndelle ó señor Trigo Durán. (Páx. 5.656) O señor Suárez Canal (BNG) suxire pospoñer-la votación desta proposta de resolución e que se concreten os termos da transacción punto por punto no seu momento. (Páx. 5.656) O señor Casares González (P) concreta os termos da transacción acadada. (Páx. 5.656)

O señor presidente le o texto definitivo da letra a) da proposta de resolución núm. 57 do G.P. dos Socialistas de Galicia. (Páx. 5.657)

Votación da letra a) da proposta de resolución núm. 57 do G.P. dos Socialistas de Galicia na versión da letra a) da proposta de resolución núm. 22 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 51 votos a favor, ningún en contra e 20 abstencións. (Páx. 5.657)*

O señor presidente le o texto definitivo da letra b) da proposta de resolución núm. 57 do G.P. dos Socialistas de Galicia. (Páx. 5.657)

Votación da letra b) da proposta de resolución núm. 57 do G.P. dos Socialistas de Galicia na versión da letra b) da proposta de resolución núm. 22 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 70 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 5.657)*

O señor presidente le o texto definitivo da letra c) da proposta de resolución núm. 57 do G.P. dos Socialistas de Galicia. (Páx. 5.657)

Votación do texto definitivo da letra c) da proposta de resolución núm. 57 do G.P. dos Socialistas de Galicia (coas modificacións introducidas): *aprobado por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 5.657)*

O señor presidente le o texto definitivo da letra d) da proposta de resolución núm. 57 do G.P. dos Socialistas de Galicia. (Páx. 5.657)

Votación do texto definitivo da letra d) da proposta de resolución núm. 57 do G.P. dos Socialistas de Galicia (coas modificacións introducidas) *aprobado por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 5.657)*

Votación das propostas de resolución núms. 58, 59, 60, 61, 62 e 63 do G.P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 31 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención. (Páx. 5.657)*

Votación das propostas de resolución núms. 64, 65 e 66 do G.P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 13 votos a favor, 41 en contra e 17 abstencións. (Páx. 5.658)*

Votación das propostas de resolución núms. 67, 68, 69, 70, 71, 72, 73, 74, 75, 76, 77 e 78 do G.P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 31 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención. (Páx. 5.658)*

Votación da proposta de resolución núm. 79 do G.P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 13 votos a favor, 41 en contra e 16 abstencións.* (Páx. 5.658)

Votación das propostas de resolución núms. 80, 81, 82 e 83 do G.P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 30 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 5.658)

Votación da proposta de resolución núm. 84 do G.P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 13 votos a favor, 41 en contra e 18 abstencións.* (Páx. 5.658)

Votación da proposta de resolución núm. 85 do G.P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 31 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 5.658)

Votación da proposta de resolución núm. 86 do G.P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 12 votos a favor, 41 en contra e 18 abstencións.* (Páx. 5.658)

Votación da proposta de resolución núm. 1 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 30 votos a favor, 41 en contra e 1 abstención.* (Páx. 5.658)

Votación da proposta de resolución núm. 2 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 21 votos a favor, 41 en contra e 10 abstencións.* (Páx. 5.659)

Votación da proposta de resolución núm. 3 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 18 votos a favor, 41 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 5.659)

Votación das propostas de resolución núms. 4, 5 e 6 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 21 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 5.659)

Votación das propostas de resolución núms. 7 e 8 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 19 votos a favor, 41 en contra e 11 abstencións.* (Páx. 5.659)

Votación das propostas de resolución núms. 9, 10, 11, 12 e 13, 15, 16, 17 e 18 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 31 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 5.659)

Votación das propostas de resolución núms. 14 e 19 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 20 votos a favor, 40 en contra e 11 abstencións.* (Páx. 5.659)

Votación das propostas de resolución núms. 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28, 29 e 30 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 30 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 5.660)

Votación da proposta de resolución núm. 31 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 30 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 5.660)

Votación das propostas de resolución núms. 32, 33, 34, 35, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 49, 50 e 51 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 31 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 5.660)

Votación da proposta de resolución núm. 52 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 30 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 5.660)

Votación das propostas de resolución núms. 53, 54, 55, 56, 57 e 58 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 29 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 5.660)

Votación da proposta de resolución núm. 1 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 51 votos a*

favor, 1 en contra e 20 abstencións. (Páx. 5.661)

Votación da proposta de resolución núm. 2 do G.P. Popular de Galicia: aprobada por 69 votos a favor, ningún en contra e 2 abstencións. (Páx. 5.661)

Votación da proposta de resolución núm. 3 do G.P. Popular de Galicia: aprobada por 59 votos a favor, ningún en contra e 13 abstencións. (Páx. 5.661)

Votación da proposta de resolución núm. 4 do G.P. Popular de Galicia: aprobada por 59 votos a favor, 13 en contra e ningunha abstención. (Páx. 5.661)

Votación da proposta de resolución núm. 5 do G.P. Popular de Galicia: aprobada por 53 votos a favor, ningún en contra e 18 abstencións. (Páx. 5.661)

Votación da proposta de resolución núm. 6 do G.P. Popular de Galicia: aprobada por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 5.661)

Votación da proposta de resolución núm. 7 do G.P. Popular de Galicia: aprobada por 60 votos a favor, ningún en contra e 12 abstencións. (Páx. 5.661)

O señor Casares González (P) indica que a proposta de resolución núm. 8 do G.P. Popular de Galicia foi transaccionada coa núm. 32 do G.P. dos Socialistas de Galicia. (Páx. 5.662)

Votación da proposta de resolución núm. 9 do G.P. Popular de Galicia: aprobada por 41 votos a favor, ningún en contra e 31 abstencións. (Páx. 5.662)

O señor presidente anuncia que a votación será á man alzada. (Páx. 5.662)

Votación da proposta de resolución núm. 10 do G.P. Popular de Galicia: aprobada por 52 votos a favor, ningún en contra e 20 abstencións. (Páx. 5.662)

Votación da proposta de resolución núm. 11 do G.P. Popular de Galicia: aprobada por 41 votos a favor, 13 en contra e ningunha abstención. (Páx. 5.662)

Votación da proposta de resolución núm. 12 do G.P. Popular de Galicia: aprobada por 41 votos a favor, 18 en contra e 13 abstencións. (Páx. 5.662)

Votación da proposta de resolución núm. 13 do G.P. Popular de Galicia: aprobada por 59 votos a favor, ningún en contra e 13 abstencións. (Páx. 5.662)

Votación da proposta de resolución núm. 14 do G.P. Popular de Galicia: aprobada por 41 votos a favor, ningún en contra e 31 abstencións. (Páx. 5.662)

Votación da proposta de resolución núm. 15 do G.P. Popular de Galicia: aprobada por 59 votos a favor, ningún en contra e 13 abstencións. (Páx. 5.662)

Votación da proposta de resolución núm. 16 do G.P. Popular de Galicia: aprobada por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 5.663)

Votación da proposta de resolución núm. 17 do G.P. Popular de Galicia: aprobada por 59 votos a favor, ningún en contra e 13 abstencións. (Páx. 5.663)

Votación da proposta de resolución núm. 18 do G.P. Popular de Galicia: aprobada por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 5.663)

Votación da proposta de resolución núm. 19 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 70 votos a favor, ningún en contra e 2 abstencións.* (Páx. 5.663)

Votación da proposta de resolución núm. 20 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 41 votos a favor, ningún en contra e 31 abstencións.* (Páx. 5.663)

Votación da proposta de resolución núm. 21 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 70 votos a favor, ningún en contra e 2 abstencións.* (Páx. 5.663)

O señor presidente manifesta que a proposta de resolución núm. 22 foi transaccionada. (Páx. 5.663)

Votación da proposta núm. 23 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 41 votos a favor, ningún en contra e 31 abstencións.* (Páx. 5.663)

Votación da proposta de resolución núm. 24 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 41 votos a favor, 18 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 5.663)

Votación da proposta de resolución núm. 25 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 5.664)

Votación da proposta de resolución núm. 26 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 59 votos a favor, ningún en contra e 13 abstencións.* (Páx. 5.664)

Votación da proposta de resolución núm. 27 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 5.664)

Votación da proposta de resolución núm. 28 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 70 votos a favor, ningún en contra e 2 abstencións.* (Páx. 5.664)

Votación da proposta de resolución núm. 29 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 70 votos a favor, ningún en contra e 2 abstencións.* (Páx. 5.664)

Votación da proposta de resolución núm. 30 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 54 votos a favor, ningún en contra e 18 abstencións.* (Páx. 5.664)

Votación da proposta de resolución núm. 32 do G.P. Popular de Galicia: *aprobada por 41 votos a favor, ningún en contra e 31 abstencións.* (Páx. 5.664)

O señor Pérez Touriño (S) solicita unha explicación de voto. (Páx. 5.664) *O señor presidente, dadas as características especiais do debate, concédelle unha rolda especial de tres minutos, rolda que a fai extensiva a tódolos grupos que queiran facer uso dela.* (Páx. 5.665) *Nesta rolda interveñen os señores Guerreiro Carreiras (Mx.)* (Páx. 5.665), *Pérez Touriño (S)* (Páx. 5.666), *Beiras Torrado (BNG)* (Páx. 5.666) e *Pita Varela (P).* (Páx. 5.667)

Levántase a sesión ás dez e dez minutos da noite.

Reiníciase a sesión ás catro e trinta e cinco minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Reiniciámo-la sesión.

O seguinte debate vaise desenvolver da forma seguinte.

En primeiro lugar haberá unha rolda para cada grupo de presentación e defensa global das súas propostas, cun tempo de 30 minutos. Despois de que todos os grupos fagan a súa exposición suspenderase por un tempo aproximado de 45 minutos, para ver se hai acordos sobre as propostas expostas por cada un dos distintos grupos. Reiniciarase despois cunha rolda de posicionamento dos distintos grupos respecto das propostas dos demais, durante un tempo de 10 minutos. Despois darase lectura ós acordos ós que houbo lugar e procederase a continuación á votación.

Dito isto, procede que se faga a comunicación, polo secretario, das propostas de resolución admitidas pola Mesa.

Ten a palabra o señor secretario.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente): Moitas grazas.

A Mesa examina as propostas de resolución presentadas polos diferentes grupos parlamentarios seguindo a súa orde de inscrición no Rexistro da Cámara:

En primeiro lugar, as 46 formuladas polo Grupo Parlamentario Mixto. A seguir, as 58 formuladas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, as 32 do Grupo Parlamentario Popular e as 86 do Grupo Parlamentario Socialista.

Despois dun detido exame das propostas e dun debate sobre o seu contido e a súa congruencia, nos termos previstos no artigo 141 do Regulamento, así como da súa correlación coa ordenación do debate aprobada pola Mesa na reunión celebrada o 21 de setembro, visto o disposto no artigo 48 da Lei reguladora da Xunta e do seu Presidente, a Mesa adopta os seguintes acordos:

Propostas de resolución do Grupo Parlamentario Mixto. Decláranse congruentes e admítense a trámite as 46 propostas de resolución presentadas.

Propostas de resolución do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Decláranse congruentes e admítense a trámite as 58 propostas de resolución presentadas.

Propostas de resolución do Grupo Parlamentario Popular. Decláranse congruentes e admítense a trámite as 32 propostas de resolución presentadas; agás a número 31, que é retirada polo grupo proponente.

Propostas de resolución do Grupo Parlamentario Socialista. Decláranse congruentes e admítense a trámite as 86 propostas de resolución presentadas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor secretario.

Pasamos, entón, ó debate das propostas de resolución para a defensa e presentación global de cada unha das súas propostas, escomezando polo Grupo Parlamentario Mixto.

Ten a palabra o señor Pazos Varela.

O señor PAZOS VARELA: Señor presidente, señorías, boas tardes neste segundo día de debate sobre o estado da Nación galega.

Esvaídos xa os ecos do discurso do señor Fraga, o discurso do décimo ano triunfal, de onte, *ghaleado*, así, con *gheada*, polo señor portavoz do Grupo Popular, e contestado rotundamente polos portavoces dos grupos da oposición, creo sinceramente que é o momento hoxe —se o señor Pérez Varela me deixa— de escoita-los ecos reais do país, e non do país imaxinario e virtual, do país líder mundial que onte quixo presentarnos, a nós e á cidadanía, o señor presidente da Xunta.

É o momento de escoita-los ecos dos mariñeiros e a súa inqueda pola posible perda dos postos de traballo no banco canario-sahariano, os que dependen do acordo con Marrocos. É o momento de escoita-los ecos da cidadanía que sofre a falta de planificación política dun goberno que, cada vez menos, goberna este país. É o momento de escoita-los ecos, señor

Fraga, de toda unha comarca en folga xeral o día de hoxe. E aproveito, ademais, para solidarizarme cos meus paisanos e paisanas da comarca do Morrazo, que, cunha folga xeral, están a mostra-la súa disconformidade coa pasividade da Xunta nun tema que, evidentemente, lles afecta.

É o momento, dicía, de escoita-los ecos da Galicia real transmitidos a través de propostas de resolución coas que o noso grupo pretende abrangue-los distintos aspectos que debe afronta-lo Goberno da nosa nación, o Goberno do noso país.

No país idílico que onte nos pintou o presidente da Xunta de Galicia, evidentemente non caberían propostas de resolución; todo está feito, pouco hai que facer. Pero á marxe de que mesmo sexa un *brindis ó sol*, vexo —e congratúlome diso— que o propio grupo que sustenta o Goberno tamén presenta un número considerable de propostas de resolución.

Nós, pola nosa banda, presentamos 46, que as vou defender indo do xeral ó particular, do xeral ó concreto; indo do marco que permite que estas propostas de resolución, ou calquera acción de goberno, sexan posibles, a propostas concretas —repito— nos distintos eidos de actuación do Goberno.

Imos falar, imos tocar, aquilo do que onte falou o señor presidente e mesmo aquilo que onte non se falou nin por parte do señor presidente nin por parte do voceiro do Grupo Popular, ocupado como estaba en dar palmadiñas no lombo e probablemente en situarse en boa posición na *parrilla* de saída cara a non sei qué metas.

Así comezamos, vou comezar por defende-la proposta de resolución número 37, que fai referencia ó marco económico no que se teñen que desenvolve-las actuacións do Goberno. O tan cacarexado onte Plan de desenvolvemento estratéxico de Galicia, o Pedega, do cal aproveito para dicir que non o temos connosco, aínda que se nos pasou unha declaración de intencións, un conxunto de obxectivos encadernados nun libriño que se nos pasou onte mesmo.

Ese Pedega non fai fronte ó que teñen que se-los retos fundamentais de Galicia nese período de tempo comprendido entre o ano 2000 e o 2006. Retos fundamentais que se sitúan en converxer co resto do Estado

en termos de emprego e en termos de renda. Así, as previsións que fai o Goberno para o 2006, para cando o Plan de desenvolvemento estratéxico remate, sitúan os índices, as previsións de paro en Galicia, no 14,5%, como moi ben denunciou onte o portavoz de Esquerda de Galicia, señor Guerreiro.

Evidentemente, unha previsión inaceptable que nos leva a diverxer cada vez máis co conxunto do Estado, pois as previsións do Goberno do Estado sitúan os índices de paro no 12,3% no ano 2002 e nun, aproximadamente, previsible 10% no ano 2006. Daquela, señorías, a proposta de resolución número 37 propón modifica-lo marco financeiro e presupostario dese plan cara a lograr esa converxencia e situa-las previsións de paro arredor dese 10% previsible para o resto do Estado.

Evidentemente, supoño da intelixencia das súas señorías que non se trata de varia-las previsións de paro simplemente, iso sería moi sinxelo, trátase de varia-lo marco económico-financeiro dese plan.

Dentro, precisamente, do famoso Pedega, onte o señor Fraga facía un anuncio —que ata agora non temos máis noticias que ese anuncio— da presentación dun plan de desenvolvemento rural. Nós, na proposta de resolución número 4, ímoslle da-la oportunidade de demostrarlle á cidadanía e a esta Cámara que, efectivamente, está na intención do Goberno desenvolver, levar adiante, ese Plan de desenvolvemento rural. Un plan que ó noso parecer ten que ser un plan transversal, que abranga as diferentes consellerías, que acometa traballos nas infraestructuras, unha serie de medidas económicas para conseguir tecido productivo e, polo tanto, emprego, unha serie de medidas sociais, de política educativa, de política de vivenda, etc., para evita-lo que xa se ten denunciado a cotío nesta Cámara, que é o despoboamento e o declive da Galicia rural, en detrimento, por exemplo, da Galicia costeira, que tamén, evidentemente, está a padecer outras eivas e carencias.

Neste grupo de propostas globais, entre a 36 e a 48, presentamos 9 propostas arredor do autogoberno. É dicir, que sitúan a Galicia no marco mínimo que corresponde á hora de desenvolver un papel relevante cara adentro e cara á súa relación co resto do Estado. Propostas que van encamiñadas a incrementar decidi-

damente cotas de autogoberno e calidade dese autogoberno nacional, mesmo instando, señorías, a cumprir acordos aprobados en propostas de resolución do ano 1998: a que se refire ó Consello Económico e Social do Estado, da que onte, simplemente, o señor Fraga dixo: “Aí non podemos facer nada”; ou a que se refire á tan famosa reforma do Senado.

Antes, aínda que fora retoricamente, o señor Fraga facía bandeira destas cuestións. Onte, e nos últimos tempos, mesmo esqueceu estas cuestións para esquivalas e pasalas por alto, o que indica que non ten vontade ningunha, que abandonou, que claudicou, no que é eleva-la cota de autogoberno e as cotas de representatividade do noso Goberno no resto do Estado e nos foros internacionais que correspondan.

As propostas de resolución:

Van encamiñadas, como digo, a situar a Galicia como un dos suxeitos políticos no Estado español, máis alá de plantexamentos retóricos ou de esquecementos intencionados. Propostas de resolución que comezan coa instancia á Xunta de Galicia para negociar coa Administración central a reforma das administracións públicas, co fin de acadar unha drástica redución da Administración periférica do Estado, debendo os seus organismos residuais integrarse baixo a dirección e coordinación da Xunta de Galicia.

Van insta-la Xunta de Galicia a conqueri-lo pleno recoñecemento para o noso país das súas capacidades de execución nas directivas comunitarias no ámbito das nosas competencias.

Van insta-la Xunta de Galicia a logra-lo máximo teito competencial para o país, acadando a transferencia de novas competencias a través do artigo 150.2 da Constitución.

Van insta-la Xunta de Galicia a toma-las iniciativas necesarias para acadar-la reforma do poder xudicial co fin de que este reflicta a estrutura do Estado; a tomar iniciativas para conquistar que Galicia sexa circunscripción electoral única. Evidentemente non nas eleccións municipais, pero si no resto das citas electorais, sexan estas autonómicas, xerais ou europeas, superando a actual división provincial no caso das dúas primeiras.

Instan a Xunta de Galicia a tomar iniciativas precisas co fin de logra-la institucionalización —non as reunións informais ou algo parecido, do que de vez en cando dá conta o señor conselleiro de Pesca— da presenza de Galicia nas distintas delegacións do Estado que negocian intereses vitais deste país na Unión Europea.

Instan a negociar coa Administración central todas aquelas leis básicas que vaian aproba-las Cortes Xerais ou a negociar aquelas outras xa aprobadas e que afectan ou inciden no noso autogoberno.

Instan a Xunta de Galicia a abrir un período de consultas cos grupos parlamentarios co fin de institucionalizar un espacio de diálogo co obxectivo de lograr un acordo básico das forzas políticas galegas sobre o modelo do Estado.

Evidentemente, señorías, pódese dicir que é difícil acadar un consenso entre as forzas políticas aquí presentes sobre o modelo de Estado. Falamos de consenso, non de unanimidade, pero é que, evidentemente, nega-la posibilidade de debater e de poder chegar a uns acordos mínimos sobre o modelo de Estado é pronunciarse a favor do inmovilismo ou pronunciarse a favor da imposición mecánica dunha exigua maioría sobre dunha minoría. Con estes criterios, evidentemente, non se tería dado o período de consenso constitucional que se deu na transición española. Por certo, señor Fraga, a vostede, que digamos que presume moito de ser un dos pais da Constitución e de ter unha presenza activa no período constituínte español, permítome lembrarlle que o fixo desde un exíguo grupo de deputados. Vostede parece que sofre de perdas de memoria, e hoxe bótalle en cara ó portavoz do noso grupo, por exemplo, a exigua representación que nós temos. Lémbrolle que nove deputados no Estado, no ano 1979, por exemplo, non o privaron a vostede de facer unha aportación que vostede considera fundamental —o que sería discutible—, de facer unha aportación ó período constituínte español. A vida dá moitas voltas, como vostede ben sabe, polo tanto, pídolle que un home da súa talla política evite facer ese tipo de discursos.

E, por último, como xa dicía, temos que instar a cumpri-lo xa aprobado. Señorías, o ano pasado, con transaccións co propio grupo maioritario, o Grupo

Popular, conseguimos sacar adiante dúas propostas de resolución. Unha, que era cumprí-lo preceptuado no artigo 131 da Constitución, coa configuración dun consello que contemple con claridade a participación das comunidades autónomas, tal como se prevé na citada norma constitucional. E a segunda, insta-la Xunta de Galicia a manter, a través das actuacións do seu presidente, unha postura inequívoca que garanta a ineludible territorialización da Cámara Alta que permita a participación real e efectiva das comunidades autónomas e que converta o Senado na primeira cámara en todo o que se refire ás comunidades autónomas.

O señor Fraga falounos onte de que se constituíra unha comisión e que eran outros os que a torpedearan; non nos falou de cá foi o seu papel no desenvolvemento desta proposta de resolución aprobada o ano pasado.

Pasamos destas propostas de resolución, que afectan, como digo, a conceptos globais e polo tanto a marcos nos que se ten que desenvolve-la acción de goberno, a afrontar diferentes problemáticas que afectan a este país, e, polo tanto, a impulsa-lo Goberno a que tome iniciativas que cremos beneficiosas para colectivos cidadáns e mesmo para o conxunto da cidadanía.

Así, por exemplo, agrupámo-las primeiras propostas de resolución en torno a temas candentes da Consellería de Pesca, que afectan á pesca. E o máis candente deles, como moi ben sabe o señor Landín, aínda que cada vez que falamos diso na Cámara se nos pon moi nervioso e chámanos axentes de Mohamed V, é, evidentemente, insta-la Xunta de Galicia, señor Landín, a face-lo que vostede di que están a facer —mire vostede qué fácil, qué doado, llo poñemos ó grupo maioritario—, a esixir do Goberno central unha postura firme diante da Unión Europea cara a conseguir un acordo de pesca co Reino de Marrocos que garanta as dúas premisas que vostede o outro día plantexou na comparecencia como fundamentais: o mantemento da totalidade da flota pesqueira que hoxe faena nesas augas e, polo tanto, o mantemento dos postos de traballo. Non lle estamos a pedir milagres, estámollsle a pedir aquilo que vostedes din que veñen desenvolvendo, unha postura firme diante do Goberno do Estado para que os nosos intereses

non sexan esquecidos ou, peor aínda, non sexan traizoados no seo das negociacións coa Unión Europea.

E, en consonancia con isto, a segunda proposta de resolución: aquela que pide que garantan vostedes a existencia de axudas económicas para o sector afectado, en previsión de que este acordo poida alongarse no tempo, poida ir máis alá a consecución da sinatura deste acordo que o remate do actual convenio con Marrocos, que, como ben sabe, remata o 30 de novembro. Daquela, creo que son dúas cousas moi doadas e que non lles vai custar nada votar a favor, posto que, polo menos de boca para fóra, se manifestaron vostedes de acordo.

E a propósito da problemática do acordo pesqueiro con Marrocos, onte o señor Fraga atreveuse a cualificar de ilegal a protesta dos mariñeiros do Morrazo encerrados no Concello de Cangas, ocupación ilegal dunha institución. Supoño que se refería á policía mandada polo señor Diz Guedes, que ás catro da mañá tomou o Concello, no que pacificamente estaban encerrados os mariñeiros e os seus familiares, e á forza tomou o Concello, e cos conseguintes destrozos no mobiliario municipal, desalojou uns cidadáns pacíficos que manifestaban a súa inquietude e a súa protesta —repito— pacífica. Consecuencia inmediata dese desaloxo, señorías: folga xeral no Morrazo no día de hoxe. Así é como se solucionan pacificamente os conflitos que afectan a esta cidadanía. ¡Viva a paz!, que diría calquera de vostedes, pensando, precisamente, noutra cousa.

Por último, no que atinxe ás propostas de pesca, instase a Xunta de Galicia a continuar coas negociacións conducentes a evita-lo conflito entre os percebeiros da zona de Ortegal, nomeadamente Cedeira, Espasante e A Barcala, coa confraría de Cariño. Negociacións que a propia Xunta de Galicia, a través da Consellería de Pesca, propiciou no seu día, e negociacións que está nas súas mans levar a bo termo se se aproba un plan integral para a explotación dos recursos da zona. Un plan integral que contemple tanto os recursos no seu conxunto como a zona, tamén, no seu conxunto. É dicir, non traizoen, as súas señorías, os propios acordos da Consellería de Pesca, ou aqueles que di defender, e vaian agora conceder outros plans de explotación que non teñen que ver para nada co espírito do acordo e que poden fomenta-lo localismo ou

mesmo o enfrontamento entre colectivos de traballadores do mar.

As seguintes propostas de resolución afectan ó que nós lle chamariamos loita pola transparencia democrática ou contra prácticas clientelares. Transparencia, democracia, son e deben ser termos sinónimos. Polo tanto, o que pedimos é a elaboración e a presentación neste Parlamento nun plan de cooperación coas administracións locais nos distintos ámbitos, que contemple un baremo claro para a cuantificación das axudas económicas de cara a evitar aquel mal que tanto nos afecta, pero que parece ser que a vostedes lles dá bos resultados electorais, simplemente, que é o reparto discrecional de fondos públicos.

E aquí, levado pola miña práctica local, non podo evitar denunciar unha acción moi concreta, señorías, o tan famoso e modélico Xacobeo 99. Cando este deputado, como responsable de cultura do seu concello, se dirixiu á consellería a pedir unha axuda para desenvolver unha serie de actividades en Cangas, contestóuselle que Cangas non estaba no Camiño Xacobeo. Ó día seguinte do cambio de goberno municipal, Cangas recibiu 5 millóns de pesetas para actuacións no Camiño Xacobeo, nomeadamente: Los Panchos, Na Lúa e outra actuación máis. De repente, co cambio de color no Goberno municipal, cambia a localización do concello de Cangas —e supoño que doutros moitos en Galicia—, e pasa de estar fóra do Camiño Xacobeo a estar dentro.

Ese reparto discrecional, esa utilización partidista de fondos públicos, ten que rematar polo ben do país. Aínda que sexa polo mal do Partido Popular, pero polo ben do país, que ten que estar por riba de intereses partidarios. Polo tanto, baremos claros e transparencia na utilización de fondos públicos que son de toda a cidadanía e non son leira particular de ningún preboste, cargo ou carguño do Partido Popular.

Neste mesmo sentido, pedímo-la presentación neste Parlamento dun proxecto de lei que regule a concesión de subvencións, á vez que ten que potencia-lo control previo das peticións de subvención e o posterior da adecuación desa subvención, do gasto desa subvención, ó obxectivo presentado nela.

O seguinte bloque de propostas refírese a infraestructuras de comunicación. Non nos metemos, evi-

dentemente, con tódalas necesidades que ten o país neste eido, pero si con aquelas necesidades máis sangrantes, mesmo con aquelas que foron anunciadas, reanunciadas e voltas a anunciar por responsables políticos das diferentes consellerías, pero que están sen facer e que son necesidades perentorias para a vertebración deste país.

Refírome, por exemplo, á autovía que nós queremos, autovía libre de peaxe, entre Santiago e Ourense. Un, que non pasa moito pola estrada actual, xa chegou a pensar que tiña que estar construída unha autoestrada. Tantas veces a vendeu o señor Cufiña, tantas veces a vendeu o señor Fraga, que un pensaba que tiña que estar feita, e resulta que non está licitada. Agora vaise licitar un tramo —un tramo—, parece ser que en outubro, con remate dentro de dous anos. Non cremos iso, e, polo tanto, xa que vostedes están tan seguros de que se vai construír esa infraestrutura, instámoslos a que tomen o acordo de que, no prazo de cinco anos, estea rematada —con fondos propios e fondos alleos, evidentemente— esa infraestrutura tan importante para a zona interior da nación galega como é a autovía, libre de peaxe, entre Santiago e Ourense.

No mesmo sentido queremos que a Transcantábrica, a vía que comunica toda Europa coa cornixa Cantábrica e de aí marcha cara o sur, se chame como se ten que chamar, Transcantábrica e non autovía de Vilalba, autovía da Terra Chá, é dicir, que comunique a cornixa Cantábrica para vertebrar unha zona fundamental para o noso país, como é a costa de Lugo, a Mariña lucense, como é a zona de Ortegal ou como é a zona de Ferrol. Contemplando, iso si, unha comunicación que, ben por Lugo ou ben por Vilalba, comunique a autovía do Cantábrico, que se ten que chamar así, e ten que ser do Cantábrico, coa A-9, ou coa autovía do Noroeste; tendo en conta, efectivamente, que teña o mínimo impacto ambiental posible. Pero o que non poden facer vostedes é escudarse, precisamente, en algo no que nunca creron, que é no impacto ambiental dunha obra, para face-la variante máis barata, aínda que sexa a que non beneficia, precisamente, os intereses do país, e entrarlle vostedes no xogo ó Ministerio de Fomento de aforrar uns pesos, aínda que con iso estean a vender e a traizoa-los intereses do país.

Dúas propostas en torno ó ferrocarril. Poñer en marcha un plan de desenvolvemento do ferrocarril de vía estreita que supoña a súa modernización e a recuperación para Galicia da xerencia territorial, ou tomar as medidas necesarias que faga efectiva, dunha vez, señorías, dunha vez, a realización do tramo de ferrocarril Pontevedra-porto de Marín, paralizado hoxe non sei por qué estraños conxuros do destino, pero que é un proxecto que leva moitísimo tempo.

No tema tamén das infraestruturas, hai pouco o Goberno central pasoulles a vostedes a pelota, á Administración autonómica, a respecto da rebaixa das peaxes das autoestradas. Vostedes, evidentemente, non quixeron a pelota, e nunha xogada de voleivol mandárona a non sei qué tellado. Asuman vostedes a responsabilidade e realicen as xestións necesarias para unha rebaixa xeneralizada da peaxe nas autoestradas galegas, e, nomeadamente, consigan vostedes algo que é de xustiza, señorías, que é a supresión total da peaxe en Rande, no tramo Rande-Vigo. Non poden. Terán que decatarse algún día de que non poden ter indefinidamente marxinada toda unha comarca que depende —que non é por gusto— de servizos básicos da área de Vigo. A comarca do Morrazo está unida a Vigo por situación de dependencia en temas educativos, en temas culturais, en temas sanitarios ou en temas de traballo, e, polo tanto, non se pode condenar a toda unha poboación a pagar un canon reaccionario por acceder ós seus postos de traballo ou ós servizos básicos, cando, señorías, non hai ningunha outra vía alternativa medianamente razoable. Entendo que as súas señorías non me van dicir que a alternativa razoable da viaxe O Morrazo-Vigo é da-la volta por Vilaboa, Redondela, é dicir, bordear toda a ría de Vigo, o que supón unha viaxe de máis do dobre de tempo do que realmente se necesita utilizando a autoestrada A-9.

Os seguintes bloques de propostas refírense á defensa do Estado do benestar, do Estado social, do que son dereitos inalienables da cidadanía e que os poderes públicos teñen a obriga ineludible de manter, e de manter con calidade; calidade nos servizos básicos.

Algunhas afectan á sanidade, como a 13, 14, 15 e 16, que queren frea-lo proceso de externalización que está a sufrilo noso sistema sanitario público. Queren frear toda esa pléiade de fundacións Medtec, que son

o primeiro paso —aínda que vostedes o neguen, négaño coa boca pequena— cara a unha privatización da sanidade pública. Queremos que revertan no Sergas estas fundacións privadas, non só para frea-lo proceso de externalización, que é importante, senón mesmo para que se garanta a súa calidade, a calidade dun servizo básico que hai que garantir desde os poderes públicos, e non intentar abaratar a custa do propio servizo, dándolles a súa xestión a entes privados.

E a última de sanidade, a número 17, tamén ten que ver coa calidade deste servizo básico ineludible, como é que no complexo hospitalario de Pontevedra, formado polo Hospital Montecelo e o Provincial, se instalen os servizos de alta tecnoloxía médica. Non teñen por que esta-los servizos de alta tecnoloxía en mans privadas ou en fundacións privadas. Pontevedra e a súa área necesitan destes servizos, e estes servizos temos que prestar un complexo hospitalario público, un organismo dependente directamente do Sergas, da sanidade pública galega.

Seguindo cos servizos básicos que conforman o Estado social, pasamos agora ás propostas de resolución que afectan ó ensino. E que afectan ó ensino en tódolos seus eidos: ensino obrigatorio, ensino postobrigatorio e tamén ensino universitario.

Así, a primeira proposta, a número 18, insta a Xunta a modifica-lo mapa da oferta educativa do ensino postobrigatorio axeitando tanto as modalidades de bacharelatos como as de ciclos formativos ás necesidades comarcais das diferentes bisbarras que conforman o país.

Señorías, non pode ser que determinadas ofertas de bacharelatos, bacharelato artístico, por exemplo, ou bacharelato tecnolóxico en moitísimos casos, ou determinados ciclos formativos, por exemplo o que atinxe a técnicas audiovisuais, estean ou ben centralizados só nas capitais de provincia, sen ter en conta a demanda de determinadas comarcas, ou, como é o caso dos ciclos formativos —e é peor aínda—, exclusivamente nas mans do ensino privado. Calquera alumno ou alumna que hoxe queira face-lo ciclo formativo audiovisual ten que ir a un colexio privado da zona de Vigo, porque non hai outra oferta educativa nese eido no resto de Galicia.

En defensa da dignidade do ensino público, cremos sinceramente que hai que apoiar esta proposta de resolución. O mesmo que a segunda, que pide unha reforma do mapa educativo da ESPO para contemplar tamén, de maneira comarcal, unha diversificación do ensino para adultos en tódolos niveis educativos. Señorías, acabouse a época na que o concepto de educación de adultos eran aquelas clases de alfabetización para aprender a ler e escribir. A demanda de persoas adultas, a demanda de educación por parte de persoas adultas, é hoxe moi complexa e diversificada, e o poder público ten que darlle saída a esas demandas diversificando a oferta, facéndoa suficiente e, polo tanto, accesible, o mesmo que os programas de garantía social para aquel alumnado que non dá superado os mínimos do ensino secundario obrigatorio.

O mesmo, e xa levamos moitos debates neste Parlamento sobre este tema —pero garántolle que o que é este deputado non se vai cansar—, podemos dicir dos servizos complementarios de transporte e comedor, que non deben ser contemplados como unha caridade do Goberno cara ós administrados, senón como servizos educativos básicos que dignifiquen o ensino público e que permitan un aumento da súa calidade.

O mesmo que as actividades extraescolares, para o que o Goberno galego ten que liderar unha colaboración coas administracións locais, coas APA ou con outras entidades para ofrecer unha oferta de actividades extraescolares dignas e acordes cun sistema educativo de altura e de nivel.

Pedímo-lo cumprimento da lei, unha vez máis, no que atinxe á normalización lingüística. Que se garanta o mínimo esixido pola Lei de normalización lingüística nos centros de ensino non universitarios. Hai moitísimos casos nos que non se cumpre, diante da pasividade da Xunta de Galicia, que, nembargantes, gasta millóns e millóns de pesetas en campañas de propaganda ou autopropaganda do bilingüismo harmónico, sen ter obxectivos palpables acadados.

Por último, insistimos na petición dunha lei de financiamento plurianual universitario que garanta a autonomía financeira da universidade, que garanta a calidade do ensino universitario, que, evidentemente, non se consegue —como dixo o presidente da

Xunta— con botarlle imaxinación. Bótenlle vostedes imaxinación e financien a universidade con imaxinación. Ó mellor pódese facer nalgún sitio, pero con imaxinación non hai calidade no ensino universitario.

No que son as propostas de cultura, van precisamente contra todo aquilo, ou máis que contra todo aquilo, á marxe de todo aquilo do que onte alardeaba o señor presidente da Xunta, do evento, do puntual, do fume, do Xacobeo 99.

Recoñecemos, señorías, determinados logros das celebracións do Xacobeo 99 en canto a atracción de xente, turismo, ou en canto, por exemplo, a permitírnolo acceso a determinados espectáculos que doutra maneira non serían accesibles para os galegos e galegas. Pero tamén temos que denunciar a falta de planificación e apoio diario, cotián, do que é a actividade cultural deste país. Así, pedimos plans de actuación: un plan de recuperación do patrimonio arqueolóxico de Galicia, dotado orzamentariamente cos prazos necesarios para poñer en valor o noso patrimonio hoxe soterrado nalgúns casos, ou deteriorado noutros; un programa de actuacións para desenvolver a promoción do libro e da lectura galegos; un plan que potencie o sector audiovisual en consonancia coa aprobada Lei do audiovisual de Galicia, que se viu respondida en seguida pola acción de goberno que foi destinar 60 millóns de pesetas —60 “ridículos” millóns de pesetas— para as axudas do audiovisual; unha serie de axudas e melloras á dobraxe, á profesión escénica galega, coa potenciación de series propias, que algunhas hai, pero non suficientes; a creación dunha Escola Superior de Arte Dramática Galega; a potenciación das artes escénicas galegas compaxinando itinerancia e residencia, ou a elaboración —e parécenos fundamental— dun plan de creación de infraestruturas socioculturais de Galicia que atenda ás necesidades das diferentes cidades, das diferentes vilas, dos diferentes núcleos de poboación do país. Non se trata de construír auditorios, casas da cultura ou infraestruturas sen ton nin son...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS VARELA: ...—remato, señor presidente— trátase de elaborar un plan, con prazos temporais e con financiamento axeitado, para atender as necesidades reais do país.

Pedimos tamén, señorías, que a Xunta dispoña os medios necesarios para financiar os plans alternativos ó Plan de tratamento de residuos sólidos urbanos de Sogama. Hoxe a marxinación á que se están sometendo estes plans desde o poder público da Xunta é inadmisíbel. Pedimos, señorías, a avaliación de impacto ambiental sobre os depósitos de combustíbeis que se teñan concedido ou que estean en trámite de concesión na zona de Arousa. Ou pedimos, señorías, as medidas necesarias tendentes a mante-lo centro industrial de Tabacalera da Coruña en termos operativos acordados coa súa tradición, a súa capacidade e a súa probada competitividade.

Señorías, o señor Pita onte, na súa brillante intervención laudatoria, dixo unha cousa coa que estou totalmente de acordo: "Dicir "non" pode ser bo ou malo nunhas ocasións, dicir sempre "non" é malo seguro". Pídlles que fagan un exercicio de reflexión e que non digan, coma sempre, o non polo non. Nós pretendemos ser constructivos con estas propostas de resolución. Sexan vostedes constructivos aceptando aquelas que realmente cremos sinceramente que son beneficiosas para o país, non para ningún partido, non para ningún interese que non sexa o interese da cidadanía de Galicia.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Pazos.

Defensa das propostas do Grupo Parlamentario Socialista.

O Grupo Socialista solicitou que a defensa destas propostas fora feita por tres deputados, e solicitou, ó mesmo tempo, que se lles marcara individualmente o tempo de 10 minutos a cada un deles para que suberan adaptarse ó horario. Eu vouno facer así e prego-lles que non se excedan, porque vai en detrimento dos posibles compañeiros, dos que interveñan despois.

Moitas grazas.

Ten a palabra o señor Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Señor presidente, señorías, dicía onte na súa intervención o portavoz do Grupo Socialista, o señor Pérez Touriño, que o obxec-

tivo do Goberno de Galicia na próxima década tiña que ser, fundamentalmente, inseri-lo noso país en Europa mantendo a singularidade que o caracteriza como unha nación con trazos específicos, pero conquerindo a homologación con Europa en materias sociais, económicas, políticas, de benestar. E, polo tanto, co permiso do presidente, vou consumir un primeiro tempo en falar precisamente deste último aspecto, do que significa unha integración, unha homologación en Europa en políticas de benestar, e subliñando, sobre todo, algúns elementos que onte o señor presidente da Xunta, na súa extensa intervención, non atopou o tempo para considerar ou quizais considerou que non tiñan suficiente entidade, e que son, sen embargo, factores que afectan á calidade de vida das persoas. Hai un feixe de propostas presentadas, eu tratarei de resumilas en grandes bloques para que as súas señorías teñan unha visión máis clara do conxunto das proposicións socialistas.

Primeiro tema. Sanidade pública. Sen dúbida, moito é o que se ten feito, pero non é menos certo que ata hoxe o Goberno galego non atopou tempo dabondo, o tempo suficiente e os recursos necesarios para conquerir, por exemplo, a extensión da asistencia primaria ó 100% da poboación; algo tan sinxelo como iso. ¿Quizais porque as súas señorías, os señores deputados do Grupo Popular non teñen necesidade de utilizar a rede da asistencia primaria? ¿Quizais porque non teñen que acudir ós ambulatorios ou centros de saúde? ¿Quizais por iso? Porque o custo non é tan elevado e, sen embargo, está afectando claramente á calidade de vida das persoas.

E se falamos das listas de espera nos hospitais públicos, aínda máis. É certo que non haberá esas listas de espera en urxencias vitais, ¡faltaría máis! Pero non é menos certo que as listas de espera prodúcense en especialidades que afectan decisivamente á capacidade das persoas para ter unha calidade de vida suficiente, nun país que adica un billón de pesetas anual ó orzamento público. Listas de espera en especialidades que afectan fundamentalmente ás persoas maiores, ás persoas da terceira idade, e ós colectivos con menor poder adquisitivo. Son temas sobre os que onte o señor presidente da Xunta non fixo absolutamente ningunha aclaración.

E se falamos de sanidade, quedan aínda materias importantes por desenvolver. Dende políticas de planificación familiar dirixidas fundamentalmente ós adolescentes e ós xoves, que teñen unha problemática ben coñecida na que non hai suficiente preocupación aínda por parte do Goberno autonómico, ata os problemas de colectivos moi específicos, como pode ser a saúde mental. Iso si, mentres nestes últimos anos asistimos a unha política de privatización, de desmantelamento sistemático dos servizos do Sergas, que de momento non se está avaliando na práctica como un sistema de maior calidade, de maior eficacia ou de maior eficiencia.

Segundo gran problema dentro do ámbito das políticas de benestar: os servizos sociais. Sabe vostede, señor Fraga, e se non o sabe a señora conselleira do ramo pódello poñer de manifesto, que en Galicia estamos moi lonxe das medias europeas en materia, por exemplo, de centros e de residencias para as persoas maiores. Cando en Europa a media comunitaria está en torno ó 7%, en Galicia estamos por debaixo do 1%. E aí pódense facer moitas cousas, pódense facer con investimento propio, pódense facer en coordinación coas administracións locais, pódense facer co terceiro sector, pódense facer coas entidades financeiras. Hai un amplo abano de posibilidades, pero o Goberno galego, nestes dez anos, non foi quen de reducir drasticamente esa situación.

E asemade hai outros problemas específicos en distintos colectivos que están plantexados nas proposicións. Algún moi puntual, e do que vostede falou; por exemplo, as pensións ou as axudas para as amas de casa. Xa falou diso hai un ano, e durante o último ano o Goberno non atopou o tempo nin a vontade para facelo. Peor aínda, o Goberno do Estado, a través do ministro de Traballo, acaba de plantexar retencias a esa fórmula, e mentres, unha iniciativa da oposición para substituí-lo que vostedes propoñen —que non é máis que un aval á contribución persoal a un fondo de pensións privadas—, unha emenda deste grupo que propoñía a creación de pensións contributivas a través dos mecanismos propios da Seguridade Social, foi rexeitada hai ben pouco tempo. O Partido Popular opúxose á súa toma en consideración aquí; hai un ano ofrecérono, un ano despois só o seguen ofrecendo, e non hai máis contidos. Polo tanto, señor

presidente, aí hai tamén algunhas cuestións pendentes que non se están facendo.

E o mesmo se falamos de política de vivenda. Hai un grave problema en Galicia de políticas de vivenda de protección oficial, suficientes para a demanda dos cidadáns e suficientes, concretamente, para determinados colectivos; por exemplo, para as persoas máis novas. Quizais tamén sexa algo alleo ou estea afastado da sensibilidade das súas señorías, pero hai un problema que afecta a milleiros de xoves en Galicia, que foi debatido infructuosamente nesta Cámara hai ben pouco tempo, e sobre o que cómpre tomar medidas urxentes, porque eses xoves non teñen máis oportunidade de atopar unha vivenda no mercado actual de prezos.

Terceiro gran bloque de políticas de benestar, de políticas sociais: as relacionadas co ensino. É evidente que no Pedega, por exemplo, as previsións de gasto público en materia de ensino e de sanidade van diminuír. A previsión que hai é que, a partir do ano 2005-2006 —teñen vostedes o documento—, diminúa esa previsión. Pero mentres, señor presidente da Xunta, vostede ten materias pendentes que non soubo, non quixo ou non atopou o xeito de abordar.

A primeira, o financiamento das universidades. Ben está que vostede lles diga ós rectores: Cómpre un esforzo de imaxinación. Ben está que llelo diga —por certo, hoxe replícanlle os mesmos rectores—. Nós aquí propoñémoslle unha fórmula novidosa. Se non lles gusta o Plan de financiamento, propoñémoslles que busquen un sistema de contratos-programa coas universidades baseado fundamentalmente na excelencia, baseado na calidade e baseado na consecución de obxectivos de investigación e na calidade dos servizos universitarios. Aí ten vostede unha mostra máis de cooperación e de consenso que lle ofrece a oposición e que vostedes seguramente rexeitarán.

Educación non universitaria. Vostede falou algo onte, e, por certo, trabucouse ou déronlle trabucadas as cifras do peso dos orzamentos de educación no conxunto dos orzamentos da Xunta; xa falaremos diso noutro momento. Pero é evidente que agora, precisamente agora, cando se cumpre por primeira vez en España, nada menos que por primeira vez na historia de España, a extensión da educación obrigatoria ata

os 16 anos, non existan os recursos suficientes para poñer en pé un sistema moderno, por exemplo, no ámbito das ensinanzas profesionais, e reflexionen vostedes tamén sobre o que significa que por primeira vez en España se acade a escolaridade ata os 16 anos; na historia de España, en cento cincuenta anos. Foi unha iniciativa do tan deostado por vostedes Goberno socialista, foi unha iniciativa inserta nunha lei que vostedes votaron en contra, que pese a todo, afortunadamente, se ten que aplicar. E permítame, señor presidente, que igual que vostede se pode gabar do que significou na historia de España a aprobación dunha lei como a de prensa e imprenta, que permitiu que os xornalistas en lugar de ser exiliados, perseguidos, etc., foran simplemente multados, permítame que colectivamente nos poidamos gabar de que existan leis como a universalización da sanidade ou a extensión do ensino obrigatorio ata os 16 anos, que constitúen fitos históricos para un país.

Pois ben, para poder desenvolve-las ensinanzas de grao profesional fai falta un maior compromiso en investimentos, e iso non está nos orzamentos da Xunta de Galicia, nin sequera está na opción que fan polas especialidades profesionais, de costas ó mercado do traballo, de costas ós plans de formación ocupacional. Curiosamente, cando logo se vai ler de novo o Pedega, atópase o contrario do que se fai. Hai unha filosofía do que se debería facer, etc., pero non o están a facer, e diso tampouco falou vostede na súa intervención. E por iso aquí propoñémoslles, ademais de revisar iso e poñer en relación o sistema de formación profesional co ocupacional e coas ensinanzas de persoas adultas, un cambio importante nos investimentos ata acadalo 6% do PIB para adicalo a un conxunto de necesidades que son as que tradicionalmente vimos plantexando aquí, que aparecen nos documentos teóricos de vostedes, como é o caso do Pedega, e que, sen embargo, non aparecen onde urxe máis que estean presentes, que é nos orzamentos anuais da Xunta de Galicia. Aí é onde temos unha gran distancia, por non falar das políticas de extensión cultural que nós lle propoñemos, para que poidan precisamente poñer ó servizo dos cidadáns temas dos que gustan tanto de falar, como son a autoestrada galega da información, que, sen embargo, non está a dar servizo absolutamente ningún á meirande parte dos cidadáns do país. Aí teñen resolucións que lles permitirían, sen gran

custo, poñela ó servizo dun proxecto de extensión cultural e de formación das persoas adultas.

Máis nada.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Méndez.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribarne): Señor presidente, para unha rectificación breve, se me permite.

Para tranquilidade da Cámara e do señor interpellante quero dicir que esta mañá tiven a honra de falar co señor ministro de Traballo, como fixo tamén a señora conselleira de Familia e Emprego, nunha rolda de prensa. Preguntóuselle pola proposta en relación coa xubilación mutual das amas de casa, e comprendeu perfectamente. Naquel momento el dixo que non a coñecía, polo que se lle explicou, e deu absoluta e plena conformidade á proposta da Xunta.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Fraga.

Ten a palabra a señora Villarino Santiago, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas.

A señora VILLARINO SANTIAGO: Moitas gracias, señor presidente.

En primeiro lugar, quero dicirlle, señor Fraga, que probablemente o ministro de Traballo, señor Pimentel, pola mañá fixo unhas declaracións en función dos titulares de prensa que produciu vostede en relación coa intervención súa de onte nesta Cámara, e, claro, o señor Pimentel entendeu o que teñen entendido o ano pasado e este tódalas amas de casa de Galicia, que crían que ían ter unha pensión, e preocupouse. Sen dúbida ningunha —e é normal—, cando vostede ou a señora Besteiro lle explicaron que iso non é nada, tranquilizouse, é evidente. Co cal... (*Aplausos.*), espero que a aclaración que lle fixo vostede ó señor Pimentel llela faga tamén publicamente a tódalas amas de casa de Galicia que cren, enganadamente, que van ter unha pensión.

Empezarei co que ten que ver coas propostas de resolución do Grupo Socialista nas áreas de infraes-

tractura, medio ambiente, industria, agricultura, pesca, economía e emprego. Nós, como dixó onte o noso portavoz e recordaba agora mesmo o señor Méndez Romeu, plantexamos, desde a intervención do noso portavoz de onte, e por suposto, como non podía ser doutra maneira, co contido das nosas propostas de resolución que iniciemos uns novos dez anos con obxectivos concretos; que nestes próximos dez anos os gobernos galegos, os galegos no seu conxunto, non esteamos a ve-las vir co que pasa na economía e na sociedade galega, e que nos plantexemos un obxectivo claro e contundente, e o obxectivo claro e contundente dos socialistas galegos é que dentro de dez anos queremos ser galegos como agora, pero queremos, en todo o demais, ser igual que o resto das rexións máis desenvolvidas de Europa. Querémo-la educación de Europa, querémo-la sanidade de Europa, querémo-las infraestruturas de Europa, querémo-los sectores productivos de Europa, sendo galegos.

Esa é a liña argumental e a liña estratéxica de todas as nosas propostas de resolución, porque nestes últimos dez anos —e vou pasar moi rapidamente por encima— hai que dicir que claro que medramos, ¡faltaría máis!, claro que melloramos, ¡faltaría máis!, pero en termos relativos estamos exactamente igual que antes, e nalgúñas cuestións incluso estamos peor. En termos de PIB pesámo-lo mesmo que hai dez anos, unha décima menos, pero en todo o demais, en poboación activa, en taxa de ocupación, en todo o que ten que ver coa converxencia real, absolutamente en todo, estamos en peores condicións que hai dez anos, e nós por iso queremos deixar claro, fixa-lo obxectivo, e camiñar nesa dirección. Por poñer un exemplo, nos últimos catro anos, a vostedes que tanto falan da converxencia de Galicia, direilles que nos últimos catro anos a converxencia en Galicia foi inferior á media das rexións españolas, e mesmo sómo-la cuarta Comunidade Autónoma en converxencia empezando por abaixo.

Nese sentido, insisto, ¿que plantexamos os socialistas? En primeiro lugar, no tema infraestructural, no tema das infraestruturas, que tanto ten que ver coa competitividade da economía galega, coa competitividade de Galicia como área, como rexión económica, e mesmo, por suposto, coa calidade de vida dos cidadáns de Galicia, reclamamos unha vez máis a necesaria concertación entre o Goberno galego e o

Goberno do Estado para conquistar que Galicia quede conectada ós trens de alta velocidade, tanto ata Valladolid como con Portugal, e, desde logo, a necesaria modernización da rede interior galega dos camiños de ferro.

En segundo lugar, plantexamos de novo —e é exactamente igual cá do ano pasado— as grandes infraestruturas, que teñen que ver cos presupostos xerais do Estado e que están exactamente igual que estaban no debate do estado da Autonomía do ano pasado, desde o corredor do Cantábrico á autopista tan mencionada de Santiago-Ourense, etc.

E nós dicímo-lle ademais ó Goberno galego que é necesario abordar unha política global de peaxes, porque pouco importa, tamén é certo, que se fagan investimentos multimillonarios en infraestruturas para articular-lo territorio galego se despois resulta que témo-la barreira das peaxes; que, nun caso concreto, no caso concreto da peaxe da ponte de Rande, ou da peaxe que vai desde Pontevedra a Vigo, impide a relación natural dunha rexión económica, que a pesar de todos eses atrancos se consolida e crece, porque de feito non hai un vial público alternativo. Logo plantexamos, por iso, unha política de peaxes na que as infraestruturas que hoxe temos en Galicia poidan ser utilizadas en toda a súa capacidade, en toda a súa virtualidade. Ademais, plantexamos, por outra parte, unha cuestión que xa expuxo o señor Cufiña incluso antes de que esta deputada estivese na Cámara, o segundo plan galego de infraestruturas, no que nós cremos que hai que recolle-las conexións entre as comarcas, entre as áreas urbanas, as necesarias infraestruturas que articulen e vertebran calquera territorio galego, e que nos permita ademais, como dicía antes, ser máis competitivos en todo o que ten que ver coas infraestruturas, tanto coas estradas como cos portos ou con todo tipo de infraestruturas.

Por último, hai que dicir que é imprescindible, desde o noso punto de vista, un plan de actuación en materia portuaria para os portos que teñen que ver coa Comunidade Autónoma, que son competencia da Comunidade Autónoma. Nós cremos que hai que facer un plan de mellora e de equipamentos, un plan de usos e unha cousa tamén moi importante, aínda que ás veces queda absolutamente maxinada, que é a propia integración destes portos no que é o contorno urbano.

No que respecta ás nosas propostas de resolución sobre medio ambiente, en primeiro lugar temos unha que quere resaltar ata qué punto o tema medioambiental non é unha preocupación fundamental do Goberno de Galicia, porque non hai máis que mirar, primeiro, cándoo se crea a Consellería de Medio Ambiente; segundo, qué competencias ten, e, terceiro, de qué presuposto dispón. Pois estes tres elementos, que, digamos, graficamente poderían medi-la vontade medioambiental do Goberno galego, véñennos dicir que para vostedes os temas medioambientais son temas absolutamente marxinais. De feito, nós facémoslles unha proposta de resolución que ten que ver neste sentido coas propias competencias e configuración da consellería, e, sobre todo, con que se desenvolva a lei aprobada nesta Cámara, de protección ambiental de Galicia, para que poida producir efectos en tódolos ámbitos.

Plantexamos tamén a necesaria avaliación de cál é o impacto do conxunto dos parques eólicos de Galicia. Logo temos unha proposición, tamén de resolución, con respecto ó Plan enerxético de Galicia, pero moito tememos que se non empezamos a ter unha visión de conxunto do que están sendo os parques eólicos, ó mellor, ó finalizar esta década, teñamos máis parques eólicos que montes, esaxerando; é dicir, que non haberá ningún monte que no cumio non teña un parque eólico. E nós cremos que iso hai que empezar xa a ve-lo no conxunto neste mesmo momento.

Pero neste aspecto, señor presidente, no aspecto medioambiental, quérolle reiterar e recorda-lo ofrecemento de consenso que onte, no seu discurso, facía o noso portavoz. Nós somos conscientes, somos un partido responsable, e sabemos que a eliminación e o tratamento dos residuos sólidos urbanos é un dos problemas fundamentais e importantes que teñen hoxe tódalas sociedades modernas e as sociedades fundamentalmente urbanas, e xa empeza a haber conciencia, como non podía ser doutro xeito, de que tamén é un problema na sociedade no medio rural.

Eliminación dos vertedoiros incontrolados, o tratamento ou eliminación dos residuos sen ningunha garantía medioambiental, entendemos que eses son tempos pasados, e nós, os socialistas de Galicia, queremoslle plantexar un acordo en torno á reforma da Lei de eliminación de residuos, en torno ó Plan de trata-

mento e eliminación de residuos. Nós entendemos que hai que buscar unha reforma que permita o consenso de tódolos grupos políticos.

Señor presidente, estame acendendo a luz amarela, co cal temo que non vou ter moito máis tempo para rematar. En todo caso, co que si quero rematar é dicindo que polo que ten que ver con tódolos sectores productivos, con todos temos propostas de resolución tendentes á planificación e á modernización, pero non quero rematar sen facer fincapé no que é o Plan de crecemento e emprego aprobado nesta Cámara polo Partido Popular, polo partido que apoia o Goberno. Nós dixémoslle sempre, en tódalas iniciativas que teñen que ver co emprego, señor Fraga, que vostedes terían que facer un plan avaliable, un plan no que se puideran medi-los resultados, e agora facémoslles unha proposta de resolución na que lles pedimos que redefinan ese Plan de crecemento e emprego e que o fagan avaliable; que doten as medidas de reordenación e redución de xornada...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora VILLARINO SANTIAGO: ...—xa estou rematando, señor presidente— dos fondos necesarios e, sobre todo, de vontade política de levalas adiante; e plantexamos como obxectivo que no 2006 teñamos que a taxa de desemprego sexa igual á da media europea.

O de que sexa avaliable é tan importante —e xa remato, señor presidente— que un dos libros que ten que ver co conxunto dos libros do discurso de onte do señor Fraga, do señor presidente, o máis gordo de todos, fala de proxectos e realizacións. Aquí teño unha fotocopia dunha das páxinas que ten que ver coas políticas activas de emprego, factor prioritario no desenvolvemento de Galicia. A acción chámase "Formación profesional ocupacional para desempregados", Plan FIP. Ben, pois na segunda folla, na que fala de realizacións, di: "Realización 1, cursos de plan nacional de formación e inserción profesional dirixidos ós desempregados.

Cuantificación en unidades físicas. ¿Número de cursos programados? 1.845. ¿Alumnos participantes? 27.675. ¿Cuantificación en millóns de pesetas? 7.349 millóns de pesetas. ¿Alumnos insertados no mercado

laboral?" Ese apartado non figura xustamente nesta páxina de realizacións...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora VILLARINO SANTIAGO: ... sendo unha cousa tan importante. Xa remato, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Estalle restando tempo ó seu compañeiro.

A señora VILLARINO SANTIAGO: Si, si, xa remato.

Espero da súa boa vontade que non vaia en detrimento do meu compañeiro.

O señor PRESIDENTE: A miña vontade é boa pero o reloxo tamén.

A señora VILLARINO SANTIAGO: Espero que sexa vostede xeneroso. Remato xa, señor presidente.

Señor Fraga, a nós gustaríanos que, en primeiro lugar, se fixen unha meta, non porque vaian vostedes goberna-los próximos dez anos, non, senón porque creo que sería bo que ese obxectivo de poñer a Galicia en Europa fose un obxectivo de tódolos grupos da Cámara. En todo caso, niso, e no que sexa bo para Galicia, sabe vostede que contará sempre co apoio dos socialistas de Galicia.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señora Villarino.

Ten a palabra o señor Rego González.

(A señora López Besteiro pide a palabra.)

¿Para que quere a palabra, señora López Besteiro?

A señora CONSELLEIRA DE FAMILIA, PROMOCIÓN DO EMPREGO, MULLER E XUVENTUDE (López Besteiro): Para unha aclaración, señor presidente.

A señora deputada dixo que as amas de casa xa sabían que esta pensión de xubilación mutua, con garantía da Xunta de Galicia, non servía para nada. E eu teño que dicir que todo o proceso se iniciou por petición da propia asociación de amas de casa e que elas manifestaron estar moi satisfeitas con esta medida, que, evidentemente, é unha pensión que ten carácter contributivo, pero realmente están satisfeitas con ela.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias.

(A señora Villarino Santiago pide a palabra.)

¿Señora Villarino?

A señora VILLARINO SANTIAGO: Para unha cuestión de orde.

O señor PRESIDENTE: Vostede dirá.

A señora VILLARINO SANTIAGO: É que a señora conselleira interpretou xustamente ó revés as miñas palabras, e quero clarexalo. O que dixen é que as amas de casa creron no titular do periódico, que ían ter unha pensión, o mesmo que creu o señor Pimentel. Creo que literalmente estas son as miñas palabras. Elas están convencidas de que van ter unha pensión e o señor Pimentel preocupouse. Se o señor Pimentel se despreocupa cando vostedes lle explican qué significa iso dunha pensión contributiva, que non é máis que un plan de pensións privado, pois ó mellor, cando lles explique iso ás amas de casa de Galicia, empezan a preocuparse elas.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias.

(A señora López Besteiro pide a palabra.)

Estamos reabrindo uns debates aquí que non...

A señora CONSELLEIRA DE FAMILIA, PROMOCIÓN DO EMPREGO, MULLER E XUVENTUDE (López Besteiro): Si, señor presidente, pero só para dicir que así se lles explicou ás amas de casa.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias.

Ten a palabra o señor Rego González.

O señor REGO GONZÁLEZ: Señor presidente, señorías.

Señor presidente do Goberno, señor Fraga Iribarne, as cousas neste país van cambiando algo e de xeito acelerado, xa que vostede, que pretende dar unha explicación aquí, parece que non convence nin sequera os membros do seu Goberno, que se ven obrigados a retrucarlle incluso a vostede, e a explicar mellor o que parece que vostede non explicou ben. Certamente, é chamativo. O que acontece é que, claro, vostedes pretenden vestir un santo que, polo que parece, vai seguir espido ó longo deste debate, e o que é máis triste para as amas de casa, bastante tempo máis, ata que vostedes deixen de gobernar neste país. Isto seguramente vai ser así.

Señorías, señor presidente da Xunta, o portavoz do Grupo Parlamentario Socialista no día de onte ofrecíalles a vostedes a posibilidade de acordos, despois dun debate certamente rigoroso, despois de plantexala visión que os socialistas temos da evolución do noso país ó longo dos últimos anos, e tamén despois de plantexala visión que temos da negativa situación que estamos atravesando, aínda a pesar de recoñecer que se produciron algunhas melloras certamente importantes. Tamén o dicía o noso portavoz, e incluso atribuía algunhas delas ó Goberno que vostede preside.

Pero tamén dicía o portavoz do Grupo Parlamentario Socialista, señor presidente, que para iso era necesario que vostedes cambiaran as súas formas de facer política, que vostedes cambiaran as súas formas de entender, mesmo, o respecto ás regras de xogo dentro do noso país. E respecto das regras de xogo, señor presidente, da Xunta, gustaríame facerlle unha pregunta: ¿quen deu a orde de que non se televisara este debate? ¿Nada máis se poden televisalos debates a través da Televisión de Galicia, que pagamos todos, cando vostede intervén nesta Cámara? Iso quere dicir que non se televisará nada máis ca un, porque o día que vostede non intervén parece que ten prioridade sobre o que estamos a falar, que son os problemas do noso país, *Las tardes con Ana*. Iso ten prioridade, señor presidente. ¿Quen deu orde de que acontecera iso? ¿En cantas comunidades autónomas

de España acontecen estas cuestións? Expliquen vostedes iso. Por iso é bo que se respecten, señor presidente, as regras de xogo, cando menos as que existen, e algunhas seguramente será conveniente modificalas.

Os socialistas plantexamos onte no debate que era preciso acometer unha reforma da Administración pública, un proceso de reforma de profesionalización e modernización da Administración pública en Galicia. Mesmo que tamén se tivese en conta o respecto polas regras de xogo no acceso a esa Administración pública en igualdade de oportunidades, que debe de estar, señor presidente, garantida para todos, cuestión que hoxe parece que, día tras día, como estamos a ver, cada vez os cidadáns están máis convencidos de que non é así.

A Administración pública, señor presidente, é clave na súa relación cos cidadáns, é clave para que funcionen os servizos nun país, e, polo tanto, hai que acometer procesos de reforma que garantan a eficiencia, a eficacia, a capacidade e a transparencia dentro da acción da Administración pública do noso país. Aí ten vostede propostas de resolución abundantes, do Grupo Parlamentario Socialista, que van dende que a Xunta de Galicia impulse, ¡como non!, e lidere a redución da xornada, a que se respecten as regras de xogo no marco das relacións laborais, que se eliminen as horas extraordinarias e a outro tipo de iniciativas, señor presidente, que deberían de contribuír a unha profesionalización, e que a Administración pública galega fora quen dera exemplo no marco de relacións laborais dentro do noso país.

Señor presidente, nas nosas iniciativas van tamén unha cantidade certamente considerable de propostas que teñen moitísimo que ver co resultado e coa eficacia que deu a administración paralela que vostedes crearon na xestión de moitos recursos públicos no noso país. Véxase as fundacións, véxase outro tipo de organismos que teñen fracasado estrepitosamente na xestión dos recursos públicos.

Nós, incluso, non imos aquí poñer en cuestión que ó mellor algúns deles o fixeron con boa intención, pero vostedes saben perfectamente que o modelo de fundacións ten fracasado estrepitosamente neste país. Vostedes saben perfectamente que hai modelos de administración de recursos públicos que son opacos, que

non son transparentes, que non pasan por este Parlamento, que ademais de ser absolutamente opacos son absolutamente ineficaces no que é o gasto público, no que é o gasto de recursos públicos, absolutamente ineficaces, por iso nós pedimos e propoñemos, señor presidente, que dunha vez por todas se vaia á disolución de fundacións que son absolutamente inoperativas, que son un novo gasto para a Administración e que, ademais, non facilitan para nada a mellora de ningún tipo de servicios nin de xestión dos recursos públicos. Véxase a Sociedade Pública de Desenvolvemento Comarcal, véxase as fundacións hospitalarias e outro tipo de *chiringos* que vostedes foron creando, que non son nada máis nin nada menos que centros de dispersión de recursos.

A todo isto, señor presidente, os socialistas engadímoslle a necesidade imperiosa de que se regule dunha vez por todas, a través dun proxecto de lei, a política de subvencións do Goberno de Galicia. É imprescindible que as regras de xogo, na política de subvencións, estean claramente especificadas e sexan iguais para todos, e que nas subvencións, ademais de dalas e garantir que se produzan en debidas condicións e co debido respecto á legalidade vixente, señor presidente, se busque a maior eficacia posible, e que tamén a eficacia desas subvencións se mida. E, polo tanto, nada hai que poida, señor presidente, dunha vez por todas, regrar esta política de subvencións e dotala da maior transparencia e efectividade posible que un proxecto de lei de subvencións que está a pedir todo o mundo neste país, incluído o propio Consello de Contas de Galicia, para buscar optimiza-la xestión dos recursos públicos e un marco transparente baixo os principios da economía e da eficacia, señor presidente, que polo de agora parece que non se ten feito. E isto non o dicimos soamente os socialistas, non o dicímo-los grupos da oposición, non o di ningún que estea en contra do propio Goberno, dío o propio Consello de Contas de Galicia, que vostede presumía aquí o día de onte que se creara. Por certo, esqueceu vostede de dicir, señor presidente da Xunta de Galicia, que o Consello de Contas de Galicia, o Consello Consultivo de Galicia e outros organismos que á súa chegada a Galicia propiciou que se crearan, foi co consenso do Grupo Parlamentario Socialista, cuestión que vostede esquece de xeito sistemático. Non sería posible, e vostede sábeo perfectamente, que sen o consenso do Grupo Parlamentario dos

Socialistas de Galicia puideran crear todo isto. Sábeo sabe vostede perfectamente, e de vez en cando sería bo que o recordase tamén. Ese xesto de xenerosidade seguramente non iría para nada en detrimento do seu discurso, señor presidente.

Polo tanto, señorías, queremos ademais marcar con claridade o respecto polas regras de xogo do propio Executivo con esta Cámara, coa primeira institución do noso pobo. ¿Que problema hai, señor presidente, para que vostede veña aquí a este Parlamento a contestar tres preguntas da oposición que atendan e que demanden problemas de interese xeral dos cidadáns do noso país? ¿Que problema lle crea a vostede iso? ¿Ocúpalle a vostede moito do seu tempo vir aquí cada Pleno a responder cuestións plantexadas polos grupos da oposición que teñen que ver co seu labor como presidente? ¿Que problema lle crea a vostede iso? ¿Considera vostede normal que vostede veña aquí e compareza antes de que se debatan e se presenten no Parlamento os presupostos xerais do Estado, e nos diga a todos cal é a estratexia que o Goberno lle plantexou ó Goberno da nación diante dos investimentos que se deben de priorizar dentro da nosa Comunidade Autónoma, aínda sabendo que as que son competencias do Estado terán que ter unha visión de país, pero tamén terán que te-la visión do Goberno de Galicia, e, polo tanto, tamén a visión deste Parlamento, señor presidente? ¿Que problema hai para todo iso?

¿Que problema hai para que vostede compareza neste Parlamento antes da celebración no Senado de cada debate sobre o estado autonómico do noso país? ¿Que problema hai para que vostede veña aquí e recolla a opinión dos grupos da oposición, e que dunha vez por todas vostede leve o que pensa esta Cámara, o que pensa a sociedade galega que aquí está representada, señor presidente? ¿Que problema hai, señor presidente, para que os conselleiros e o Goberno remitan puntualmente a esta Cámara a documentación que lles é reclamada polos grupos da oposición? Non debería haber ningún problema por ter un respecto escrupuloso ás regras de xogo, porque iso ó final, señor presidente, enriquecería o labor parlamentario, enriquecería este Parlamento, e incluso estou completamente convencido de que enriquecería o labor do Executivo.

O noso portavoz, señor presidente, establecía tamén onte a necesidade clara de crear un marco de relación institucional en Galicia, claro e eficaz, que fose corresponsable entre as distintas administracións, baixo criterios de corresponsabilidade, señor presidente, a relación coa Administración local, o pacto local do que vostedes falaron moitísimas veces, tantas como incumpriron todas cantas cousas fixeron, señor presidente. ¿Cantas competencias transferiron vostedes ós concellos durante os dez anos que vostede leva gobernando en Galicia? ¿Cantos recursos transferiron ós concellos para desenvolver esas competencias? ¿Cantas subvencións regradas desviaron vostedes ós concellos?

Señor presidente, é verdade que vostedes aprobaron neste Parlamento unha Lei de Administración local de Galicia, pero non é menos certo, señor presidente, que levan máis dun ano e medio de atraso no seu desenvolvemento regulamentario. E vostedes saben perfectamente que esta lei non serve de nada en tanto en canto non se acometa o seu desenvolvemento regulamentario, pasando pola creación, a elaboración e a presentación neste Parlamento dunha Lei de facendas locais, señor presidente, que é imprescindible dentro do noso país, e cando vostedes defenderon a Lei de Administración local de Galicia, daquela, xa o dixeron. Déronse un ano de prazo para o desenvolvemento regulamentario desta lei, e levan outro xa, ademais daquel que vostedes se deron, señor presidente. Polo tanto, aí van as nosas iniciativas.

¿Por que non se desenvolve regulamentariamente esta lei tendo en conta a creación necesaria das áreas metropolitanas das sete grandes cidades de Galicia, señor presidente? Aí ten vostede outra cantidade importante de propostas de resolución que nos parece que son factibles de atender.

Señor presidente, ¿por que hoxe en día non hai postos xa en marcha plans integrais de emprego conxuntamente cos concellos de Galicia, con aqueles concellos máis importantes principalmente, e con aqueles que teñan interese en que a Administración local, que deberemos de facer todos, que é a Administración máis próxima ós cidadáns, se comprometa co principal problema que ten neste país a cidadanía, que é nada máis e nada menos que o problema do desemprego? ¿Cal é o problema para que a

Xunta de Galicia non poida acometer plans integrais de emprego nos distintos concellos da nosa Comunidade Autónoma?

Señor presidente, quero rematar dicíndolle tamén que vostede debería ter plantexado, e nós así o reivindicamos, un modelo de financiamento autonómico a proposta do Goberno galego sobre o modelo de financiamento autonómico que vostedes defenden. Parece bastante razoable que vostedes traian a esta Cámara unha proposta de modelo de financiamento autonómico que vostedes defenden para o noso país, porque ademais de ser necesario e de estarmos diante dun proxecto e dun modelo de financiamento autonómico que está absolutamente caduco e que non ten ningún tipo de sentido manter xa, porque xa ninguén o defende, nada máis que o Partido Popular, parece que debería de abrirse un debate para consensuar un novo modelo de acordo con principios de igualdade, autonomía, e suficiencia financeira, de reequilibrio territorial e de solidariedade, señor presidente. Aí tamén ten vostede unha iniciativa.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor REGO GONZÁLEZ: Remato, señor presidente. Paréceme, señor presidente da Xunta de Galicia, que vostedes deberían de traer a esta Cámara, dunha vez por todas, buscando o máximo consenso posible, un debate sobre un pacto federal estable, señor presidente, que tivese como obxectivos o modelo de financiamento autonómico do que lles falaba, a reforma do Senado en Cámara territorial, o desenvolvemento de mecanismos federais de cooperación, a protección de feitos diferenciais, a participación de Galicia na Unión Europea. Algunha cousa destas, de xeito illado, é verdade que se vai facendo, e vostede onte facía referencia a ela no discurso, señor presidente, pero en Galicia e dende Galicia temos que ter un posicionamento claro na reivindicación dese modelo, dentro do noso marco constitucional e, dende logo, dentro do noso marco estatutario. As lagoas que se van producindo favorecen, señor presidente, outras opcións que seguramente non desexa vostede nin nós.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Rego.

(*O señor Pérez Varela pide a palabra.*)

¿Para que quere a palabra, señor Pérez Varela?

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO (Pérez Varela): Señor presidente, unha cuestión de orde para aclarar unha das cuestións que plantexou o señor deputado, que preguntou por qué non se debate na televisión esta sesión. Sabe vostede e saben os membros da Cámara que hai un pacto non escrito de que se transmite sempre todo o debate. Desde o ano 1993 transmítese o debate, e despois diso faise un resumo amplo das proposicións ó final da noite, pero vén sendo así sempre. E se os grupos de cara ó futuro queren plantexar outro tema, que os representantes dos grupos o falen, e que o falen coa Televisión de Galicia.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor conselleiro.

Ten a palabra o señor Rego González.

O señor REGO GONZÁLEZ: Si, señor presidente. Eu creo que non se me entendeu ben. Do que non cabe dúbida é de que a intervención do señor conselleiro xa deixa claro quen deu a orde de non retransmitilo, e, polo tanto, nós agradecémolo. En calquera caso, queda plantexada a cuestión que dixo o señor conselleiro.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Rego.

Ten a palabra o señor Suárez Canal polo Grupo Parlamentario do BNG para a defensa das propostas de resolución.

O señor SUÁREZ CANAL: Parece que estamos na sesión do *pasimist*, *pasimisá*.

Señor presidente, señoras e señores deputados, a resolución na terminoloxía científica, como concepto científico, normalmente enténdese que é o remate dun problema, dunha cuestión, dun teorema, etc., en definitiva, o remate dunha etapa do pensamento científico, que pode ser conxuntural ou estrutural, e a aparición dunha nova. Non significa, por suposto, a desaparición de todos os problemas e das cuestións científicas,

senón a superación dunha etapa e o inicio doutra, a superación dunha parcela do pensamento que aparecía con máis sombras que luces, a superación dunha parcela que aparecía opaca, oculta á racionalidade. E nese sentido entendemos nós que as propostas de resolución do BNG, transportadas á política, teñen perfecto encaixe neste debate, mesmo como conclusión del.

Significan, ao noso xuízo, e a grandes trazos — mellor dito, significarían, de terse aprobado ou de seren aprobadas—, o remate dunha etapa pouco productiva en termos relativos, e comparativamente con outras zonas do Estado e mesmo do contorno europeo, e o inicio dunha nova. Trataríase, en definitiva, coas nosas propostas de resolución, como dicía Bertolt Brecht, de introducir a luz da razón en zonas da acción política que hoxe permanecen claramente ocultas, de sentar, en definitiva, os alicerces dun proxecto de país.

Porque é importante darnos conta, para entendelas nosas propostas de resolución, de que a etapa que se analizou aquí, e que de xeito acumulativo se superpón a outras ao longo de dez anos, se caracteriza fundamentalmente por dúas cousas; a etapa das carencias e das ausencias. Carencia dun presidente, carencia dun goberno, funcionamento como xestoría administrativa de recursos, *cicateira* e avara, ademais, sen iniciativa política, exteriorizando sempre unha supe-ditación a decisións que se toman fóra. O Goberno, o presidente, estiveron en termos políticos, e en termos relativos comparativamente con outras zonas, absolutamente parados. Temos un Goberno e un presidente parados, iso si, cobrando un bo subsidio. E nós, coas nosas propostas de resolución, pretendemos superar esa etapa, etapa que mesmo quedou en evidencia como unha etapa de carencias e de ausencias no propio discurso do presidente. O que son liñas políticas básicas que deben articular un discurso sobre o estado da nación non apareceron máis que como literatura barata, e ademais nos mesmos termos que se puideron facer no ano 1990, no ano 1991 ou no ano 1992, evidenciando que nesas grandes liñas políticas o Goberno Fraga, nestes dez anos, non significou ningún avance para o noso país, e na súa argumentación, como cortina de fume, tivo que recorrer aos pequenos datos, mesmo ata a falarnos das chamadas do 061. Os microdatos, señor Fraga, teñen interese nun debate

político da envergadura de onte como anécdota, pero vostede elevounos á categoría de argumento, e as nosas propostas de resolución pretenden superar esa etapa na que, máis que un presidente, tivemos unha correa de transmisión dunha política decidida fóra. E xa saben vostedes que nos coches é importante cada certo tempo cambiar a correa de distribución. Nós hoxe non propoñemos aínda cambiar a correa de distribución, pero si que propoñemos cambios, propostas e iniciativas que fagan que a Xunta sexa o auténtico motor dese coche e non só a simple correa de transmisión.

As nosas propostas de resolución, señoras e señores deputados, non son a panacea universal, pero representan un punto de inflexión, a modificación, como dicía onte o noso portavoz, da tendencia da curva para que empece a ser ascendente. Significan facer país ao andar, con ideas, con proxectos, con propostas. Vendo o que está a ocorrer hoxe e vendo o seu discurso onte, señor Fraga, temos que dicirlle que o que nós propoñemos non é outro xeito diferente de entender o país do seu e do do Partido Popular, non é un xeito diferente de entender o país do Goberno, trátase simplemente de establecer un xeito de entender o país, porque ata agora non o houbo. Ese é o gran problema nestes dez anos de Goberno, nin sequera podemos falar dun xeito diferente. O Partido Popular careceu de proxecto centrado en función dos intereses do país, e descubrimos ademais, no propio discurso de onte e na executoria deste último ano acumulada sobre outros dez, cal é o gran amor, a gran paixón, do señor Fraga: a paixón polo poder. Ese é o seu *leitmotiv*, que explica moitos dos seus comportamentos e a carencia de iniciativas. É como a Natalie Abaschvili do *Círculo de tiza caucasiense* de Bertolt Brecht; aquela co fillo, vostede co país. O seu interese nela polo fillo, e en vostede polo país, é polo que lle pode significar para o seu proxecto de permanecer no poder, a megalomanía e o boato. E tamén, como a muller do gobernador da obra de Brecht, está disposto a tirar dese país ata escachalo se iso lle é útil para o seu obxectivo persoal. Aínda que, seguindo a metáfora de Brecht, tamén aquí existe a Crusche que ten o seu proxecto centrado no país, porque pertence a el, porque cre nel e porque está disposto a poñer as súas enerxías vitais ao servizo dos intereses que en realidade debe defender. E cada vez tamén esperamos que o pobo galego exerza coma ese xuíz Azdak e que aca-

be dándose conta de onde están as malas artes e quen ten como único obxectivo a vocación de eternidade no círculo polar ártico do poder. E digo círculo polar ártico porque, señor Fraga, empezo a notar que xa nota vostede o frío do ocaso.

En definitiva, seguindo esa cita da que me valín no discurso, teño que dicirlle que xa vai sendo hora de que o val se lles entregue aos que o regan, para que dea froito, e non aos que parasitan nel. As nosas propostas representan esa auga, esa *savia* que precisa o noso país, que empeza a estar en moitos sectores productivos murcho con tantos anos de seca política. E é suficiente, pero tamén necesario, que se empecen a plasmar políticas activas que descubran o potencial que hai nesa base material. Porque resulta paradoxal que ante a evidencia dos datos, señor Fraga —e permítame que lle chame así, porque a vostede o cargo para o que o investimos aquí vénlle grande—, se empeña en presentar un balance coma se fora unha venda para ocultar o que só a escuridade, a falta de luz, a parafernalia escurantista e publicitaria, a negación a televisar debates coma este neste momento concreto, poden impedir ver á cidadanía.

No balance, vostede contounos de forma absolutamente trabucada e interesada, como os matuteiros do ribeiro, unha parte do asunto, e en política convén poñer en claro os dous aspectos da balanza; se non, o que se está a facer é tratar con medidas trucadas, alteradas, é dicir, facendo trampas.

Para saber se o fiel da balanza se inclina nunha dirección ou noutra convén poñer as cousas claras, nos dous pratinos, que ademais serán os que permitirán, como conclusión do debate, presentar unhas propostas de resolución acaídas. A parte positiva, adulterada en certa maneira, como eu lle dicía, e con moito matute, xa a presentou vostede onte. Eu non lle vou poñer aquí todo o negativo que ten o outro pratinho, levaríame seguramente moito tempo, pero si vou relativizar ese aspecto que vostede presentou dun lado para que poidamos entender cal é o pratinho que pesa máis e cómo en realidade necesitamos un impulso, un novo peso, un cambio nas formas e no fondo de facer as cousas para que o país pese máis, para que non pese máis o pratinho dun presidente —como dicía o noso portavoz— inane, e pese máis o pratinho do país.

Necesitamos nesa dirección aprobar tamén as propostas de resolución do BNG, pois a relativización que cómpre facer aquí, aínda que sexa a grandes trazos, é á que xa me teño referido noutras ocasións nesta Cámara. Señor Fraga, nos dez anos de goberno, se contamos o exercicio que iniciamos agora, ao que vostede tamén se referiu, vostede manexou nin máis nin menos que 9 billóns de pesetas de hoxe de recursos públicos, o 10% desa cantidade non se lle oculta a vostede que son 900.000 millóns de pesetas. Pois ben, simplemente con que o 10% dos recursos que vostede manexou estivesen mal utilizados, en política clientelar, en política de dilapidación —e exemplos diso hai dabondo como para que pensemos que supera o 10%—, as circunstancias do noso país, de dez anos de goberno, modificaríanse pola forma, polo fondo, e de arriba a abaixo, porque 900.000 millóns de pesetas de recursos públicos postos a producir nunha dirección adecuada permitirían, por exemplo, modernizar o ferrocarril no interior do noso país, realizar as vías de transporte intermodal e as conexións transversais, permitirían modernizar os nosos portos, recuperar unha parte importante do noso patrimonio, mellorar de xeito notable o noso ensino e a nosa sanidade con centros e dotacións, dinamizar os nosos sectores productivos, incentivar políticas reais de igualdade entre os homes e as mulleres e, sobre todo, atender, por suposto, as mulleres que sofren malos tratos, procurando garantirles un emprego digno, incentivando o emprego xuvenil, creando 20.000 postos de traballo non precarios, potenciando a vertebración do país a través da comarcalización e dunha estruturaación equilibrada.

Ese sería o cambio que permitiría unha acción de goberno que tivera os pés centrados no país. En definitiva, poderíamos aspirar a algo máis que a ser a rexión obxectivo número 1 que eramos cando chegou ao Goberno e seguimos sendo hoxe. Esa é a súa herdanza política, porque a nosa base material non está posta a producir, e iso é o que pretendemos nós transformar coas nosas propostas de resolución.

Son trazos as nosas propostas de resolución, pero son trazos suficientes que permitirían cambiar a acción política dun goberno, e teña en conta que, desde a nosa perspectiva, é moi importante aspirar a ese tipo de cambios, aspirar a esas modificacións, empezar a tomar en serio iso que tanto lle gusta dicir a voste-

de: “A realidade do país”. Esa relativización que eu lle acabo de facer dos balances enormemente triunfalistas e positivos que vostedes nos presentan nesta Cámara serían suficientes para dicirlle a vostede, señor Fraga: Ata aquí chegamos, agora o importante é empezar a traballar, e non para o inglés ou para o español ou para as ansias de poder do presidente, senón para o país. E esas propostas de resolución esperamos que sexan aprobadas por esta Cámara porque conteñen realmente os alicerces dese cambio que o noso país está precisando como auga de maio, aínda que a nosa esperanza non é moi grande en que se aproben, porque realmente este grupo parlamentario —e tivemos onte outra mostra por medio do portavoz que actuou— máis que a un grupo parlamentario parécese a aquela peña futbolística dun club de fútbol que ten un presidente cun nome de pía que coincide co do señor Fraga. O club de fútbol Betis, que ten como presidente ao señor Ruíz de Lopera, ten unha peña —entre as moitas— que se bautiza co nome “*Lo que diga don Manuel*”. Pois, realmente, co funcionamento do portavoz do Goberno onte, podemos aspirar a pouco porque, en realidade, aquí o que importa é o que diga don Manuel, e don Manuel xa sabemos o que di: Aquí hai que traballar para o inglés, para o español ou para quen cadre, pero non para o galego e a galega. Ese é o problema fundamental.

Conciban, pois, as nosas propostas de resolución como remate dunha etapa, a superación desta e a posta en marcha dos alicerces dunha nova. Non entrarei polo miúdo en cada unha delas e vounas articular na súa defensa en seis grandes bloques.

O primeiro bloque das nosas propostas de resolución refírese ao terreo político, e nas nosas propostas, no terreo político, incidimos en reclamar que pasen vostedes do “estar” ao “ser”, porque, ademais dunha perspectiva filosófica, tamén se trata dun plantexamento político. Sabemos que está a Xunta, sabemos que está o presidente, pero o que sabemos tamén é que non son nin poder executivo nin goberno deste país. Nas nosas propostas de resolución concíbense precisamente unha serie de iniciativas políticas que propoñen que o Executivo galego e que o presidente actúe como tal, para o que foi investido, e que en realidade o noso país pese no marco político do Estado e de Europa como o que lle corresponde, nin máis nin menos, como un país con capacidade, con proxectos,

con ideas e, sobre todo, que aspira a decidir por el mesmo, dentro do actual marco, intentando aproveitar todas as potencialidades que ese marco ten. Iso é o que propoñemos hoxe aquí como resolucións no debate.

Fíxense vostedes, propoñemos que o artigo 152 da Constitución se converta en algo máis que en retórica e que se reclamen competencias concretas, e non o que se fixo no debate pasado, que fixemos unha declaración de retórica sen contido, exactamente igual que o artigo 131, é dicir, que aspiremos realmente a máis competencias, que digamos cáles queremos, que as traíamos a este Parlamento e que as reclamemos.

Fíxense vostedes, outras comunidades do Estado español que non teñen o carácter histórico, desde o punto de vista constitucional, están hoxe modificando os seus estatutos para aspirar a máis competencias, e aquí o presidente Fraga e o seu grupo parlamentario néganse unha vez tras outra a aprobar a demanda de competencias encaixadas inconstitucionalmente no artigo 152, que permitan, por exemplo, dispoñer das nosas augas continentais, que permitan competencias sobre os portos, que permitan realmente desenvolver unha política propia. Ese é o señor Fraga no exercicio do poder.

Pois ben, no terreo político, pasen vostedes do "estar" ao "ser", e aí teñen propostas que afectan os orzamentos do Estado. Ese tratamento que sistematicamente expresa ese tenebrismo solidario que se produce respecto de nós ten que modificarse cunha acción política da Xunta. A comarcalización e a demografía son necesidades que hoxe está demandando o noso país. En definitiva, cambio de status. No terreo político: cambio de proxecto, cambio de asentamento e exercicio para o que vostedes foron investidos e tiveron votos e que non acaban de asumir realmente. Ese é o problema fundamental.

No terreo segundo, "Dos principios que orientan o exercicio do poder", propoñemos unha serie de propostas de resolución que reclaman a modificación ética e estética do exercicio do poder; é dicir, do fondo e da forma. Pretendemos un aprofundamento na democratización, no exercicio da *auctoritas* e que a Administración pública sexa a que precisa o noso país, e non, por suposto, a que lle permita ao Goberno perpetuarse

nel. En definitiva, que o exercicio do poder se converta nunha práctica digna de impulso a un proxecto de transformación social e ao servizo dun pobo; que sexa un medio, un instrumento, unha panca que desterre as vocacións de eternidade, de perpetuación, e que a chegada ao poder se produza polo recoñecemento dos cidadáns e non polas mañas, manipulacións, trampas e adulteración das regras de xogo que se fan desde o propio poder cando un chega a el para perpetuarse. Nin, por suposto, que se faga pola instrumentalización dos medios de comunicación públicos e a presión sobre os privados. Nesa dirección tamén teñen vostedes propostas de resolución.

Terceiro aspecto: o terreo da base productiva. Señor Fraga, que o vexo un pouco durmido, pedímoslle un cambio de chip. Crean vostedes no país. Non só está durmido aquí frecuentemente, senón que como acción política de goberno tamén padece vostede ese sono. Nós pedímoslles que crean no país. Na base material, no sector primario, na industria, etc., hai posibilidades reais de producir unha transformación contundente e rotunda; non necesitamos a literatura barata con que enche vostede os discursos, necesitamos medidas concretas e reais que poñan en valor a base material do noso país, e utilizar os recursos e as competencias ata o límite para dinamizar a base productiva.

Nós —volvemos insistirlle unha vez máis— non nos resignamos a aceptar ese papel ao que vostedes nos queren condenar, a ser sistematicamente unha rexión subsidiada, temos ideas, propostas e programas; se vostedes non as teñen, polo menos acepten as propostas, as ideas e os programas de quen lícitamente as estamos expoñendo nesta Cámara para que transformen a realidade.

Neste sentido, tamén convén fixarse en que nas propostas de resolución do Bloque falamos do sector lácteo, falamos de agricultura e falamos da pesca; desa pesca que hoxe está padecendo as consecuencias da falta de peso político do señor Fraga. E vemos como moitos mariñeiros ven perigar o seu posto de traballo, o seu medio de vida en determinados caladoiros, por un acordo que non se acaba de asinar.

Cando vostede sobe a esta tribuna, eu sempre me lembro, señor Fraga, da frase que xa teño reiterado de

Julio César no drama de Shakespeare. Hai que empezar a pensar que a culpa da situación non é das estrelas, non é produto da fatalidade histórica. Señor Fraga, aquí hai unha liña política, e se a base material permite outras posibilidades, a responsabilidade de que as cousas sigan no estado e na situación actual debe ser de quen ten esa responsabilidade política. Pois ben, vai sendo hora de articular un modelo de acumulación que entenda cáles son as nosas vantaxes comparativas, que as poña a producir, que dinamice os nosos sectores productivos, a nosa base enerxética, esas posibilidades que existen e que temos na nosa base material e que produzan benestar e riqueza para os nosos homes e mulleres.

No cuarto terreo, que fala do que realmente é consubstancial ou é básico e que sustenta principalmente os nosos sinais de identidade, en definitiva, do que foi e é a creación do noso pobo, dicimos que estamos obrigados a conservar e a impulsar, por suposto, facendo a nosa aportación en relación dialéctica e no momento en que nós vivimos, pero partindo do propio e actuando con imaxinación e creatividade e non esquecendo cáles son os nosos sinais de identidade, os nosos piares básicos, que deben estar transversalmente presentes en toda a acción da Xunta.

Resulta pintoresco —vostede tamén se refería onte a ese extremo— como algúns dirixentes políticos, algúns gobernos, algúns círculos do poder, están dispostos a levantar unha cruzada —e nós aplaudímo-la— para defender a supervivencia dunha especie a favor da biodiversidade. Pero cando se trata da diversidade das creacións do home, expresadas na súa vontade colectiva, nas súas linguas e nas súas culturas, entón, aparecen os argumentos políticos para mistificar as realidades e impedir que esas realidades teñan canle de expresión, teñan capacidade de estruturación, teñan capacidade de decisión

Aí hai tamén propostas de resolución que afectan ao noso idioma, á nosa cultura, ao noso patrimonio, e reclaman unha acción política decidida e transversal por parte da Xunta. A potenciación do propio, a articulación da expresión da diversidade, garantindo mecanismos de poder, no que poida expresarse esa diversidade, e a igualdade das distintas creacións do home, son realmente nin máis nin menos que unha expresión da nosa racionalidade. Nós apostamos tamén,

no terreo da creación do home, pola biodiversidade; é fundamental que empeceamos a ter isto en conta na actividade política.

O quinto aspecto é o terreo do benestar social e do que é consubstancial cunha vida digna para os homes e mulleres; aspectos básicos que inciden máis alá de declaracións para a galería que vostede utiliza frecuentemente desde as tribunas. Para nós, señor Fraga, os servizos públicos, o ensino, a sanidade, os servizos sociais, as prestacións sociais, as políticas efectivas de igualdade entre homes e mulleres, as decisións tendentes a erradicar os malos tratos, en definitiva, todo o que representa unha política de dignidade para as persoas e de benestar social, son para o BNG, se queren vostedes, en termos de política empresarial, como xa teño falado en outras ocasións, bens de capital. En política empresarial, os empresarios saben que dos bens de renda poden tirar sen ningún tipo de problemas, pero nos bens de capital hai que destinar unha parte do beneficio para que non se descapitalice a empresa, para que non quebre. Para o Bloque Nacionalista Galego, as políticas de benestar social, o ensino, a sanidade, os servizos sociais, as políticas de igualdade, son bens de capital aos que debe ir dirixida unha parte importante da acción política de goberno, e aí están contidas tamén propostas de resolución do Bloque Nacionalista Galego.

E, por fin, está o terreo do emprego. O traballo do que estamos a falar e do que se fala tantas veces todo o mundo ten claro que é un dos sinais de identidade que nos diferencia dos animais; é esa capacidade de actuar sobre a natureza de xeito creativo, para transformala de forma útil, con imaxinación, creatividade e racionalidade.

E desde logo, señor Fraga, ningún goberno, ningún presidente, ningún parlamento podería estar satisfeito nin podería ser triunfalista coas políticas que hoxe se están a levar e cos resultados da súa acción de goberno no tema do emprego. Non o vou cansar con datos, penso que con un é suficiente e é elocuente. No ano 1990, por cada 100 persoas ocupadas, había no noso país 120 persoas inactivas ou paradas. No ano 1998, por cada 100 persoas ocupadas, hai no noso país 154 inactivas ou paradas. Iso é responsabilidade súa, e raia no delictivo, señor Fraga ... (*Murmurios.*), porque estamos a falar do ben máis prezado dos ho-

mes, porque hai posibilidades de facelo doutra maneira. Non raiaría no delictivo se fose consecuencia dunha fatalidade ou dunhas circunstancias políticas determinadas. Pero hai posibilidade de facelo doutra maneira. Ese dato, señor Fraga, sería suficiente para pensar que durante este tempo vostede, e o seu Goberno, inexorablemente, conduciron á marxinalidade, cando non á indixencia, a moitos homes e mulleres deste país, fundamentalmente mulleres, porque a taxa de desemprego é moito máis alta.

Precisamos xa sen demora algún tipo de cambio nese tipo de políticas, señor Fraga. Necesitamos unha actuación que pase dunha vez por todas a páxina do que vostedes fixeron en termos de emprego, e aí teñen tamén propostas de resolución que fai o Bloque Nacionalista Galego. O pasotismo cómplice neste tema desde logo nós non estamos dispostos a compartilo, e se hoxe non son aprobadas estas propostas de resolución, insistiremos unha vez tras outra porque realmente cremos no país.

E, como lle dicía antes, poderíamos non ser tan críticos se as posibilidades existentes fosen limitadas, se o noso país non dese para outra cousa, se as circunstancias impedisen a modificación da base material, pero o problema é que as circunstancias, o país, os recursos, os seus homes e mulleres, a súa creatividade, a súa imaxinación, dá para moito máis.

As limitacións están na política, non na base material, e esa posibilidade permítenos dicir hoxe que precisamos un xiro copernicano na forma de facer política, e ademais utilizo a expresión de “xiro copernicano” no sentido que realmente tivo no seu momento. Trátase de modificar o centro do sistema político, o centro da acción política do Goberno. Para vostedes o centro non estivo na política do país, para a Xunta o *modus vivendi*, a súa razón de ser, non foi o proxecto e a defensa dos intereses do país. Iso é o que nós propoñemos nas nosas propostas de resolución.

Remato, señor presidente, dicindo que seguramente a grandeza da acción política se sitúa precisamente en ser capaces de activar os resortes existentes no pobo para dar un salto adiante no proxecto colectivo e no benestar dos cidadáns, pero tamén a miseria da política está en situarse no poder e non en servir de catalizador das enerxías existentes na base material das

persoas para orientalas acadamente. Vostedes, en vez de catalizadores, son rémoras, e sitúan o exercicio do poder no terreo da miseria que ten a acción política. O noso país precisa non só un cambio de rumbo, como dicía, senón un xiro copernicano: cambios de concepto, cambios de forma, cambios de método.

Nestas propostas de resolución están contidas sinteticamente as liñas mestras dese cambio, porque no BNG temos claro, como dicía Castelao, que cando se sabe que a realización dunha idea vai producir a felicidade do pobo non se debe recuar ante a posibilidade do triunfo.

Nestas propostas de resolución...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SUÁREZ CANAL: ...—remato, señor presidente— do BNG están os mecanismos para converter as ideas en feitos, os programas en acción política, porque, como tamén dicía Castelao, no adro de *Sempre en Galiza*, o verdadeiro heroísmo, señor Fraga, consiste en trocar os anxeios en realidades, as ideas en feitos. Aínda estamos a tempo.

Máis nada e moitas grazias.

(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazias, señor Suárez Canal.

Ten a palabra o señor Casares González polo Grupo Parlamentario Popular.

O señor CASARES GONZÁLEZ: Señor presidente, señoras e señores deputados, a verdade é que lles teño que recoñecer —sirva, señor plresidente, como cuestión previa, dado o longo do debate— que viña un pouco trabucado ó principio a esta tribuna; trabucado e despois feliz tamén, e voules explicar por qué. Eu viña trabucado porque ollei cunha especial atención os discursos que se producían esta tarde, porque eu tiña que falar polo nome e pola boca dos meus compañeiros do grupo parlamentario, e ese debate transcorría coa normalidade parlamentaria destes debates. Para a maioría, con algúns acertos e con algúns erros, pero coa normalidade parlamentaria. E chegado o punto en que tomou a palabra o voceiro do

BNG, dixen eu: ¡Vaia, pero se resulta que voltamos a un día atrás! Resulta que eu, que esperaba escoitar argumentos sobre as distintas propostas de resolución, o que escoitei foi a réplica do BNG ó discurso primeiro do presidente do Goberno, que foi o que se produciu onte, tal e como está reflectido. Menos mal, señoras e señores deputados —estean tranquilos—, que as deputadas e deputados do Grupo Popular lemos con atención, por suposto, como non podía ser menos, as propostas de resolución; e, polo tanto, a completa ausencia de explicación por parte do Bloque do que son as súas propostas de resolución non vai afectar en nada a que este grupo, con erros ou con acertos, conteste con toda concreción esas propostas.

Ó final, e agora xa estaba eu menos trabucado porque comprobei no ordenamento deste debate que esta non era a rolda para isto, ocórrenselle a un tres cuestións, señor Suárez Canal. ¿A vostede, que veu face-lo debate de réplica ó discurso do señor presidente, é que non lle gustou a réplica de onte? ¿É que acaso non estaba de acordo a súa señoría, ou o grupo que representa, coa réplica de onte? ¿Ou acaso é que onte o seu grupo non replicou ó discurso do presidente do Goberno de Galicia? O BNG onte non replicou ó discurso do presidente de todas e de tódolos galegos. (*Murmurios.*)

Dicía, señoras e señores deputados, que estaba tamén feliz, e digo feliz porque tamén é para preocuparse que isto pase no principal —en número, de momento— grupo da oposición; principal en número, insisto. Pero dicía que estaba feliz porque, ó final de tódolos finais, probablemente, na seguinte rolda, o que onte non contestou o que tiña que contestar virá pronunciarse sobre as propostas de resolución, e, señor presidente, despois de mesturado todo, probablemente as deputadas e deputados dos distintos grupos poderemos ter un debate ordenado e razoable. Porque esa é a verdadeira función desta Cámara que tanto se critica: debater, con acertos ou con erros, pero debater, non furtar, non roubar, non trabuca-la opinión pública, pretendendo roubar, furtar e trabuca-los debates que producen aquí as mulleres e os homes que representámo-lo conxunto da sociedade galega.

Señor presidente, ás mulleres e ós homes que nos sentamos nos bancos do Grupo Parlamentario Popular, como a moitos outros —porque empezemos

por dicir que non somos, por suposto, patrimonialistas, senón que queremos un país que xere riqueza e queremos un país que cree emprego sobre tódalas cousas—, gústanos vivir nun país cun tecido social forte, cunha estrutura empresarial, especialmente a pequena e mediana, sólida e ben vertebrada, e gústanos vivir nunha sociedade que favoreza —por suposto, empezando por favorecerla dende os poderes públicos— un desenvolvemento individual e colectivo da persoa. ¿Que desenvolvemento? O que a persoa queira. Polo tanto, xa van dúas receitas contra a intransixencia por parte das mulleres e dos homes que nos sentamos nos bancos do Partido Popular, que, insisto, é a opinión maioritaria dos que non militan, dos que non se pronuncian ideoloxicamente en Galicia, que son a maioría.

Por suposto, señoras e señores deputados, señor presidente, que presentamos en varias áreas as nosas propostas e que agora, como é preceptivo, as imos expoñer.

Vimos traballando, tódolos galegos veñen traballando —seguimos vendo diferencias, e a función de dirixir e de impulsar dende a función política non dá exclusividades, por moito orgullo que se teña— por que Galicia non estivera illada nas súas infraestructuras de comunicación, especialmente as de comunicación por estrada. Saben as súas señorías que despois de non poucos esforzos se completou o que os expertos chaman a base da saída dese illamento; unha base sólida e de futuro que permita saír dese illamento. Pero saiban as súas señorías que, por mor de ambiciosos, de lexitimamente ambiciosos, queremos dende a maioría propoñerlle a esta Cámara a, por suposto, instalo Goberno a que se dea un paso máis, a que se dea un paso de entrada, de achegamento ó próximo século, deseñando de inmediato un plan director de infraestructuras de Galicia que contemple tódalas infraestructuras, non soamente esas ás que me estaba referindo, e non por mor de garantilas bases que xa están, senón de estar por diante doutros pobos de España e de Europa, neste caso en materia de infraestructuras, como lle estamos a dicir.

Tamén queremos, señor presidente, demandar unha infraestructura —que é coñecida de toda esta Cámara polos moitos debates que houbo— do Ministerio de Fomento, e pedirlle á Xunta que o faga:

a aprobación urxente do estudio informativo sobre a autovía do Cantábrico. Sabemos que por noticias destes días pode haber preocupacións engadidas. Nós queremos trasladar —e pedímoslle á Cámara que o faga con nós— esta petición de urxente aprobación do estudio informativo e da posterior licitación desta vía de alta capacidade, pero, señorías, contemplando as conexións cara a Ferrol e ó litoral da Mariña lucense. Nós, igual que outras deputadas e outros deputados doutros grupos que así o manifestaron, queremos dar unha solución integral ó norte do país, queremos presumir, como presumimos noutras materias, como cidadáns, de que neste país, vívase onde se viva, un ten as mesmas oportunidades, ten o mesmo acceso e, por suposto, haberá que continuar por infraestruturas como as que estamos a demandar.

Subliñado isto, señoras e señores deputados, puxémo-la nosa intención estes días, redactando estas propostas, no que é o sector primario, un sector clave para nós. A maioría dos anteriores voceiros parlamentarios referíronse a unha cuestión que está na mente de todos nós, que nos está traendo preocupacións estes días, non soamente como parlamentarios senón como cidadáns, que é a situación da pesca, da flota que pesca en augas de Marrocos. A nós gustaríanos que, non só por esta proposta, senón polas demais declaracións, voltáramos a ter un acordo sobre unha proposta que presentamos con dous epígrafes distintos: o primeiro, que o obxectivo fundamental da negociación ten que se-la presenza máxima posible da flota comunitaria en augas de Marrocos; e, en segundo caso, que para o caso —e hai que dicilo así— previsible de que as negociacións se alonguen máis alá dos últimos días do mes de novembro, se arbitre a dotación presupostaria oportuna tanto para os armadores como para os mariñeiros. Gustaríanos, señoras e señores deputados, que unha vez puideramos estar xuntos nesta declaración que para nós é unha das máis importantes que hoxe podemos facer no Parlamento de Galicia, porque directamente está feita pensando en mulleres e homes que están pasando por unha situación difícil, e, por certo, situación na que o Goberno de Galicia, que apoia esta maioría, estivo sempre á cabeza da solución do problema e está a ser, como non podía ser doutra maneira, o principal valedor dos que están nesta situación.

Dentro deste sector primario básico, temos unha proposta, a número 24, para que, dentro do que é outro dos elementos esenciais da economía galega, que é o sector da produción leiteira, e para que dentro das negociacións que actualmente se están a desenvolver nesta materia, se reasigne o incremento da cota e se alcancen os maiores niveis que sexamos capaces dentro das explotacións lácteas galegas. Sabemos que outros grupos parlamentarios —despois teremos unha rolda para falar disto— plantexan opcións distintas e comentarémolas, pero, en calquera caso, a maioría propón que se traballe para conseguilo máximo dentro desa asignación.

Tamén no sector agrario queremos plantexarlle á Cámara que neste plan o Goberno presente un plan de diversificación das producións agrarias, sinalando —pensamos que isto ten certa utilidade— para cada comarca cáles son as alternativas máis plausibles, os mecanismos de apoio que, se é o caso, e dentro do que é a normativa comunitaria, poidan establecerse para o seu desenvolvemento.

Queremos, na proposta número 8 —e seguímonos movendo no terreo do agro galego—, establecer un marco normativo institucional que favoreza a cesión do uso das terras agrarias coa finalidade de facilitala súa mobilización para usos productivos naquelas explotacións que os demanden. Acabamos de investir moitísimos cartos en concentración parcelaria, acabamos de investir moitos cartos e moito esforzo e moitos galegos son os que están a traballar na racionalización do traballo das extensións que produce o agro galego. Queremos avanzar aínda máis con novas fórmulas imaxinativas que están nas políticas máis modernas que se desenvolven en Europa.

Queremos, señoras e señores deputados, que no prazo máis breve posible se estableza un marco legal e se artellen os mecanismos técnicos e humanos precisos para o amparo progresivo das producións agroalimentarias galegas baixo os sistemas de produción integrada. Entendemos —e as persoas que máis traballaron nesta proposta de resolución entenden— que volve ser unha proposta imaxinativa, que volve ser un subliñado á acción diaria do Goberno, e, polo tanto, señor presidente, propoñémosllo á Cámara para o seu debate e para a súa aprobación, se procede.

Falabamos ó escomezo, señoras e señores deputados, da Galicia que queríamos, que probablemente sexa unha coincidencia. Imos vendo como hai unhas formas concretas de chegar a esa Galicia que queremos. Preocupábanos, dicía, a Galicia das empresas, e para a Galicia das empresas, sobre todo para Galicia das pequenas e medianas empresas, que é a que abunda no país, temos unhas propostas concretas: no caso das peme queremos promover a súa expansión internacional. Hai algúns anos era pouco menos que imposible plantexar unha expansión internacional xeneralizada das peme, pero hoxe debe ser un reto para calquera administración pública, debe ser un reto para calquera país, poder chegar a eses mercados nun mundo absolutamente globalizado. Por iso, pedimos nesta proposta, señor presidente, que se artelle, que se elabore e que se discuta un plan de internacionalización para permitirlle acceso ós mercados ás peme que están e que estarán —esperemos que moitos anos máis— no país.

Tamén, señor presidente, queremos que, a traves do Instituto Galego de Estatística, se elabore e se actualicen anualmente directorios de empresas e unidades de actividade económica local que permitan un coñecemento da demografía empresarial, cunha desagregación, a nivel de rama de actividade, así como xeográfica, probablemente, —e así o apuntamos entre parénteses— a nivel de comarcas.

Entendemos que isto pode ser un instrumento para coñecer e tomar decisións moito máis axeitadas dentro do que son as pequenas e as medianas empresas.

Existe un elemento, señorías, de xeración de riqueza que nós, os galegos, coñecemos ben, que é o elemento turístico. O elemento turístico está desenvolvéndose dun xeito extraordinario no país, é unha das vangardas que aportan riqueza e que aportan un valor engadido ós que traballamos e vivimos no país. Queremos e quixemos subliñar unha acción que xa está a emprender o Goberno de Galicia, pero queríamos poñer énfase nela, que era a promoción do turismo termal e tamén a promoción da talasoterapia. Entendemos —os expertos na materia sábeno e dínolo— que este é un elemento esencial do desenvolvemento turístico dos próximos anos e queremos estar á vangarda dela. Xa estamos a facer, evidentemente-

te, moitas cousas. Nós queremos subliñalo nesta sesión.

E outra parte do turismo é a promoción do turismo interior. As persoas que nos visitan —por non citar xa a expertos, que parece que os citamos permanentemente— refírennos continuamente como Galicia ten, polo seu contorno natural, pola súas xentes, pola súa distribución de poboación, é dicir, por moitas circunstancias, unhas zonas de interior francamente extraordinarias, unhas zonas nas que se está a ver —aí está o turismo rural, aí están moitas iniciativas que se tomaron dende o Goberno e tamén dende a iniciativa privada— que as posibilidades e as potencialidades do interior do país son extraordinarias. Xa temos exemplos de cómo particulares —e políticos tamén, pero neste caso interésannos os particulares—, os máis avezados, viron as posibilidades que o turismo interior tiña, e xa tomaron iniciativas neste sentido. O Grupo Parlamentario Popular quere propoñerlle á Cámara esta proposta de resolución que sinala o pulo que lle queremos dar ó elemento turístico dentro da xeración de riqueza no país.

E gustaríanos non soamente quedarnos no que son as empresas, senón no que podemos chamar, ó mellor, con certa exactitude, unha promoción económica xeral, algúns elementos que entendemos e que queremos tamén subliñar que contribúen á promoción económica do tecido empresarial e laboral do país.

Desenvolve-la Lei do audiovisual ten que traer enormes potencialidades. A verdade é que é sorprendente e gratificante ver cómo empresarios e traballadores galegos veñen desenvolvendo esta materia dun xeito inaudito, dun xeito no que, se comparamos hai uns poucos anos coa que temos neste momento e coas perspectivas inmediatas que temos, vemos que é francamente extraordinaria. Polo tanto, queremos insistir-lle, dende o grupo parlamentario, á Cámara, ó Goberno, neste labor de incentivación na materia audiovisual, neste caso concreto desenvolvendo unha lei que, polo seu mesmo desenvolvemento —permítaseme a redundancia—, vai xerar un produto engadido extraordinario en xeración de riqueza.

Propoñemos, señoras e señores deputados —e isto pode ser unha novidade, que a traemos con toda a ilusión á Cámara—, a creación dunha sociedade de co-

mercialización, unha única, que sexa capaz de deseñar estratexias de venda específicas para cada sector económico e, dentro disto, para as distintas ramas de actividade, pero dentro —e iso tamén o pedimos, señor presidente— dun plan global e coordinado de distribución de produtos galegos de calidade e de alto valor engadido. Pensamos que con esta proposta podemos poñer-la base do que é un círculo completo en torno ó produto galego de calidade que tan bo resultado está a dar a moitos pequenos, medianos, e grandes tamén, empresarios galegos.

Por último, dentro do que é a enerxía, importantísima para o desenvolvemento e para a potencialidade económica do país, queremos pedirlle á Xunta de Galicia un plan de desenvolvemento de enerxías renovables que actualice as previsións no cadro, na parte que se refería a enerxías renovables, do Plan enerxético de Galicia do ano 1995, á vista da Lei 54/1997, do sector eléctrico, e do Libro Branco das enerxías renovables da Unión Europea de 1998. Pedimos esta actualización. Folga dici-lo que supón para Galicia, o que está a supoñer e o que ten que supoñer —non soamente dende o punto de vista da promoción económica, senón do que é o mantemento das condicións naturais do contorno— abordar, como estamos abordando, as enerxías renovables. E este —nós xa o dixemos noutros debates que si témo-los populares— é un sector importantísimo e estratéxico dentro do futuro do país.

Ademais disto, queremos facer algunha proposta en materia de emprego. É certo —despois teremos ocasión de discutir algunhas cifras— que a situación está encarrilada, que o deseño está feito e que as cousas van por bo camiño, pero —e dicíao o presidente do Goberno no discurso de onte, díxoo varias veces— non é cuestión de vir con falsas satisfaccións nin de vir dicir que está todo solucionado. Dende esa responsabilidade de que sempre queda moito por facer —e en cuestión de emprego sempre haberá algo que facer mentres haxa unha muller, un mozo ou unha persoa que non teña emprego—, queremos plantexar unha proposta de resolución concreta, a que numeramos co número 12. Pedimos que esta Cámara e que este Goberno desenvolva, contando coa participación dos axentes sociais, por suposto, o Plan de acción no medio rural, na liña dos acordos sobre medidas para o crecemento e o emprego de Galicia 1998-2001, que,

ademais, axude a este medio rural a manter-las súas cotas de poboación e a incrementar-la súa perspectiva de futuro.

Todo isto, señoras e señores deputados, está baseada en algo que para todos nós seguramente é esencial, que é o sistema educativo, o sistema que nos damos a nós mesmos. Por certo, señor Méndez, a cifra que deu o presidente do Goberno no debate de onte era exacta, porque, ademais, quedou curto, non era o 33% do gasto en educación o 33% do presuposto, era o 33,94%. Polo tanto, que non se diga que existían erros onde non existían, porque, ó final, non acabamos de entendernos e o que facemos é confundi-la opinión pública. O 33,4%, case o 34%, do presuposto da Xunta de Galicia, está dedicado a educación, por suposto do presuposto da Administración xeral, que é o presuposto das consellerías, do Consello de Contas e do Parlamento, que é a forma —entendo eu— máis estricte e máis rigorosa de dar un dato porcentual sobre cál é o gasto. Insisto, o 34% do presuposto. Polo tanto, a cifra que deu o presidente do Goberno onte era unha cifra exacta.

Queremos impulsar dende o Grupo Parlamentario Popular o traballo que o Goberno acaba de facer en desenvolve-la LOXSE. Queremos facelo, puxemos varias cuestións nesta proposta de resolución número 21: a potenciación dos idiomas, a informatización dos centros. A formación continua do profesorado, que é un dos mellores investimentos que podemos facer, é o noso compromiso con ese esencial pilar da sociedade galega, que é a educación. E non soamente son as cifras presupostarias, senón que este grupo parlamentario lle quere dicir a todo o país, quere manifestar ante todo o país, o apoio ó desenvolvemento dun instrumento que pode ser principal para a educación en Galicia.

Tamén, señor presidente, queremos que a cobertura sanitaria e a saúde pública sigan sendo un pilar principal da sociedade na que vivimos. Por iso, no tratamento das enfermidades mentais ás veces se fala do que nos custou —e quero facer unha paréntese aquí, señor presidente—, insisto, a todos, ós que estamos en política e ós que non están en política, a todos en Galicia, construír a base dun país. Xa falamos un pouco do que foi a base das infraestruturas. Moita xente deixou moito empeño e moito tempo dentro do país e

fóra do país para que aquí puideramos vivir como vivimos. E diciamos ó principio deste discurso como o PDIG, o Plan director de infraestruturas que propoñemos, xa é un paso máis, xa é querer colocarse á vangarda, non estar con todos, senón estar na vangarda destas cuestións.

Pois en saúde mental, señoras e señores deputados, somos, como noutras materias, a vangarda do que ocorre no Estado español, e hai que dicilo ben alto, pero con humildade, por suposto. Non podemos dar imaxe nin queremos dar, nin fóra nin en ningures, de que os galegos somos orgullosos; hai algún que o é, pero polo xeral non somos orgullosos. Polo tanto, hai que recoñecer, nembargantes, cando está o traballo ben feito, porque son moitas as mulleres e moitos os homes, insisto, se queren vostedes, fóra da política, que, co impulso dos poderes públicos, conseguiron que en materia de saúde mental sexamos modelo de referencia en toda España.

Por iso, a proposta número 5 vai na liña de mellorar, de completar, esa asistencia sanitaria. A proposta número 6 pretende solucionar un problema, que é que na zona sur de Galicia existen algunhas dificultades para proceder á reprodución asistida. Saben as súas señorías que é moito máis difícil que no norte, por unha situación xeográfica, e queremos que exista unha atención dual para que non se produzan estes trastornos.

E, por último, a 7 vai dedicada a un problema que seguimos tendo enriba da mesa e que a todos, absolutamente a todos, nos preocupa, que é o problema das toxicomanías, no que moito se ten avanzado, pero esta é outra das cuestións nas que tódolos esforzos que fagamos dende as administracións públicas e cada un de nós como cidadáns sempre serán poucos mentres haxa unha persoa enferma por culpa das drogas. Alí, señor presidente —e folgo lelas—, aparecen unha serie de propostas.

Tamén queremos propoñerlle á Cámara que inste o Goberno a elaborar unha Lei de mediación familiar. Sabemos que existen —porque algúns os padecemos, témolos moi cerca— problemas no caso das separacións e divorcios, e queremos que exista unha lei que permita, por vía extraxudicial, solucionar unha situación na que non soamente as pagan os cónxuxes, os

membros desta unión, senón que moitas veces as pagan —e isto é aínda peor— os nenos que están dentro desa familia. Dende os poderes públicos, o Goberno pode facelo. Nós queremos que o faga e queremos que siga traballando nesa liña de establecer mecanismos. Neste caso pedimos que sexa un mecanismo legal.

Non queremos deixar de pasar, señoras e señores deputados, este debate, esta exposición de propostas de resolución, sen facer unha proposta concreta para a xente máis nova do país. Moitas das que se falan, de promoción económica, de emprego, moitas das que están na cabeza das súas señorías, nos bancos da maioría e nos bancos da oposición, teñen sempre que ver. Antes falábase dos plans de vivenda e eu, que teño a pouca orixinalidade de ter unha hipoteca como todo fillo de veciño, téñolle que dicir —que aínda son medio xove, xa medio, pero aínda son un pouco— que unha das mellores políticas, ademais das que temos feito no Goberno para que a xente nova poida chegar á vivenda, unha das mellores políticas, é unha política dobre: por un lado, que os mozos teñamos posibilidades de traballar, e a segunda, que os tipos de interese estean como están neste momento. Son dous elementos esenciais de economía xeral —nos que coincidiremos todos— para que unha persoa nova poida acceder, se quere, a unha vivenda en propiedade, sabendo que no país a maioría dos mozos, por tradición ou por cultura, queren ter unha vivenda en propiedade, porque isto non é nin Suecia nin Dinamarca —afortunadamente para nós— na materia á que nos estamos a referir.

Polo tanto, unha proposta é que se elabore un plan de acción xove para que se establezan as liñas de actuación coas que aborda-la globalidade dos problemas da xente nova. Insistimos, señor presidente, con esta proposta na idea de que hai que abordar de xeito integral, como xa o está a facer dende hai uns anos o Goberno de Galicia, as políticas que afectan á xuventude.

E, por último, a cultura. Diciamos antes que a educación era un elemento esencial do que pode ser ou do que é este país. A cultura non é un elemento menos esencial. Eu diría que nas cousas das que acabamos de falar e noutras moitas, a cultura é como unha membrana que envolve eses aneis, eses pensamentos,

que envolve eses compromisos, que nos fai como somos, e coñecela, cultivala, tela ó carón dun, fai que sexamos bastante mellores nos nosos comportamentos. Insistimos, dentro desta área, señor presidente, en que a Unesco declare a muralla de Lugo patrimonio da humanidade, así como tamén insistimos en que a Xunta continúe o ritmo de restauración e rehabilitación deste monumento, por suposto coa participación de tódalas administracións implicadas.

Falabamos de te-la cultura ó carón dun, por iso queremos facer esta proposta de resolución e propoñerlle á Cámara que vote con nós a creación dun programa de infraestruturas culturais da nosa comunidade e a dotación de auditorios, capaces de acoller grandes acontecementos, para as cidades galegas de Vigo, Ourense, Lugo e Ferrol.

Señoras e señores deputados, acadados estes auditorios e co importante proxecto para a capital de Galicia, teremos completada a infraestrutura para os eventos culturais de primeira magnitude. E, ¿como non?, este grupo parlamentario tiña a obrigación política e a obrigación moral de facer unha proposta de resolución que, dentro da cultura, apuntalara o que nós considerámo-la identidade dun pobo.

Alfonso Daniel Rodríguez Castelao saíu permanentemente, como non podería ser menos, da boca dos discursos das mulleres e dos homes que falan dende esta tribuna, e, afortunadamente, sae da boca das mulleres e dos homes que non falan dende esta tribuna, que iso é moito máis importante que o primeiro, porque aí está, en realidade, a verdadeira esencia dun pobo.

Este grupo parlamentario quérelle propoñer cordialmente a tódalas deputadas e deputados que a Xunta impulse e apoie a realización de actividades na Comunidade Autónoma encamiñadas a estudar, a honrar e a dar a coñece-la figura de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, do que no ano 2000, como moi ben saben as súas señorías, se celebra o 50º cabodano do seu pasamento. Castelao, probablemente nunca o foi, pero, dende logo, agora non é patrimonio de ningún, nin de ningún partido nin ideoloxía nin de ningunha xeración de galegos. Polo tanto, a maioría deste Parlamento quérelle propoñer á Cámara que se vote favorablemente esta proposición e que se honre, se

coñeza moito máis, se entenda moito máis, o que é Castelao e o que é, sobre todo, o seu legado. Probablemente haxa alguén ó que non lle interese que iso se leve á práctica, probablemente haxa alguén ó que non lle interese que se coñeza o verdadeiro Castelao.

Por último, señor presidente, como vexo que se está esgotando o tempo, vou referirme brevemente ás sete propostas de resolución que pechan as 30, en concreto 31 propostas, que presentamos a esta Cámara. Unha pretende desenvolver as competencias que temos en materia de estatística; outra, que os bens sen dono —que saben vostedes que hai un problema nestes bens— revertan, mediante unha lei que o faga posible, na Comunidade Autónoma onde radiquen. No caso noso pedimos que os que estean en territorio do país sexan patrimonio da Comunidade Autónoma.

Outra, a 17, para que teñamos ocasión de debater un estudio de lexislación comparada entre Galicia e o norte de Portugal; en materia laboral, mercantil, en distintas materias, que nos permita avanzar no que é o traballo que se está a facer, un traballo singular, un traballo a ollar moi detidamente entre Galicia e o norte de Portugal, e tamén un asunto de transferencias, que saben as súas señorías que nos preocupa especialmente por un caso concreto, que é o tema de que exista unha modificación legal para que Galicia teña a titularidade dos centros sanitarios transferidos. Saben as súas señorías o porqué en concreto desta proposta de resolución neste momento.

As dúas últimas, señor presidente, son de taxas e tributos: unha, de integra-las oficinas liquidadoras de distrito hipotecario no sistema informático de xestión tributaria da Xunta de Galicia; outra, para que se poidan dar actuacións conxuntas de inspección entre Galicia e a Axencia Tributaria, e a última para a reforma da Lei de taxas e prezos.

Señor presidente, esta foi a exposición do Grupo Parlamentario Popular, das súas 31 propostas de resolución, que pretende se-la expresión da súa vontade despois de escoitar atentamente e con satisfacción o debate que se produciu na Cámara o día de onte, e están feitas co ánimo de discutir, de chegar a acordo, de pedir que toda a Cámara nolas vote. Estamos ansiosos por ver se os que faltan por participar neste debate, na

seguinte rolda o fan, porque probablemente nos axuden a todos.

Mais nada e moitas gracias, señor presidente.

(Aplausos nos escanos do G.P. Popular de Galicia.)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Casares.

Tal e como dixeramos antes, por se hai algún acordo, imos suspendémo-la sesión por un prazo de 45 minutos.

Suspéndese a sesión ás seis e cincuenta minutos da tarde e reiniciase ás oito e catorce minutos.

O señor PRESIDENTE: Reiniciámo-la sesión coa rolda de posicionamento dos distintos grupos parlamentarios respecto das propostas dos demais grupos.

En primeiro lugar, ten a palabra o señor Pazos Varela polo Grupo Parlamentario Mixto.

O señor PAZOS VARELA: Señor presidente, señorías, vou primeiro dar conta das primeiras modificacións realizadas nas propostas de resolución para tratar de conseguila votación maioritaria, ben o apoio do grupo maioritario ou ben o apoio doutros grupos presentes nesta Cámara. Aínda que iso non garanta que a proposta saia adiante, si nos parece interesante chegar a acordos cos distintos grupos.

Nese sentido, a proposta de resolución número 4, quedaría redactada como segue: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a presentar no Parlamento, para o seu debate e posterior aplicación, un plan de desenvolvemento rural, elaborado tendo en conta as competencias dos distintos departamentos gobernamentais”.

A proposta de resolución número 43 tamén tería unha pequena modificación e quedaría como segue: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a tomar novas iniciativas, co fin de logra-la institucionalización da presenza de Galicia nas distintas delegacións do Estado, que negocia os nosos intereses na Unión Europea”; unha aceptación de que algunha iniciativa se ten tomado. Non imos entrar a xulgar se

boa ou mala, válida ou non, pero si que hai que impulsar novas iniciativas tendentes a institucionalizar esa presenza.

E na proposta de resolución número 42, consensuada concretamente co grupo do BNG, pídese: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a tomar as iniciativas necesarias para conquistar que a circunscrición electoral sexa a Comunidade Autónoma para as eleccións europeas”. Evidentemente, somos conscientes de que conqueralas circunscrición electoral para as distintas consultas electorais que se dan no noso país, autonómicas e xerais nomeadamente, necesitaría un cambio da lei electoral e mesmo un cambio na Constitución, que recolle a provincia como circunscrición electoral, pero non hai nada que impida hoxe xa, agora, que para as eleccións europeas a Comunidade Autónoma galega sexa recoñecida como circunscrición electoral única.

Houbo —¿por que non dicilo?— intentos de consensuar outras propostas de resolución; intentos que non poden ser compartidos por este grupo, concretamente, por exemplo, a número 22, na que pedimos claramente que o Goberno garanta o cumprimento da lei no que respecta á utilización do galego no ensino non obrigatorio. Preséntasenos unha proposta que desvirtúa totalmente —desde o noso punto de vista— o que nós presentamos, na que se di que se poñen en coñecemento, se potencia, o uso da lingua, que non está mal, pero non é exactamente o que pedimos. O que pedimos é que se garanta, como é unha obriga, o uso do mínimo esixido pola lei que o señor conselleiro, por exemplo, sabe que hoxe non se está a cumprir en moitos centros. E precisamente unha institución como é a Mesa pola Normalización Lingüística viña denunciándoo en días anteriores. A situación concreta de moitos centros é esa, que non se están a cumprir os mínimos esixidos pola lei.

Respecto das propostas de resolución do Partido Socialista, pois, en principio, imos vota-las todas a favor, pero simplemente queremos facer unha referencia a algunha delas para puntualizar ou aclarar cousas que realmente non nos quedan claras, ou para intentar aportar —¿por que non?— a nosa opinión respecto delas. Así, coa resolución número 22, na que se insta a Xunta a converte-la TVG no eixo estratéxico da industria audiovisual, evidentemente estamos totalmen-

te de acordo e temos unha proposta que vai nese sentido, aínda que é un pouco diferente, pero modificando o seu marco legal para transformala nunha axencia independente da Xunta de Galicia, modernizando os seus contidos —co que estamos totalmente de acordo— e ampliando a súa audiencia. O único que queremos matizar, aínda votando a favor, é que, evidentemente —supoño que non vai por aí a proposta de resolución—, non queremos que isto constitúa un paso cara á privatización da Compañía de Radio-Televisión de Galicia. Supoñemos que non, porque de feito mesmo en medios de comunicación saíron modelos por parte de portavoces socialistas como a BBC, etc., que seguen sendo de titularidade pública. Evidentemente do que se trata é de garantirla independencia, a capacidade e o éxito na xestión, por iso imos estar totalmente de acordo.

Na proposta número 46 estamos totalmente de acordo tamén en que se busquen fórmulas de consenso na modificación do Plan Sogama. Imos votar a favor, pero deixando público e claro que non cremos niso. O Plan Sogama precisamente se basea na incineración dos residuos sólidos urbanos, dos que ademais se saca proveito enerxético. Polo tanto, cremos que desde as premisas fundamentais do Plan de residuos sólidos hoxe en vigor non se vai ir nunca a unha reciclaxe, a unha reutilización e moito menos a unha redución dos residuos sólidos urbanos. Nós preferimos que desde a Administración se potencien os plans alternativos ó Plan Sogama, aínda que entendemos que o que se pide aquí é un debate a fondo do plan e a modificación para convertelo nese plan que poida satisfacer as necesidades e os intereses medioambientais dos galegos.

Por último, está a resolución número 86, que xa foi presentada aquí no seu día como unha proposición non de lei á que votamos a favor. Efectivamente, imos seguir votando a favor, aínda que, por exemplo, cando no segundo punto fala do desenvolvemento de mostras e festivais de cultura de carácter internacional nas grandes cidades de Galicia, estamos de acordo, e cada cidade, ademais, debería ter un festival que fose emblemático desa cidade, como hoxe, por exemplo, na cidade da Coruña vén sendo o festival Mozart. Pero cremos que non se debe esquecer que hoxe hai vilas en Galicia que teñen, que están organizando, desde hai moitos anos, festivais internacionais emblemáti-

cos, por exemplo Ribadavia co Festival Internacional de Teatro, ou Cangas coa Mostra Internacional de Teatro. Polo tanto, non se deben esquecer tampouco as vilas que xa teñen consolidados eventos culturais de importancia ou outras nas que se deben desenvolver outros eventos culturais.

Respecto das propostas de resolución do BNG, tamén imos apoiar todas, agás a resolución número 3, que se refire ó sistema de financiamento. Fálase de demandar un novo sistema de financiamento que incorpore unha serie de criterios. Nós cremos que a proposta de resolución número 76 do Partido Socialista, na que se demanda presentar no Parlamento un modelo para o seu debate, responde máis, realmente, ó que é a situación actual. O que demandamos é que se abra un debate sobre o modelo de financiamento e non que se fixen xa nunhas propostas de resolución uns criterios básicos dese modelo de financiamento. Queremos reabrir un debate que consideramos importante para o país. Nesa proposta de resolución ímonos abster, e as demais, evidentemente, ímolas votar a favor.

Respecto das propostas de resolución do Partido Popular, eu confeso que quedei sorprendido en moitas delas, primeiro, no discurso do señor portavoz do Partido Popular, o señor Casares, por exemplo, cando falou de debates no Grupo Popular. Eu sempre pensei que no Grupo Popular o que se escenificaban eran monólogos con acompañamento de coro e que o coro dicía: *“Lo que diga don Manuel”*. Pero, ben, parece ser que non, que hai debates no Partido Popular, e alégrome polo ben do país. De todas formas, a maioría das propostas de resolución nós non as podemos avaliar, porque cremos, sinceramente, que son impropias dun partido que sostén un goberno; son brindes ó sol; son, creo eu, obedece-la orde do señor Fraga, cando lle pediu ó grupo parlamentario que traballase máis, que tivese máis presenza no Parlamento. E entón descólganse con trinta e tantas propostas de resolución en vez das 13 ou 14 que presentarán o ano pasado. Paréceme moi ben, pero moitas delas, señorías, están baleiras de contido e, sobre todo, non marcan un cambio de rumbo na dirección do Goberno, senón que é máis do mesmo, son propostas *“Felipito Tacatún”* —que teño dito moitas veces—, que dicía: *“Yo sígo”*.

A ese respecto paréceme paradigmática a proposta de resolución número 11, que me vou permitir lela, e que di: “O Parlamento insta a Xunta de Galicia a crear unha sociedade de comercialización única que sexa capaz de deseñar estratexias de venda específicas para cada sector económico, e, dentro disto, para as distintas ramas de actividade, pero dentro dun plan global e coordinado de distribución de produtos galegos de calidade e alto valor engadido”.

Señorías, teño unha dúbida, o Grupo Popular, ¿que propón?, ¿montar unha tenda de ultramarinos, unha mercería ou mesmo unha droguería? Non o entendo. Polo tanto, se despois se me pode explicar, probablemente cambiarei o sentido do meu voto.

Non podemos votar a favor, señorías, da proposta de resolución número 22, na que respecto do acordo con Marrocos se marca como obxectivo —fíxense ben—, non como logro, como punto de partida, alcanza-lo mantemento da presenza máxima posible. Señorías, a presenza máxima posible pode ser un barco, pero ese sería o resultado da negociación, non a premisa de partida, o obxectivo de partida dunha negociación. “O máximo posible”, iso xa se presupon, como o valor na mili se prosupoñía noutros tempos, evidentemente.

Tampouco podemos votar a favor da proposta número 21, que marca unha serie de actuacións respecto da implantación da LOXSE, porque cremos que hai outras propostas do noso grupo ou doutros grupos moito máis completas que esta, que marcan unhas medidas específicas positivas —non vou dicir que non— pero máis incompletas que as que presentan outros grupos. Ou da proposta número 2, que fala —tamén en positivo— de dotar de auditorios as distintas cidades. Pero acabamos de falar dunha proposta socialista moito máis completa ou dunha proposta deste grupo que non foi tida en conta, que consistía en elaborar un plan de creación de infraestruturas culturais para todo o país, non só para as cidades, atendendo ás súas necesidades.

E como se me acaba o tempo, remato dicindo que o que dicía onte o noso portavoz e mais eu na intervención anterior, de que desde logo houbo modificación na postura do Grupo Popular, personalizada no presidente do grupo e presidente do Goberno galego,

señor Fraga, respecto do autogoberno, evidénciase en canto parece ser que o grupo maioritario vai votar en contra da última —polo menos non houbo proposta de apoio— proposta de resolución nosa, que pide que se concreten dúas propostas de resolución aprobadas o ano pasado no que atinxe á modificación do Consello Económico e Social e á reforma do Senado.

O ano pasado mereceron o apoio unánime da Cámara e este ano o grupo maioritario déixaas atrás. Iso indica, señorías, que o Partido Popular cada vez camiña, como o caranguexo, cara atrás, no que son as propostas de autogoberno para o noso país. É inentendible para este deputado pero, ó mellor, no posicionamento do señor voceiro do Partido Popular nolo explica. Non entendemos como, unha proposta que o ano pasado foi aprobada, este ano se rechaza que se concrete en actuacións, ou sexa, que se leve adiante.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Pazos.

Ten a palabra o señor Rego González polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

O señor REGO GONZÁLEZ: Señor presidente, señorías, moitas grazas.

A verdade é que o longo deste debate téñense feito afirmacións aquí, certamente, que demostran a realidade que vive o noso país e que tamén deixan ben ás claras a necesidade que temos todos, os deputados e as deputadas desta Cámara, ó final os cidadáns deste país, de que se establezan consensos amplos sobre temas que afectan á vida diaria de tódolos cidadáns galegos.

Un ve con certa tristeza como isto, pouco a pouco, se vai tornando pouco menos que imposible, pouco menos que imposible no xeral. Nós podemos valorar, darlle certo valor, ó esforzo —que quero que lles quede claro ás señorías que temos feito os socialistas galegos— mesmo por tentar posibilitar que dúas únicas ofertas que se nos fixeron de consenso sobre temas que entendemos que son importantísimos para Galicia neste momento poidamos consensualas co grupo maioritario desta Cámara, que é con quen, como vostedes saben, é imprescindible chegar a acordos para

que se poidan aprobar, pola maioría absoluta da que dispón.

Queremos deixar ben claro, señores do Goberno, señores do Grupo Parlamentario Popular, que a nosa transacción, con respecto ó tema de Marrocos, non é ningún cheque en branco. Nós fixemos un esforzo importante naquilo de ceder en que se fixera constar claramente que había que mante-la capacidade actual da nosa flota. Ese é o mandato que levan vostedes dos socialistas, a pesar de que teñamos cedido naquilo que poñen vostedes que se manteña ó máximo posible. Imos confiar en que o máximo posible que vostedes propoñan sexa a defensa *a ultranza* de que se manteña a actual capacidade da nosa flota. Certamente tamén vostedes aceptaron algunha outra que non ten soamente que ver coa flota de Marrocos.

Respecto da modificación do tema agrario, do banco de terras, que fixemos unha cesión importante e que incluíu a modificación da lexislación en materia de concentración parcelaria, deben de ter vostedes ben claro que o banco de terras para nós é unha peza clave. Polo tanto, fixemos un esforzo importante, e perderon vostedes a oportunidade de que esta Cámara aprobara unha iniciativa que servira para o noso mundo rural, para o que vostedes din que queren facer un plan de desenvolvemento rural no que, sen dúbida, deberían de empezar por este tipo de cuestións, por mante-la actividade productiva do noso mundo rural. E para iso seguramente saben vostedes perfectamente que o banco de terras é imprescindible. Non o aceptaron, e nós, aínda así, cedemos nesa transacción.

Señores do Grupo Parlamentario Popular, perden vostedes unha boa oportunidade de obte-lo apoio do Grupo Parlamentario Socialista ó non aceptar practicamente ningunha das propostas de resolución que nós fixemos, que afectan á política de infraestruturas do noso país, que afectan ós equipamentos educativos, que afectan á nosa sanidade pública, que afectan a sectores importantísimos de produción da nosa terra, que afectan á produción enerxética e que afectan, señorías, á vida diaria de tódolos galegos e galegas. Foi imposible, a pesar de ser propostas absolutamente razoables.

Eu diría máis, son propostas de goberno, como non podería ser doutro xeito, porque son propostas

dun grupo político que gobernou, que ben seguro que gobernará en España e en Galicia, señorías, e que vostedes parece que naquel afán de considerarse en posesión da verdade son incapaces de entender que este país ten, ademais da realidade de vostedes, algunhas outras. Polo tanto, lamentámolo profundamente.

E, diante disto, gustaríanos fixa-la posición sobre as emendas dos outros grupos. Do Bloque Nacionalista Galego, nós imos vota a favor da inmensa maioría porque en boa medida son coincidentes coas nosas, aínda que e hai algunhas coas que, loxicamente, temos diferencias importantes. Refírense á proposta de modelo de financiamento autonómico, refírense, dalgunha maneira, á xestión dos recursos, por exemplo, procedentes de fondos da Unión Europea en Galicia e refírense mesmo ó que nós entendemos do modelo de articulación do noso Estado. Parece que aí hai diferencias, e nesas diferencias, loxicamente, vai-se reflectir tamén a nosa votación. Parece absolutamente lóxico.

Imos votar a favor de tódalas emendas do Grupo de Esquerda de Galicia, coa excepción da última delas, porque nós entendemos que o da circunscripción única para Galicia non é un obxectivo que a nós nos pareza neste momento plantexable nin sequera necesario. Polo tanto, é unha delas que non imos apoiar e que nos parece que é perfectamente entendible.

Pero imos coas do Partido Popular. Señor presidente do Goberno, o portavoz do Grupo Parlamentario Socialista, o secretario xeral dos socialistas galegos, dixo hai aproximadamente mes e medio que vostede necesitaba realizar unha profunda remodelación no seu Goberno. Parece bastante lóxico e bastante normal co tempo que levan algúns conselleiros e coa xestión que teñen realizado.

Vostede dixo, para iso e para outras cuestións, que iso era cuestión súa, ¡faltaría máis!, ninguén lle nega que sexa cuestión súa, o que acontece é que con este paquete de iniciativas, que en boa medida censuran a actuación dalgúns dos seus conselleiros, quen lle está pedindo, indubidablemente, a remodelación do Goberno é o grupo parlamentario que os apoia. Señor presidente, voulle poñer algún exemplo. Vostedes dixeron por activa e por pasiva neste país que a LOXSE a tiñan perfectamente implantada, que tiñan tódolos

recursos e que non había ningún tipo de problemas. Hoxe, o Grupo Parlamentario Popular, ou sexa, o propio conselleiro de Educación, vaise ver obrigado a votar unha resolución para que se faga algo que non se fixo ó longo destes anos, señor presidente. Pero é que non lle acontece soamente ó conselleiro de Educación, acontecelle ó conselleiro de Política Territorial. Ó conselleiro de Política Territorial dille o Grupo Parlamentario Popular que dez anos despois de estar á fronte desa consellería ten que facer un Plan galego de infraestruturas e ten que ser, ademais, na vixencia do ano 2000 ó 2006. Fíxense qué causalidade, o tempo que ten de vixencia o Pedega, o Plan de desenvolvemento de Galicia. Fíxense vostedes qué tipo de plan farían vostedes que primeiro fan o plan, que vai dar resposta a ese Plan galego de infraestruturas, e despois fan o Plan galego de infraestruturas. Fíxense vostedes qué tipo de planificación levarán no Pedega que presentou o señor Orza con toda clase de aparello de publicidade e propaganda, como non podía ser doutro xeito.

Señores do Partido Popular, non se trata soamente do conselleiro de Educación e do conselleiro de Política Territorial, vostedes fan propostas de resolución que nalgúns casos son auténticos brindes ó sol, pero son brindes ó sol porque vostedes fíanas todas a “no caso de que haxa dispoñibilidade de recursos”. Agora, parece entenderse facilmente que as dispoñibilidades de recursos as priorizarán vostedes. E vostedes serán os que prioricen se se invisten en Educación, se se invisten en infraestruturas en estradas ou se se invisten en infraestruturas portuarias, e en ningunha delas marcan vostedes ningún obxectivo.

¿Que obxectivos marcan vostedes no Plan galego de infraestruturas? Ningún. Hai iniciativas do Grupo Parlamentario Socialista que veñen pedindo dende hai anos que se faga ese plan. Neste debate hai unha proposta de resolución que pide un plan galego de infraestruturas, e, agora ben, ¿que di?, ¿que marca? Obxectivos e prioridades. Vostedes non; din que se faga o plan, pero prazo non poñen ningún, en absoluto. ¿Que prazos marcan vostedes para todas e cada unha das propostas de resolución que fan aquí? Ningún. Din con absoluta claridade, señorías, que hai problemas no mundo rural que están absolutamente desatendidos, que hai problemas en educación, que hai problemas na pesca, que hai problemas na indus-

tria, que hai problemas na sanidade, que hai problemas en practicamente tódalas áreas de acción do Goberno, pero problemas moi serios, problemas tan serios que fan que mesmo o grupo parlamentario que apoia o Goberno lles pidan que elaboren plans de actuación.

Señorías, é un tema certamente importante, e é un tema sobre o que convén realizar algunha reflexión que seguramente que o presidente do Goberno terá feito. Miren, voulles poñer un caso. —Señor presidente, isto vai con vostede.— No tema do corredor do Cantábrico, fan vostedes unha proposta certamente moi chamativa. Déronse conta agora, claro, cando no presuposto do Estado deste ano non hai nin unha soa peseta para esta obra. Vostedes agora apúranse e presentan unha proposta de resolución, despois de ter rexeitado propostas similares no Parlamento en infinidade de ocasións —hai algunhas semanas unha delas—. Pero voulles dici-lo que din vostedes. Piden a aprobación urxente do estudio informativo da autovía do Cantábrico e a posterior licitación desta vía de alta capacidade, contemplando as conexións cara a Ferrol e o litoral da Mariña luguesa. Todo é o mesmo. Claro, isto vai absolutamente en contra do que ten dito o señor presidente non hai máis dun ano, que di que o enlace ten que se-lo central, Mondoñedo-Vilalba e o de Guitiriz, e que Ferrol enlazaría a través das Pontes —palabras do señor presidente, recollidas polos medios de comunicación, non desmentidas—. Pero din algo máis: “Que se aprobe o estudio informativo”. Claro, o estudio informativo que din vostedes que se aprobe, que é o que se está facendo, que é o que está licitado, ¿saben vostedes que está estudiando única e exclusivamente a opción central, que non está estudiando para nada a opción que vai a Ferrol? Vostedes piden aquí que se aprobe un estudio que non se está realizando, o que se está realizando é o da opción central, e para iso non lle poñen...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, señor deputado.

O señor REGO GONZÁLEZ: ...ningún tipo de data, ningún tipo de financiamento previsible nin nada que se lle pareza. Fan vostedes aquí un brinde ó sol. ¿Saben vostedes para qué? Para tapar outras propostas de resolución que hai aquí, que piden que o enlace desta autoestrada sexa compatible coa súa chega-

da a Ferrol, bordeando todo o litoral comunitario, como fai practicamente, e co acceso central, para a vertebración das comunicacións interiores de Galicia. Iso é o que debería demandar un goberno minimamente responsable que tivese unha visión de país para facer iso compatible co interese xeral desa autoestrada.

E ademais diso, haberá que dicir que iso se faga no horizonte do ano 2000 ou 2002, ou na previsión de vostedes no horizonte do 2006, cando menos. ¿Por que o corredor do Cantábrico ten que empezar por Bilbao, por Santander ou por Asturias? ¿Por que non pode empezar en Galicia? ¿Por que non pode empezar en Ferrol? ¿Por que non pode empezar en Ribadeo? ¿Cal é o problema para que se faga iso? ¿Que problema teñen vostedes para reivindicar esta cuestión? ¿Que é o que os ata a vostedes? Vostedes neste tema...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor REGO GONZÁLEZ: ...—remato, señor presidente—, non sei se querendo ou non, están actuando directamente en contra dos intereses deste país, e isto, certamente, señor presidente da Xunta, é moi grave.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Rego.

Ten a palabra o señor Suárez Canal polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor SUÁREZ CANAL: Gracias, señor presidente.

Nesta rolda de posicionamentos sobre as propostas de resolución dos demais grupos parlamentarios quero empezar dicindo que o noso grupo vai votar afirmativamente todas as do Grupo Mixto, mesmo unha sobre a circunscrición electoral, aceptando por parte do seu grupo que era referida ás eleccións europeas, agás a 40, a 45 e a 46, nas que nos imos abster por cuestións de matiz. Nalgunhas delas porque se reclama do presidente un talante, un inicio de negociacións e de diálogo para reformar o modelo de Estado e chegar a un consenso, etc., e nós pensamos que este é o foro adecuado. Na 46 porque se reclama o cumprimento de propostas de resolución doutros debates

que, efectivamente, evidenciaron que non tiñan contido real, porque o seu incumprimento non levou a ningunha parte, e nos propoñemos outras que, na mesma dirección, establecen compromisos máis determinantes.

Respecto do Partido Socialista, imos votar afirmativamente a maioría, agás algunhas que segregaremos despois, no proceso de votación, por cuestións nalgúns casos de matiz, por cuestións noutros casos de concepto respecto do modelo de Estado e da relación de Galicia dentro dese modelo de Estado, e mesmo pola concreción, nalgúns casos, da aplicación das partidas orzamentarias que se prevén por parte dos orzamentos do Estado.

Despois, na explicación de voto, segregaremos; porque, se non, sería moi prolixo entrar agora na cuestión.

Si me vou demorar un pouco máis nas propostas de resolución do Partido Popular e, sobre todo, na actitude do Partido Popular neste debate.

O presidente da Xunta rematou onte a súa intervención ofrecendo diálogo, consenso e intento de debate á oposición sobre os temas do país. Pois ben, ningunha das propostas do BNG mereceu a consideración do grupo maioritario desta Cámara, ningunha das ofertas de transacción do BNG mereceu a consideración do grupo maioritario desta Cámara, e fíxense que fixemos ofertas de transacción tan simples como garantir que o acordo de Marrocos afecte á flota galega, que se faga referencia a que vai saír beneficiada a flota galega. Pois nin sequera iso, e faise un brinde a Andalucía na proposta do Parlamento galego.

Pero nalgunha outra proposta, fíxense vostedes, na proposta número 10, fixemos unha solicitude para poder votar afirmativamente que o Parlamento inste a Xunta de Galicia para que antes de xullo do ano 2000 presente un plan de internacionalización das peme. Pedimos que o presentara no Parlamento e nin sequera esas dúas palabras se nos aceptaron nesa oferta de transacción.

Faise unha proposta de ampliación da LOXSE e nós temos iniciativas nesa dirección, propoñemos transaccionar, e non hai posibilidade de chegar a nin-

gunha transacción por parte do Grupo do Partido Popular.

Na proposta número 13, na que vostedes din: “O Parlamento insta a Xunta de Galicia a integra-las oficinas liquidadoras de distrito hipotecario no sistema informático de xestión tributaria da Xunta de Galicia”, propuxemos: “...considerando o uso do idioma galego”, simplemente iso, e tampouco tivo cabida no talante de consenso e diálogo que ofreceu o Grupo Popular.

E, ante esta situación, fíxesen vostedes, ¿cal sería a conclusión da oferta do señor Fraga o outro día? Ningunha das ofertas do grupo do Bloque —e estamos falando de cousas ben pequeniñas que pediamos transaccionar— mereceu a consideración do Grupo Popular. Do Grupo Mixto creo que unha ou dúas, e do Grupo Socialista, que son oitenta e tantas, dúas ou tres. Do demais, a laminación do *rodillo*. ¿Esa é a oferta de consenso? ¿Esa é oferta de diálogo? Podemos equivocarnos, pero ofrecémoslle incluso dialogar, transaccionar e chegar a acordos, e non é posible.

Señor Fraga, ou vostede mentiu descaradamente onte desde a tribuna ou o seu grupo hoxe, na negociación destas propostas, nos desautorizou rotundamente, porque non vimos talante de diálogo, non vimos talante de consenso. Temos claro que ao mellor se pode ser moi duro no debate parlamentario, que se pode chegar a argumentacións moi contundentes, pero cando se trata de chegar a acordos puntuais, estamos dispostos a falar diso. E esta é a actitude do BNG, porque, a pesar diso, moitas das propostas do Partido Popular van contar co voto afirmativo do BNG, e outras van contar coa abstención. Trátase en moitos casos de brindes ao sol, cando non, de usar deturpadaamente propostas que no seu día fixo o BNG nesta Cámara. Son brindes ao sol porque se fían a cando haxa necesidades orzamentarias; son brindes ao sol porque, en definitiva, non adoptan compromisos; son brindes ao sol porque, en moitos casos, se trata de plans nos que nin sequera se colle o compromiso de traelos ao Parlamento galego.

Pero non estamos en contra nin sequera de declaracións de intencións que poidan servir ou ser boas para o país, e por iso en moitas delas imos votar afir-

mativamente. Ese é o talante diferente da oposición e do grupo maioritario. Fronte á rotundidade da maioría absoluta, fronte á utilización perversa desa maioría, nós estamos por construír país, e cando se trata de chegar a acordos, alén do debate e da dureza que poida haber no debate, sentámonos a falar, sentámonos a negociar, a discutir, e ofrecemos propostas de transacción, pero atopámonos co muro da intolerancia.

Esa é a actitude que vostedes practicaron e que non fai máis que confirmar a intervención, punto por punto, do portavoz onte e a nosa intervención hoxe, que, por certo, non a entendeu, señor Casares. Estamos nun debate do estado da Autonomía no que as propostas de resolución hai que fundamentais, e o meu fundamento, o fundamento das propostas de resolución do Bloque, partiu do debate de onte. Vostede enmarcou no debate e despois non entrou unha por unha, agrupou por bloques a súa defensa. Pero xa supoñemos que vostedes as leron, por iso non lle fixen relación detallada de cada unha delas. Diso é do que vostedes non se dan conta.

En definitiva, a pesar de que moitas destas propostas son, nalgúns casos, como xa se dixo aquí, brindes ao sol, carecen de contido real, pero son declaracións de intencións, e nalgúns casos declaracións concretas que estamos dispostos a apoiar. Nós saímos deste debate coa confirmación de que aquí hai un proxecto que realmente se esgota, de que aquí hai unha proposta política que non ten os pés no país. Non é posible, señores do Partido Popular, que nos equivoquemos todos estes señores deste lado en todo, non é posible. Así como nós temos claro que vostedes, aínda que sexa con declaracións de intencións, non se equivocan en todo e imos votar afirmativamente, vostedes utilizan de forma perversa a maioría absoluta. E en declaracións tan simples como as que lles propuxemos de transacción negáronse a facelo.

Vou facer un pequeno comentario sobre as súas propostas de resolución, porque despois, na segregación, agás que o Partido Popular, aínda nun arrebatado de sensatez cambie de posición ao subir a esta tribuna e poidamos ao mellor nós modificar tamén o comportamento de voto nalgún sentido nalgunha das propostas, insisto, a maioría imos votalas afirmativamente; en moitas delas absterémonos, porque ademais non nos permitiron transaccionar minimeces para poder

votalas afirmativamente; e nalgunhas tamén votaremos en contra.

Imaxinen vostedes un médico que soubera que un enfermo ten un tumor que é operable, que é extirpable, e que ese enfermo vai ter longa vida se se actúa contra ese tumor. Moitas das propostas dos grupos da oposición eran esa terapia para un tumor que existe no noso país de non tratar a política e de non poñer en valor os nosos recursos naturais, as nosas e as dos demais grupos da oposición, que por iso as imos votar afirmativamente. E vostedes, ante ese tumor, o que ofrecen, en vez de tratalo en condicións, son panos quentes, son analxésicos para mitigar a dolor. Esas son as súas propostas de resolución, e, aínda así, van ter o voto afirmativo en moitos casos do Bloque Nacionalista Galego.

Señor Fraga, señor presidente, o debate deixou ao descuberto claramente cal é o seu talante. Cando se sae na televisión e cando se dan roldas de prensa é bonito falar de consenso, falar de diálogo e falar de que todos estamos facendo país. Cando se trata de chegar a compromisos concretos aparece o Fraga autoritario, aparece o Fraga que ten unha concepción perversa do poder, ou o seu grupo parlamentario, porque aquí xa non sabemos se isto é "*lo que diga don Manuel*" ou realmente é que xa están tan interiorizados no seu grupo eses talantes que non fai falta que o diga don Manuel.

O que é certo é que eu, desde logo, hoxe cheguei a unha profunda convicción: con vostedes é...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SUÁREZ CANAL: ...unha causa perdida, non hai maneira, porque se en cousas tan nimias e elementais como as que lles propuxemos no debate se negan, indica claramente que o único que lles importa é o que dixemos onte e o que dixemos hoxe: seguir tendo o poder aínda que sexa a custa do país.

Máis nada e moitas gracias.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Suárez Canal.

Ten a palabra o señor Casares González polo Grupo Parlamentario Popular.

O señor CASARES GONZÁLEZ: Señor presidente, señoras e señores deputados, a verdade é que nunca sabe un cómo acertar. Unha das cualidades que vimos expresadas nos portavoces da oposición sobre as propostas de resolución é se son moitas ou son poucas. Lembro que o ano pasado, que ademais tiveron ocasión de participar por primeira vez neste debate, que é un debate francamente especial para todos nós, presentabamos —creo, se non me falla a memoria— 13 propostas de resolución, e a oposición dicía que eran poucas, coma se que foran 13 ou 200 tivera relevancia esencial para o debate.

Neste caso, que presentamos 31, pois son demasiadas e a oposición mándalles un recado ás señoras e ós señores do Goberno no que lles di: Fíxense nestes señores e señoras do Grupo Parlamentario Popular, que lles plantexan moitas cuestións. O que estamos a facer e o realmente importante non é a cantidade das propostas. Nin no caso da maioría nin, por suposto, no caso da oposición verían cómo nós falamos desa cuestión numérica.

O importante é se o final ó lexislador é capaz de subliñar aquelas cuestións que, por mor da oportunidade, da incidencia social, do tempo que vivimos ou incluso da propia receptividade do Goberno, están na mesa. E foron 30 no papel e serán centos delas, porque existe un goberno receptivo. Pero, por non falar de interioridades, lémbrolles, señoras e señores deputados, que onte o presidente do Goberno, entre outras cousas dixo que estaba niso, que quería seguir e que quería seguir traballando a fondo. Esas propostas de resolución son unha das primeiras respostas que o presidente do Goberno ten do seu grupo parlamentario a esa invitación que el nos fai e que nós agradecemos. Ó final, señor presidente, seguiremos ano a ano ata que ó final alguén glose dun xeito simpático isto de se son moitas ou poucas. Non chegará este discurso, por suposto, a ser tan importante como aquel de "pasou o que pasou". Non chegaremos a aseguralo co de que son moitas ou son poucas.

Señor presidente, penso que é importante adicar certo tempo a citar algunhas cuestións nas que o Grupo Parlamentario Popular ou ben chegou á tran-

sacción con grupos da oposición ou ben aproba esas propostas. No caso do Partido Socialista, hai acordo na 52, como eles dixeron, e hai unha transacción —da que a Mesa penso que ten conta, se non, despois, xa lla daremos— da 32 do Grupo Socialista coa 8 do Grupo Parlamentario Popular e da 57 coa 22 nosa.

Tamén no caso do Grupo Mixto, como o seu voceiro reflectiu, aprobarase a 4 e a 43, despois de seren sometidas a algunhas modificacións de menor importancia. O caso é que a maioría parlamentaria considera que está de acordo con eses plantexamentos, e entón vótaos favorablemente.

Pero, señoras e señores deputados, ó final deste debate ocorreu algo francamente singular que foi que, a xuízo da maioría, alguén non soubo estar no seu papel, alguén quixo suplantar a alguén nunha louca, louquísima, carreira polo poder, e alguén dixo: Polo menos por trinta minutos eu son o que mando; os que represento son os que mandan. O de onte non valía. E ademais adornou esa intervención cunha absoluta e desprezable invitación á discrepancia, a poñerse en fronte, a vituperar e non ó que eles mesmos pretenden chamar verbas duras. As verbas duras, igual que as verbas que se pronuncian fóra de tempo, que son verbas que ó final definen a intolerancia, son verbas que non invitan ó diálogo.

Cando un presidente dun goberno dun país, coa solemnidade de facelo na Cámara de representación, fai unha clara e concreta invitación ó diálogo, a resposta do que aspira a te-la máxima representación do país é estar a esa mesma altura, e se non se pode estar á mesma altura persoal —que a min non me importa, porque, desgraciadamente, ás veces non podemos estar á altura de persoas singulares, como é o caso do presidente do Goberno de Galicia—, polo menos esteamos á mesma altura política, porque un iletrado coma min pode estar á altura política de calquera das súas señorías, aínda que non está á altura persoal da maioría de vostedes. E iso é unha ensinanza que se aprende na rúa, non é necesario aprendela nin meterse tres, catro ou cinco anos a revolver caixóns en non se sabe qué edificios. Ese é o gran mérito: revolver caixóns como un rato calquera. ¡Oia!, ¿e a xente que?, ¿e a rúa que?, ¿e os que temos problemas que? Cando un presidente dun goberno plantexa consenso, hai que estar a esa altura. E, señoras e señores deputados, un-

ha parte da oposición parlamentaria —e non é ningún agasallo— estivo a esa altura. E agora ben, estivo a esa altura pero nós discrepamos en boa parte do que plantexaban. Iso si é unha verdadeira discrepancia.

Señor presidente, ademais destas cuestións, que son cuestións evidentes e de fondo, e que impiden calquera camiño, e ademais indican de quen é a responsabilidade, evidentemente, nas propostas de resolución que xa están na labouira do Goberno, que están nos programas de goberno, é absolutamente lexítimo que a maioría diga: Eu non lle voto iso porque o estamos a facer nós e queremos facelo nós pola propia responsabilidade que temos diante do electorado, acertaremos ou nos equivocaremos, ese é o xuízo electoral, pero queremos facer.

Por exemplo, en materia de pesca, a pesar dese importante acordo ó que logo me referirei, señor presidente, co Grupo Socialista, o propio Grupo Socialista pois plantexaba que houbera unha prohibición das redes de deriva na Unión Europea. ¡Pero se xa están prohibidas! Existe unha moratoria... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Insisto en que as roldas de palabra convén usalas cando a un lle toca, porque —insisto— iso define a persoas intransixentes.

Ó final, non podemos coincidir niso, e niso coincidirá a súa señoría. Pode haber, hai, unha vontade de axuda e de colaboración do Grupo Socialista nesa materia. Sempre nos atopará niso, pero plantexen as cuestións dun xeito que as poidamos aprobar. Polo tanto, non existe aí unha discrepancia de fondo. Ou na petición —por certo, non sei por qué me veu á cabeza neste momento— do ferrocarril Marín-Pontevedra. Existe no ferrocarril Marín-Pontevedra un crédito presupostario. Ese tema está abordado e, evidentemente, eu entendo que os grupos da oposición queiran facer un público manifesto sobre a súa posición, pero non convertan iso nun problema de Estado porque a maioría non aprobe algo que é froito da súa xestión.

Señor presidente, como isto, podería dar moitos exemplos, pero evidentemente, o excepcional do que acaba de acontecer nestes últimos minutos fai que teñamos que voltar á cuestión principal.

Dicía hai un momento e facía unha referencia a que non fomos quen —esa é a expresión correcta— de aprobar ningunha proposta de resolución do

Bloque Nacionalista Galego; incluso sen facer absolutamente nada fomos quen de que tivesen unha xuntanza todos para dicir: “Non iamos votar nada do PP, pero agora si imos votar cousas do PP, porque, como non votemos nada do PP, quedamos fóra de xogo”. Esa foi a cuestión que fixo que en seis anos que levo nesta Cámara... (*Interrupcións.*)

O señor PRESIDENTE: Non interrompan, por favor.

O señor CASARES GONZÁLEZ: Señores do Bloque, as verbas nunca feren. Eu estou a pronunciar verbas... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Para ideólogo desta Cámara está a súa señoría, que é un maestro niso.

En calquera caso, señor presidente, ó que non poden vir a esta Cámara é a votar á maioría, que se mantivera na súa posición inicial de invitación ó diálogo, nunha posición fría, polo comportamento das súas señorías, e que incluso pretendan presentarlle a esta Cámara que resulta que os señores do BNG, tan moderados, queren votar algunha das cousas do PP. Mentira, vostedes ían rexeitar tódalas propostas de resolución do Partido Popular. Tiveron unha xuntanza para cambiar ese acordo porque tiñan medo do que a opinión pública, a través dos medios de comunicación, dixeran. E iso non soamente é ilexítimo senón que define... (*Interrupcións.*) Outro exemplo máis de intransixencia, que pretenden quitarme as ideas...

O señor PRESIDENTE: Por favor, deixen que se explique. Co voto manifestan o seu acordo ou desacordo, pero non teñen por que interromper.

O señor CASARES GONZÁLEZ: Agradecido, señor presidente.

En calquera caso, este intento, este cambio sobre a marcha, con reunión de grupo incluída nos corredores desta casa, este cambio de posición para votar algunhas posicións do Partido Popular, indica que a vostedes lles preocupan máis os periódicos que a xente que está na rúa, que lles preocupa máis a opinión vertida que o que lle pasa á miña irmá, a meu cunhado ou ó meu veciño, e iso é malo, e iso é grave. Iso é o que fai que algunhas posicións non sexan acertadas.

Señor presidente, eu son galego, co que iso significa. Eu son libre, como lle dixen unha vez, porque me naceron libre e porque odio e aborrezco os fanatismos e as intransixencias, sobre todo se son orgullosas e por riba se recoñecen orgullosas, coma se os que non estamos nun lado da baralla formos persoas abominables e condenables; con esa tremenda idea de que hai galegos de primeira e galegos de segunda, coa idea de que “ou pensas coma min ou non tes sitio nesta sociedade”. Iso é abominable e condenable. E alguén coma min, modesto cidadán galego, que é libre, quere xuntarse cos que pensan doutra maneira, cos que non vulgan pola cor da pel, cos que non vulgan polas ideas, cos que non din: Vai a por ti porque es novo, vai a por ti porque es muller, vai a por ti porque non vives nas grandes urbes. Ese é o cancro do país. O único cancro que hai no país é a xente que pensa así e a xente que segue ós que pensan así. E eu quero, no nome do meu grupo, dicirlles que non ó medo, que non, con tres letras, ó fanatismo, dicirlles que non ó fracaso e dicirlles que si á ilusión e, con tódolos erros, ó compromiso coas miñas veciñas e cos meus veciños; con eses erros, pero con esa ilusión e compromiso, esa é a verdadeira política, a que facemos para nós, para a nosa xente, deixando falar, deixando pensar e axudando a medrar, a política que Galicia necesita, a política que nós practicamos, dirixidos por ese home que se senta aí, e que o fará, para desgracia do señor Beiras, durante moito tempo.

(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Antes de iniciar a votación, voume permitir darlles unha explicación sobre a forma de votar, que é coma sempre, pero a única diferenza que existe é que, ó aperta-lo botón correspondente, o voto non vai saír reflectido inmediatamente na pantalla, senón que sae reflectido ó final. É dicir, o sentido de voto de cada un dos que pulsaron o botón sairá reflectido cando saia o resultado. Cando deixe de pestanexar calquera dos botóns, o amarelo ou o vermello ou o verde, esa é a posición fixa que teñen; pódese cambiar mentres está funcionando durante os 15 segundos.

(*Pide a palabra o señor Suárez Canal.*)

¿Si, señor Suárez Canal?

O señor SUÁREZ CANAL: Por unha cuestión de orde.

Como solicitamos da súa Presidencia e dos demais grupos a cortesía de que nos concederan dez minutos para unha reunión con anterioridade a este debate, e como foi aludida esa reunión, eu teño que precisar que nesa reunión o que fixemos foi precisamente a avaliación no sentido contrario ao que dixo o portavoz do Partido Popular. E é tan evidente que se...

O señor PRESIDENTE: Perdoe que lle diga que o debate rematou, e o que fixeron vostedes non lles interesa ós demais, ¿non sabe?

(Protestas e murmurios.)

O señor SUÁREZ CANAL: Si, si, espere, un minuto. Sería impensable...

O señor PRESIDENTE: Señor Suárez, non lles interesa ós demais grupos o que fixeron. É unha cuestión privada do seu grupo, nin o Grupo Socialista nin o Mixto... Manifestaron a súa opinión e aí queda.

O señor SUÁREZ CANAL: Dez segundos para unha cuestión de orde, señor presidente, dez segundos, non tardo máis.

Sería impensable que tendo nós unha posición fixada de antemán en sentido contrario ofreceramos propostas de transacción simplísimas que foron negadas, o que nos obrigou, efectivamente, a estudar a posibilidade de responder a ese talante con outra actitude; pero como pensamos no país e temos os pés no país, decidimos manter o criterio que tiñamos previsto...

O señor PRESIDENTE: Imos votar, señor Suárez Canal, non reabra o debate, por favor. Séntese, por favor, que non está no uso da palabra, xa se explicou.

Póñense a votación as emendas, e vou ir enumerando unha por unha para que os distintos grupos poidan pedir se se votan conxuntamente ou por separado. Imos comezar, como é normal, polas presentadas polo Grupo Mixto, despois as do Socialista, despois as do Bloque Nacionalista e despois as do Partido Popular.

Póñense a votación as propostas do Grupo Parlamentario Mixto números 1, 2 e 3. A 4 creo que se solicitou que se votara por separado.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 40; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

Ponse a votación agora a número 4, do Grupo Mixto.

(Pide a palabra o señor Casares González.)

¿Si, señor Casares?

O señor CASARES GONZÁLEZ: Por pura tranquilidade na votación, esta proposta, igual que a seguinte, do Grupo Mixto, tivo unha modificación e non sei se lle consta á Mesa esa modificación, unha pequena modificación. En concreto, señor presidente, por abreviar, onde di: “Tomar iniciativas precisas...”, dirá: “Tomar novas iniciativas...”. *(Pausa.)*

Perdón, señor presidente, esta é a 43. O deputado do Grupo Mixto que as lea mellor, por favor.

O señor PAZOS VARELA: Se me permite, señor presidente, efectivamente, tivo unha lixeira modificación, e quedaría como segue —se quere, de tódalas maneiras, fágolla chegar á Mesa—:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a presentar no Parlamento, para o seu debate e posterior aplicación, un plan de desenvolvemento rural elaborado tendo en conta as competencias dos distintos departamentos gobernamentais.”

Ese sería o texto coa modificación.

O señor PRESIDENTE: Procedemos a votar a emenda tal e como foi lida polo portavoz do Grupo Mixto.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade.

Póñense a votación as propostas do Grupo Mixto números 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28, 29, 30, 31, 32, 33, 34, 35, 36, 37, 38, 39...

O señor SUÁREZ CANAL: Pedimos que se vote a 40, 45 e 46 nun bloque á parte.

O señor PRESIDENTE: ¿Non hai inconveniente por ningún grupo? (*Asentimento.*)

Entón, procedemos a votar ata a 39 incluída, agás as que xa votamos anteriormente.

(*Votación.*) (*Pausa.*)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.

Póñense agora a votación a 40, 45 e 46, do mesmo grupo.

(*Votación.*) (*Pausa.*)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 13; votos en contra, 40; abstencións, 18.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas proposicións.

O señor REGO GONZÁLEZ: Desexaríamos que a número 42 se votase por separado.

O señor PRESIDENTE: Ponse a votación a número 41.

O señor PAZOS VARELA: Por operatividade, xa poderíamos votar por separado a 41, 42 e 43. Por separado cada unha delas.

O señor PRESIDENTE: ¿Acéptase así? (*Asentimento.*)

Ponse a votación a 41.

(*Votación.*) (*Pausa.*)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada.

Ponse a votación a número 42.

O señor SUÁREZ CANAL: Señor presidente, nesta hai que recoller que é para as eleccións ó Parlamento Europeo, aceptado polo grupo propoñente.

O señor PRESIDENTE: Se fai o favor, señor Pazos, lea a proposta.

O señor PAZOS VARELA: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a tomar iniciativas necesarias para conquistar que a circunscripción electoral sexa a Comunidade Autónoma para as eleccións europeas.”

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Ponse a votación a proposta número 42.

(*Votación.*) (*Pausa.*)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 40 ; abstencións, 11.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

(*Pide a palabra o señor Pazos Varela.*)

Ten a palabra o señor Pazos Varela.

O señor PAZOS VARELA: Señor presidente, a proposta 43 tamén sofre unha modificación, que é en-

gadi-la palabra “novas” e retira-la palabra “precisas”, co cal quedaría redactada como segue:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a tomar novas iniciativas a fin de logra-la institucionalización da presenza de Galicia nas distintas delegacións do Estado que negocian os nosos intereses na Unión Europea.”

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Pazos.

Ponse a votación a proposta de resolución número 43, con esa redacción.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, esta proposta queda aprobada por unanimidade.

Ponse a votación a proposta de resolución número 44.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

Pasamos agora a vota-las propostas de resolución do Grupo Parlamentario Socialista.

Propostas números 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20...

O señor SUÁREZ CANAL: Señor presidente, pola nosa parte propoñemos a agregación nun grupo da 22 á 45; se se acepta votar por puntos, o punto 2, 64...

O señor PRESIDENTE: Señor Suárez Canal, mire, se fai vostede esa proposta, outro grupo fai outra... Se imos unha por unha, cando haxa unha na que

teña un voto particular, entón xa mo di. Creo que a 22 xa é a primeira na que hai un.

Póñense a votación as propostas de resolución da 1 á 21 incluídas.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

Ponse a votación a proposta de resolución número 22.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 13 ; votos en contra, 40 ; abstencións, 18.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Póñense a votación as propostas de resolución números 23, 24, 25, 26, 27, 28, 29, 30, 31, 32...

O señor REGO GONZÁLEZ: A 32, señor presidente, por separado, porque hai unha transacción que teñen vostedes.

Póñense a votación da 23 á 31 do Grupo Parlamentario Socialista.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as propostas de resolución.

Ponse a votación a proposta de resolución número 32. Se nos le o texto transaccionado, que non o temos nós.

O señor CASTRO GARCÍA: Señor presidente.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a establecer un marco normativo e institucional que favoreza a cesión do uso das terras agrarias, mesmo modificacións lexislativas na concentración parcelaria, coa finalidade de facilitala súa mobilización para usos productivos daquelas explotacións que o demanden.”

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Castro.

Procedemos a votar, entón, a proposta de resolución número 32, de acordo co texto que acaba de ser lido.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade.

Pasamos ás resolucións números 33, 34, 35, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 42, 43, 44, 45...

O señor SUÁREZ CANAL: Pedimos, se é posible, votar por puntos a 45.

O señor PRESIDENTE: Póñense a votación as propostas de resolución da 33 á 44.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31 ; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.

Ponse a votación o punto primeiro da resolución número 45.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto.

Ponse a votación o punto número 2 da resolución número 45.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 13 ; votos en contra, 40 ; abstencións, 18

O resultado é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto.

Póñense a votación as propostas de resolución números 46, 47, 48, 49, 50, 51, 52, 53, 54...

O señor CASARES GONZÁLEZ: Queremos votar á parte a número 52 do Grupo Socialista...

O señor PRESIDENTE: Póñense a votación, entón, da 46 ata a 51.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas resolucións.

Ponse a votación a proposta número 52 coa nova redacción.

Señor Casares, pódeas ler.

O señor CASARES GONZÁLEZ: “O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a insistir na demanda ó Goberno de España para que nas súas negociacións coa Unión Europea a pesca sexa considerada como un sector estratéxico pola importancia económica, social, cultural e laboral que ten para o conxunto de Galicia.”

O señor PRESIDENTE: Ponse a votación a resolución número 52 con ese novo texto.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade.

Póñense a votación as resolucións números 53, 54, 55, 56...

O señor TRIGO DURÁN: Solicitamos a votación, ata a 56, porque na 57 solicitaremos a votación por separado dos puntos.

O señor PRESIDENTE: Póñense a votación entón, da 53 ata a 56.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.

O señor PRESIDENTE: Ponse a votación a número 57.

¿Señor Casares?

O señor CASARES GONZÁLEZ: Na 57 do Grupo Socialista, segundo o acordo ó que chegamos, manteríase o primeiro parágrafo, suprimiríase o que levaba a letra B; no parágrafo C quedaría: “Impulsala apertura de negociacións con terceiros países que posibiliten as firmas de novos convenios”. A partir de aí suprimiríase o resto da frase. O punto D comezaría con “seguir a” e quedaría: “seguir a demandar da Unión Europea...”.

Repito, señor presidente: mante-lo punto A; suprimi-lo punto B, no punto C “punto” despois de convenios; e despois, no punto D, “seguir a demandar da Unión Europea”. Esta transacciónase, señor presidente, coa proposta de resolución número 22 do Grupo Parlamentario Popular.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Trigo Durán.

O señor TRIGO DURÁN: É para unha aclaración. A proposta número 22 do Grupo Popular engadíase a esta. Entón non é así exactamente o texto. Solicitamos que se nos diga cómo quedan os puntos da proposta do Partido Popular, porque hai unha parte...

O señor PRESIDENTE: ¿A transacción consistiu niso?

O señor CASARES GONZÁLEZ: Señor presidente, pretendíamos trasladar que a proposta número 22 do Grupo Parlamentario Popular mantén os dous puntos que ten e que se transacciona con esta, número 57, nos termos que dixen; polo tanto, habería que agrupar dous parágrafos desta e dous parágrafos da do Grupo Parlamentario Popular. Iso é o que se sometería á votación.

O señor PRESIDENTE: Pero esta, segundo vostede, ten tres parágrafos, o A, o C e o D.

O señor CASARES GONZÁLEZ: Señor presidente, os dous primeiros parágrafos da proposta do Grupo Parlamentario Popular, os dous seguintes parágrafos dos dous últimos parágrafos da proposta socialista coas modificacións que sinalei.

O señor SUÁREZ CANAL: Señor presidente, eu creo que a solución deste problema é que esta non se vote agora, que a do Partido Popular non se vote, e que ao final se vote a transacción punto por punto. É dicir, a 57 vai ser transaccionada. O Partido Popular vai transaccionar unha delas. Entón votemos iso ao final e que se nos aclare o que se vota punto por punto.

O señor CASARES GONZÁLEZ: A min gustaríame que, atendendo á súa petición, votasemos esta proposta de resolución número 57. Así acordamos votala na rolda na que o Grupo Socialista tiña que someter a votación as súas. Polo tanto, estamos a seguir un acordo previo entre o Grupo Socialista e o Grupo Popular, e esa 57 do Grupo Socialista quedaría: parágrafo A, o que leva a letra A da 22 do Grupo Parlamentario Popular; parágrafo B, o que leva a letra B da proposta número 22 do Grupo Parlamentario Popular; parágrafo C, o que leva a letra C da resolu-

ción número 57 do Grupo dos Socialistas de Galicia, tendo en conta que despois da verba “convenios” aparece punto e final e que se suprime o resto da frase; letra D, que é a letra D da resolución número 57 do Grupo dos Socialistas, coa modificación que se lle engade ó comezo do parágrafo, “seguir a demandar”, etc.

O señor PRESIDENTE: Aclarado. Entón, imos votar. Solicítase que se vote por puntos ¿non? Despois, a proposta número 22 enténdese retirada porque xa foi votada.

O señor TRIGO DURÁN: Pódese votar o punto A por separado, e os outros tres xuntos.

O señor PRESIDENTE: Ben, é igual. O primeiro é o A da número 22 do Grupo Parlamentario Popular. Para que o asunto quede máis clarexado, imos ler esas propostas de resolución.

A letra A di o seguinte: “O obxectivo fundamental da negociación debe se-lo mantemento da presenza máxima posible da flota comunitaria en augas de Marrocos, así como da proporción actual de traballadores comunitarios a bordo”.

O señor PRESIDENTE: Ponse a votación a letra A.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 51; abstencións, 20.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este punto da proposta de resolución.

A letra B desa proposta di o seguinte: “Para o caso previsible de que esas negociacións se alonguen máis aló do 30 de novembro, haberá que habilita-la dotación presupostaria oportuna para indemnizar os traballadores e empresas a partir desa precisa data e polo período que vexan paralizada a súa actividade pola duración das negociacións”.

O señor PRESIDENTE: Ponse a votación a letra B.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada.

Ponse a votación a letra C, que di: “Impulsa-la apertura de negociacións con terceiros países que posibiliten a firma de novos convenios”.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta letra por unanimidade.

Ponse a votación a letra D, que di: “Seguir a demandar da Unión Europea a realización de campañas de investigación e experimentación coa finalidade de descubrir novas especies de interese e novos caladoiros para a súa explotación”.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade.

Hai un deputado que está fóra e solicita, se non ten inconveniente o Pleno da Cámara, entrar para poder efectua-lo seu dereito de votación. Se non hai ninguén que se opoña, como a Cámara é soberana para decidirlo, entón eu permítolle que entre. *(Asentimento.)*

Póñense a votación as propostas de resolución do Grupo Parlamentario Socialista números 58, 59, 60, 61, 62 e 63.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.

Póñense a votación as propostas números 64, 65 e 66.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 13; votos en contra, 41; abstencións, 17.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas resolucións.

Póñense a votación as resolucións números 67, 68, 69, 70, 71, 72, 73, 74, 75, 76, 77 e 78.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas.

Ponse a votación a resolución número 79.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 13; votos en contra, 41; abstencións, 16.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada.

Póñense a votación as propostas números 80, 81, 82 e 83.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.

Ponse a votación, a proposta número 84.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 13; votos en contra, 41; abstencións, 18.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta resolución.

Ponse a votación a proposta de resolución número 85.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación deu o seguinte resultado: votos a favor, 31 ; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Ponse a votación a proposta de resolución número 86.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 12; votos en contra, 41; abstencións, 18.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposta.

Procedemos a vota-las propostas de resolución do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(Pide a palabra o señor Rego González.)

O señor REGO GONZÁLEZ: Gustaríanos que se votasen as números 2 e 3 por separado, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Ponse a votación a proposta de resolución número 1.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 41; abstencións, 1

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

¿As números 2 e 3 pódense votar conxuntamente?

(Pide a palabra o señor Pazos Varela.)

Ten a palabra o señor Pazos Varela.

O señor PAZOS VARELA: Solicitamos que a 2 e a 3 se voten por separado.

O señor PRESIDENTE: Ponse a votación a proposta de resolución número 2.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación deu o seguinte resultado: votos a favor, 21; votos en contra, 41; abstencións, 10

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

Ponse a votación a proposta de resolución número 3.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 41; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Póñense a votación as propostas de resolucións número 4, 5, 6...

O señor REGO GONZÁLEZ: Gustaríanos que se votasen por separado a 7 e a 8.

O señor PRESIDENTE: Póñense a votación as propostas de resolución 4, 5 e 6.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 21; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas esas propostas de resolución.

Póñense a votación as propostas de resolución números 7 e 8.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 41; abstencións, 11.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas esas propostas.

Póñense a votación as propostas números 9, 10, 11, 12, 13...

Ten a palabra o señor Rego González.

O señor REGO GONZÁLEZ: Gustaríanos que se votasen por separado, de tódalas que faltan, señor presidente, a 14 e a 19.

O señor PRESIDENTE: Póñense a votación a 9, 10, 11, 12, 13, 15, 16, 17 e 18.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as propostas de resolución.

Póñense a votación as propostas de resolución números 14 e 19.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 40; abstencións, 11.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas esas propostas.

Póñense a votación as propostas de resolución números 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28, 29, 30...

(Pide a palabra o señor Trigo Durán.)

¿Señor Trigo?

O señor TRIGO DURÁN: Señor presidente, solicitamos que a 31, que é sobre a consecución dun acordo pesqueiro con Marrocos, coa presenza da flota galega en augas baixo xurisdicción marroquí, mantendo o mesmo número de buques que faenan na actualidade, a mesma proporcionalidade de tripulantes galegos e a titularidade galega das empresas, se vote por separado.

O señor PRESIDENTE: Póñense a votación as propostas que van da 22 ata a 30 inclusive.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.

Ponse a votación a proposta de resolución número 31.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Póñense a votación as propostas de resolución números 32, 33, 34, 35, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 49, 50, 51...

(Pide a palabra o señor Suárez Canal.)

¿Señor Suárez Canal?

O señor SUÁREZ CANAL: Señor presidente, temos especial interese en votar por separado a 52, que fai referencia ás cotas lácteas e ao reparto da cota; entre outras cousas, porque hai algunha institución galega que xa se pronunciou por unanimidade a favor dela, exactamente no teor literal.

O señor PRESIDENTE: Póñense a votación as propostas de resolución ata a 51 inclusive.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas esas propostas de resolución.

Ponse a votación a proposta de resolución número 52.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Póñense a votación as propostas de resolución números 53, 54, 55, 56, 57 e 58.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 29; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.

Pasamos agora a vota-las propostas de resolución do Grupo Parlamentario Popular.

Ponse a votación a proposta de resolución número 1.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 51; votos en contra, 1; abstencións, 20.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

(Pide a palabra o señor Pazos Varela.)

O señor PRESIDENTE: ¿Señor Pazos?

O señor PAZOS VARELA: Si, señor presidente, solicitámo-la votación en conxunto da 2 e 3.

O señor PRESIDENTE: ¿Non hai ninguén que se opoña?

O señor REGO GONZÁLEZ: Gustaríanos que a número 3 fose por separado, se é posible.

O señor PRESIDENTE: Ponse a votación a proposta de resolución número 2.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 69; abstencións, 2.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

Ponse a votación a proposta de resolución número 3.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 59 ; abstencións, 13

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

Ten a palabra o señor Rego González.

O señor REGO GONZÁLEZ: A número 4, señor presidente, gustaríanos que se votase por separado.

O señor PRESIDENTE: Ponse a votación a proposta de resolución número 4.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 59; votos en contra, 13.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

Ponse a votación a proposta de resolución número 5.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 53; abstencións, 18.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada.

Ponse a votación a proposta de resolución número 6.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade.

Ponse a votación a proposta de resolución número 7.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 60; abstencións, 12.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

Ponse a votación a proposta de resolución número 8. *(Pausa.)* ¿Está transaccionada? Entón, xa está aprobada.

O señor CASARES GONZÁLEZ: Transaccioneuse, señor presidente, coa número 32 do Grupo dos Socialistas.

O señor PRESIDENTE: Ponse a votación a proposta de resolución número 9.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 42; abstencións, 30.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a proposta de resolución.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O voto a favor do señor Méndez era abstención.

Polo tanto, serán a favor, 41; abstencións, 31.

Ponse a votación a proposta de resolución número 10. *(Pausa.)* Votaremos á man alzada.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 52; abstencións, 20.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a proposta de resolución.

Ponse a votación a proposta de resolución número 11.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 13.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a proposta de resolución.

Ponse a votación a proposta de resolución número 12.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 18; abstencións, 13.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

Ponse a votación a proposta de resolución número 13.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 59; abstencións, 13

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a proposta de resolución.

Ponse a votación a proposta de resolución número 14.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; abstencións, 31.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a proposta de resolución.

Ponse a votación a proposta de resolución número 15.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 59; abstencións, 13.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

Ponse a votación a proposta de resolución número 16.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade.

Ponse a votación a proposta de resolución número 17.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 59; abstencións, 13.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a proposta de resolución.

Ponse a votación a proposta de resolución número 18.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade.

Ponse a votación a proposta de resolución número 19.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70; abstencións, 2.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada.

Ponse a votación a proposta número 20.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; abstencións, 31.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a proposta de resolución.

Ponse a votación a proposta de resolución número 21.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70; abstencións, 2.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

A proposta de resolución número 22 xa foi transaccionada.

Ponse a votación a proposta de resolución número 23.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; abstencións, 31.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a proposta de resolución.

Ponse a votación a proposta de resolución número 24.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 18; abstencións, 13.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a proposta de resolución.

Ponse a votación a proposta de resolución número 25.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade.

Ponse a votación a proposta de resolución número 26.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 59; abstencións, 13.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

Ponse a votación a proposta de resolución número 27.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade.

Ponse a votación a proposta de resolución número 28.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70; abstencións, 2.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

Ponse a votación a proposta de resolución número 29.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70; abstencións, 2.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

Ponse a votación a proposta de resolución número 30.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 54; abstencións, 18.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

Ponse a votación a proposta de resolución número 32.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; abstencións, 31.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

(Pide a palabra o señor Pérez Touriño.)

O señor PRESIDENTE: Señor Touriño, ¿para que pide a palabra?

O señor PÉREZ TOURIÑO: Para explicación de voto.

O señor PRESIDENTE: Vostede sabe que a rolda de explicación de voto non procede cando se interveu no debate, soamente cando se altera o sentido do voto.

O señor PÉREZ TOURIÑO: Pero no noso caso é evidente que alterámo-lo sentido da votación.

O señor PRESIDENTE: Se houbo algunha manifestación e alteración, e tendo en conta que este debate é un debate especial, pois concederíámoslle unha rolda especial de tres minutos para a súa explicación de voto, que se fai extensiva a tódolos grupos que queiran explica-lo voto. Empezamos polo Grupo Mixto, porque houbo moitas variacións.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Gracias, señor presidente.

Señorías, explicaremos brevemente o sentido do noso voto e as conclusións que sacamos del.

Primeira cuestión que pode plantexarse ou debe extraerse da votación nesta Cámara:

Primeiro, onte, no debate político, a oposición demostrou un alto grao de acordo político no diagnóstico da situación de Galicia. Tamén mostrou un amplo consenso, ou acordo político, sobre a acción do Goberno. O que pasou hoxe é un paso máis, pois nas votacións produciuse tamén un alto nivel de acordo político da oposición parlamentaria. Non digo uniformidade nin unanimidade, pero si un amplo grao de acordo.

Polo tanto, nesta votación —e eu celebro iso—, durante o conxunto do debate, produciuse un acordo básico no diagnóstico da situación, un acordo básico no diagnóstico da acción do Goberno, un acordo razoable e amplo sobre as propostas alternativas; e ademais todos mostrámo-la vontade política de impulsalas para unha alternativa política.

É dicir, diagnóstico, consenso nas propostas e vontade política de aplicalas constitúen as bases indispensables para unha alternativa política que está en marcha, primeira conclusión do voto nesta Cámara; aínda

que ó señor Pita, parece que non lle gusta. (*Pronúnciase palabras que non se perciben.*) Dálle igual.

Segundo, señor Casares, co respecto que sabe que lle teño, sen fanatismos —e sabe que lle fala un demócrata irreprochable—, o que pasou aquí coa súa actitude, coa actitude do Grupo Popular, señor Casares, por moito que vostede o queira xustificar —e ás veces faino brillantemente— non é de recibo desde o punto de vista do diálogo.

Presentamos 190 propostas de resolución os tres grupos da oposición, 46, 86 e 58. ¡Aprobaron 5, señor Casares! E iso facéndolles algunhas modificacións. Se a iso engadímo-lo que vén sucedendo habitualmente nesta Cámara, que é non só rechazar mecánica, dogmáticamente e sectariamente calquera proposta da oposición, senón mesmo nega-la posibilidade do acordo, coincidirá comigo, sen fanatismos e desde unha postura inequivocamente democrática, en que o chamamento ó diálogo, feito por mor de que se recoñece, como onte dixen, como un valor democrático ben recibido pola xente, é pura retórica, é tongo, é engano á opinión pública e fraude, señor Casares, sen ningún fanatismo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Si, remato, só 30 segundos.

Pola contra, nós, como outros grupos da oposición, pero nós en concreto, votamos oito propostas do Partido Popular, porque nós, a diferenza de vostedes, cando parece que unha cousa é evidente pois hai que votala a favor, aínda que vostedes non cumpren normalmente as propostas que se aproban nesta Cámara, nin as que vostedes votan. Abstivémonos nalgunha ocasión, porque, non coincidindo ou parecéndonos que son propostas absolutamente baleiras, impropias dun grupo gobernante —non da oposición, non son un estímulo da oposición, vostedes son o grupo político dominante, gobernante—, son absolutamente propagandísticas. Aínda así, como non son negativas en si mesmas, son baleiras...

O señor PRESIDENTE: Remate, señor Guerreiro.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: ...non quixemos obstruílas, e só en tres ocasións votamos en contra. ¡Fíxese vostede se hai diferente actitude!

Polo tanto, é evidente que hai acordo no diagnóstico e nas propostas políticas desde a oposición, e, ademais, hai unha actitude aberta, o cal demostra que está en marcha unha alternativa, e unha alternativa que, se chega ó Goberno, como chegará, ten moita máis capacidade de diálogo e consenso que o Grupo Popular que está...

O señor PRESIDENTE: Señor Guerreiro, grazas.

Ten a palabra o señor Pérez Touriño.

O señor PÉREZ TOURIÑO: Señor presidente, señorías, con brevidade —e vou tratar de non pasarme dos tres minutos— expoñerei catro cuestións que literalmente vou ler, que sacamos como conclusión deste debate.

A primeira é que dicíamos onte que as eleccións municipais quebraron o modelo político, a forma de facer política, do Partido Popular. O que pasou neste debate confirma ese diagnóstico e confirma esa valoración política. Vostedes ignoran, como dicíamos onte, o valor do consenso e negan a lexitimidade da oposición. Traballan politicamente cunha desconfianza permanente respecto da oposición, cunha incapacidade plena de chegar ó consenso e de defende-lo que é diálogo en política; o cal coloca politicamente o seu grupo e o seu partido político nunha situación para vostedes preocupante, indubidablemente, de soidade e illamento político, en Galicia e, por certo, tamén en boa medida en España.

En definitiva, levan adiante unha política de fronte contra fronte, que divide o país e divide o Parlamento; unha política de enfrontamento de vostedes contra tódolos demais. É algo realmente inexplicable desde a perspectiva do ben xeral e do interese xeral.

Nós fixemos un esforzo extraordinario de cómo entendémo-la política, un esforzo de responsabilidade, de xenerosidade, para que exista un Parlamento normal, normalizado, un Parlamento propio dun país democrático, dun país con futuro, que mostrara a ca-

pacidade de consenso, de busca-la unidade de acción nos grandes temas. Por riba de diferencias, aínda que substantivas no enfoque do problema da pesca con Marrocos, estivemos dispostos a facer un esforzo ata o final para que nun tema de política exterior, nun tema fundamental para os intereses dos galegos, poida o Goberno de Galicia e poida o Goberno de España ter detrás o apoio completo, se fose posible, desta Cámara. Ese foi o noso intento.

Nun tema nuclear para a vida interna do país, como é a transformación da agricultura, no punto clave que é a mobilización da terra, tamén creo que soubemos estar á altura das circunstancias e apostar por buscar ese consenso, que debe existir necesariamente nos temas básicos e definitorios fundamentais ante circunstancias nas cales hai que xuntar vontades; e vostedes, claramente, están noutra liña, noutra forma de facer política.

Por último, o debate creo que plantexou con claridade, en conclusión, que non hai proxecto de país na dereita, que vostedes nos levan nun camiño lento, cansino, que non nos fai posible mover e alcanza-los obxectivos e as metas mobilizadoras que o país necesita.

En terceiro lugar, neste debate tratamos de propoñer unha meta clara e precisa: que nunha década recuperémo-lo tempo perdido e que, desde a nosa propia identidade, busquemos e traballemos pola homologación política, social e económica, como un país europeo e progresista. É un gran obxectivo, unha meta ambiciosa, hai que conseguila... Para iso —remato— creo tamén que hai moitos cidadáns galegos que pensan que a renovación en Galicia de verdade pasa pola renovación de Manuel Fraga. Pódolles asegurar que esa tarefa non a vai levar a cabo José María Aznar, non se confunda ningún, esta é a tarefa da oposición, a de derrotar politicamente nas urnas a Fraga e abrir novos camiños para a Galicia da Europa do século XXI, cara á modernidade e ó progreso. E á cabeza desa tarefa, traballando arreo, estamos os socialistas desde sempre, e seguiremos estando.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Touriño.

Ten a palabra o señor Beiras Torrado.

O señor BEIRAS TORRADO: Só por unha cuestión de orde. O Grupo do BNG fixou taxativamente, explicitamente, dunha maneira perfectamente intelixible, a súa posición de voto. Polo tanto, conforme ao Regulamento, non lle corresponde intervir nunha rolda de explicación de voto, foi fixado previamente; polo tanto, non vou facer uso da palabra.

Só houbo, iso si, alusións a este grupo, con xuízos de intención, interpretacións estrañísimas, absolutamente alleas ao debate e feitas por un portavoz ocasional do Grupo Popular que poderían dar lugar a unha intervención por alusións. Pero tanto para o Grupo do BNG como para o seu portavoz as alusións, para sentirse ou darse por aludido, requiren que quen as faga teña un mínimo nivel de ética parlamentaria, que non se dá neste caso; polo tanto tampouco vou intervir por ese motivo.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias.

Ten a palabra o Grupo Parlamentario Popular, se quere intervir.

O señor PITA VARELA: Si, señor presidente, moitas gracias.

Simplemente para que quede constancia de que agora mesmo se fixo unha corrección ó propio portavoz que falou hai un pouco, que interveu con anterioridade.

En primeiro lugar... *(Interrupcións.)* Señor presidente, señor presidente...

O señor PRESIDENTE: Señor Beiras, que eu saiba, quen dirixe os debates aquí son eu. *(O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.)* O que debería facer eu aquí ben o sei.

O señor PITA VARELA: Señor presidente, aquí fixéronse repetidamente alusións ó Grupo Parlamentario Popular, hai repetidamente interpelacións... *(Protestas.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Pita, por favor, aténase á explicación de voto...

O señor PITA VARELA: Señor presidente, coma sempre, a tolerancia manifesta do Grupo do Bloque Nacionalista Galego... Nunha ocasión máis, está manifestando o sistema democrático algún dos voceiros permanentes que ten o Bloque Nacionalista nesta Cámara.

Ben, señor presidente, quero manifestar aquí que, que nós coñezamos, a única fronte que hai aquí en Galicia son aqueles que, xuntándose, se opoñen a que quen obtivo o apoio da maioría do pobo galego en moitos lugares e en moitos concellos non poida exercerla. Pero quero dicirle tamén, como aquí se falou da soidade que ten o Grupo Parlamentario Popular e o Goberno, que nós nos sentimos moi satisfeitos na nosa soidade na compañía da maioría do pobo galego.

Cando aquí se fala do que se está a falar, e cando se fan as críticas dun posicionamento que exercemos na nosa liberdade, de poder manifestarnos con plena liberdade, é lamentable que a intolerancia dalgúns trate de impedir que nós exerzámo-lo noso dereito.

Señor presidente, máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias.

Levántase a sesión.

(O señor Suárez Canal pide a palabra.)

Non hai máis debate, señor Suárez Canal.

O señor SUÁREZ CANAL: Para unha cuestión de orde.

Eu pediríalle ao presidente do Parlamento que, por favor, consiga que o portavoz do Goberno fale e non pite.

O señor PRESIDENTE: É un chiste que non creo que mereza a pena que conste no *Diario de Sesións*.

Levántase a sesión.

Eran as dez e dez minutos da noite.

RELACIÓN DE DEPUTADOS E DEPUTADAS PROCLAMADOS ELECTOS POR CADA
CIRCUNSCRIPCIÓN

PROVINCIA DA CORUÑA

A. Polo Partido Popular:

- 1.- Manuel Fraga Iribarne
- 2.- José María Hernández Cochón
- 3.- José Antonio Orza Fernández
- 4.- Gerardo Conde Roa
- 5.- Juan Manuel Juncal Rodríguez
- 6.- Manuel Ruíz Rivas
- 7.- Jaime Pita Varela
- 8.- José Manuel Vila Pérez
- 9.- María Elisa Madarro González
- 10.- Jesús María Fernández Rosende
- 11.- Manuel López Outeiral
- 12.- María Marta Álvarez Montes
- 13.- María Begoña Freire Vázquez

B. Polo Bloque Nacionalista Galego

- 1.- Xosé Manuel Beiras Torrado
- 2.- María Pilar García Negro
- 3.- Xosé Henrique Tello León
- 4.- Xesús Vega Buxán
- 5.- Xosé Díaz Díaz
- 6.- Domingos Merino Mejuto

C. Pola coalición electoral PSdeG-PSOE/EG/OS VERDES:

- 1.- Miguel Cortizo Nieto
- 2.- Anxo Guerreiro Carreiras
- 3.- Emilio Pérez Touriño
- 4.- José Luis Méndez Romeu
- 5.- Soneira Tajés, María Soledad

PROVINCIA DE LUGO

A. Polo Partido Popular:

- 1.- Manuela López Besteiro
- 2.- Mauro Varela Pérez
- 3.- José María García Leira
- 4.- Celso Currás Fernández
- 5.- José Manuel Barreiro Fernández
- 6.- María Jesús Tapia Fernández
- 7.- Ascensión Yeguas Sánchez
- 8.- Sergio López García
- 9.- Manuel Mendoza López

B. Polo Bloque Nacionalista Galego:

- 1.- Alberte Xullo Rodríguez Feixóo
- 2.- Emilio López Pérez
- 3.- Eduardo Gutiérrez Fernández

C. Pola coalición electoral PSdeG-PSOE/EG/OS VERDES:

- 1.- Isabel Salazar Bello
 - 2.- Francisco Sineiro García
 - 3.- Ismael Rego González
-

PROVINCIA DE OURENSE

A. Polo Partido Popular:

- 1.- Castor Gago Álvarez
- 2.- Daniel Barata Quintas
- 3.- Miguel Santalices Vieira
- 4.- María Dolores Rodríguez Seijas
- 5.- Manuel López Casas
- 6.- Roberto Castro García
- 7.- Joaquín Muñoz González
- 8.- Gregorio Rodríguez Fernández

B. Polo Bloque Nacionalista Galego:

- 1.- Alfredo Suárez Canal
- 2.- Xosé Henrique Rodríguez Peña
- 3.- Xosé Francisco Ferreiro Abelleira

C. Pola coalición electoral PSdeG-PSOE/EG/OS VERDES:

- 1.- Manuel Veiga Pombo
- 2.- Xabier Casares Mouriño
- 3.- María Antonia Álvarez Yáñez

PROVINCIA DE PONTEVEDRA

A. Polo Partido Popular:

- 1.- José Cuiña Crespo
- 2.- Alberto Durán Núñez
- 3.- Miguel Domínguez Vaz
- 4.- Jesús Palmou Lorenzo
- 5.- Jesús Pérez Varela
- 6.- Juan Pedrosa Vicente
- 7.- Juan Manuel Casares González
- 8.- Justo José González Ballesta
- 9.- Ramón Cortegoso Fernández
- 10.- María del Carmen García Campelo
- 11.- Carlos Rodríguez Pablos
- 12.- María Fernanda Blanco Fernández

B. Polo Bloque Nacionalista Galego:

- 1.- Bautista Álvarez Domínguez
- 2.- Francisco Trigo Durán
- 3.- María Olaia Fernández Davila
- 4.- María Salomé Álvarez Blanco
- 5.- Bieito Lobeira Domínguez
- 6.- Rosa Darriba Calviño

C. Pola coalición electoral PSdeG-PSOE/EG/OS VERDES:

- 1.- Abel Caballero Álvarez
 - 2.- María Dolores Villarino Santiago
 - 3.- Xosé Manuel Pazos Varela
 - 4.- Antón Louro Goyanes
-



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.

Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 56 16 00

Impresión e distribución: La Voz de Galicia, S.A.

Concepción Arenal, 11-13. 15006. A Coruña.

Dep. Leg. C-255-1982. ISSN 1133-2735